

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12**

### **SESION ORDINARIA 29 DE XULLO DE 2014**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, M<sup>a</sup> Olga (toma posesión)  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velooso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luis  
Araújo Pereira, Marcos.  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTEN**

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)  
Egerique Mosquera, Teresa (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de xullo do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da

Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello número 12, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, orde do día en poder das señoras e señores concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública, iniciamos coa orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(106).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA (MAIO) DO 2.06 E EXTRAORDINARIA DO 13.06.2014).**

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria (maio) do 2 de xuño e extraordinaria do 13 de xuño de 2014.

#### **1.1(107).- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, D<sup>a</sup> MARÍA OLGA ALONSO SUÁREZ. EXPTE. 936/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 22 de xullo de 2014, Rexistro Xeral de saída da mesma data, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleira do Concello de Vigo a D<sup>a</sup> María Olga Alonso Suárez, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Socialista ás eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución por renuncia de dona Raquel Díaz Vázquez, e previa renuncia anticipada de D. Jose Manuel

Mariño Mendoza e D. Jaime Aneiros Pereira.

*Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, a Sra. Alonso Suárez procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:*

SRA. ALONSO SUÁREZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

A PRESIDENCIA: Gracias D<sup>a</sup> Olga, ocupe o seu escano. Desexámoslle a mellor das sortes no seu traballo neste Pleno e neste Concello.

**1.2(108).- INTERVENCIÓN DUNHA REPRESENTANTE DOS PROFESIONAIS DOS LABORATORIOS ESPECIALIZADOS DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE VIGO CON MOTIVO DA SITUACIÓN QUE ESTÁN A ATRAVESAR CO SEU TRASLADO AO HOSPITAL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 937/1101**

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xullo de 2014, número 937/1101, D<sup>a</sup> María del Carmen Albo López, traballadora do Hospital Xeral de Vigo, presenta o seguinte escrito:

“Expoñer no vindeiro Pleno a situación que están a atravesar os laboratorios especializados do Complexo Hospitalario de Vigo, co seu traslado ao Hospital do Meixoeiro”

A PRESIDENCIA: De acordo coa solicitude, ten a palabra D<sup>a</sup> Matilde Rodríguez Ruíz, hematóloga do Hospital Xeral. Benvida, ten un tempo aproximado de cinco minutos para a súa intervención.

SRA. RODRÍGUEZ RUÍZ: Acusóusenos dende a Consellería aos que defendemos que a situación dos laboratorios no NHV persigamos un “interese persoal”. Eu, particularmente me dedico á hematoloxía clínica co cal eu vou ir ao NHV, pero o

quero facer para tender aos pacientes coa mesma calidade coa que os estou atendendo agora.

Os laboratorios son centros de extracción e procesamento de mostras biolóxicas, imprescindibles para calquera diagnóstico clínico. A rapidez e a proximidade son características que dotan ao servizo de eficiencia e de calidade. A atención personalizada e a inmediatez en detectar posibles perigos para o paciente é moi importante para a súa saúde; o diagnóstico biolóxico e a toma de decisións clínicas e terapéuticas non pode depender das circunstancias externas, como o estado das estradas, o transporte, o tempo, etc.

Resulta imposible explicar e comprender como nun centro do máximo nivel, como vai ser o NHV que vai atender a tódalas urxencias da área, tódalas unidades de coidados intensivos, toda a cirurxía , pediatria e súas urxencias, obstetricia, xinecoloxía, etc., non serán equipado cun laboratorio que inclúa ao 100% tódalas especialidades médicas con laboratorios.

O afastamento do Laboratorio do lugar onde están os pacientes e os seus médicos alterará gravemente o fluxo de información e representará, polo tanto, un serio retroceso na calidade e na atención ao paciente. En tódolos países industrializados considérase prioritaria a redución de custes pero sen deterioro da calidade. Coa ausencia do laboratorio no NHV enfrontámonos non só coa xa comentada desvantaxe que produce o afastamento, senón que ademais vaise a ter que afrontar un sobre custe económico, un problema loxístico e unha perda de calidade das mostras. O transporte de mostras requirirá organizar un sistema de transporte continuo entre centros, que debe reunir condiciones adecuadas para impedir o deterioro das mostras e suporá o transporte de unhas 150.000 mostras ao ano, o que é cerca de 500 mostras/días incluídos os sábados). O atraso na chegada das mostras ao Laboratorio levará consigo un deterioro da calidade das mesmas co conseguinte problema para os pacientes, o que obrigará á repetición de probas e incremento de tratamentos que poidan conducir á prolongación da estancia do paciente no hospital e a unha maior mortalidade.

Para que entendan isto mellor voules poñer un suposto práctico: un paciente con unha enfermidade importante, acode a Urxencias por febre ás catro da madrugada; a este paciente extraéselle unha mostra de sangue para cultivar para ver se crecen bacterias na sangue que sexa a causante da febre. No momento actual, esa sangue

extraída ás 4 da mañá, chega ao laboratorio de Microbioloxía ás oito, rexístrase e inmediatamente seméntase nas placas de cultiva; esas placas se teñen que incubar unhas horas e despois o microbiólogo as le, se hai unha bacteria de crecemento rápido, nesa mesma mañá o microbiólogo ponse en contacto con nós e dinos creceu a bacteria "X", e se o tratamento antibiótico que lle puxemos ao paciente é o adecuado ou non. Que pasará se os laboratorios se sitúan fora do hospital? Esa mostra extraída as catro da mañá, chegará á oito a un punto do NHV onde se recepcionarán tódalas mostras, ou sexa esa mostra vai ter que esperar por todas as que cheguen do hospital, incluso as extraídas pola mañá, ou sexa, que con sorte sairá do NHV entre as nove e media e e dez; destino ao laboratorio, cando cheguen ao laboratorio recepcionaranse outra vez por un administrativo ou técnico que as derivará á zona de laboratorio correspondente e aí as sementarán; pero xa perdemos un tempo extraordinario e é imposible que o microbiólogo, nesa mesma mañá, nos de o resultado, co cal teremos que esperar ao día seguinte. Ou sexa o diagnóstico vaise atrasar como mínimo 24 hora, e no caso de moitos pacientes, isto pode ser vital.

Nós baseamos a nosa petición nos informes públicos de sociedades científicas, fundacións sen ánimo de lucro e da UE, que se lle interesa se podemos facer chegar. Solicitamos da Consellería os informes técnicos que avalan a decisión tomada e estes, de existir, non se fixeron públicos.

Una revisión da estratexia de privatización de servizos en Italia entre os anos 1993 e 2003 concluíu que: a maior gasto público obtíñase unha maior redución da mortalidade, concretamente un 1,47% de redución por cada 100 euros de gasto público; polo contrario, unha maior porcentaxe de inversión no sector privado se asociaba cunha maior taxa de mortalidade.

Todos estes problema derivan de que para o financiamento do NHV elixiuse unha fórmula PDFI, é dicir, de participación público-privada. Como xa demostrou o estudo da UE en febreiro deste ano, estas formas de financiamento supoñen un custe total superior ao que resultaría de recorrer ao endebedamento público directo, para constituír calquera infraestrutura sanitaria, e os maiores custes desta fórmula mixta se asocian a menor calidade e flexibilidade. En Alemaña por exemplo, un estudo centrado na eficiencia hospitalaria, conclúe que os hospitais privados (con e sen ánimo de lucro) son menos eficientes en custes que os de

titularidade pública, e un recente análise comparado en Francia encontra que os hospitais públicos de tamaño mediano e grande, como vai ser o noso, son máis eficientes que os privados.

Estudos en Inglaterra e España demostraron que os hospitais que se construíron con estas fórmulas mixtas, tiveron en moitas ocasións que ser “rescatados” con cartos públicos (é o caso do Hospital de Alzira).

Nos últimos anos o que se pretendeu é acercar a medicina aos cidadáns; deste feito xurdiron unidades como o 061, UVI móbiles e outras, porque todos entendemos, por exemplo, que se unha persoa sofre un infarto de miocardio na rúa é mellor que sexa atendida e empezado o seu tratamento, en 30 minutos e non en dúas ou tres horas. En cambio agora, co sistema que pretenden implantar, un piar fundamental no diagnóstico, de aí o nome de Servizos Centrais, vaise a afastar dos pacientes a “friolera” de 11 quilómetros.

Agora vostedes debaterán sobre si apoian ou non que os Servizos Centrais estean ou non situados no NHV; pídolles para rematar, que pensen como usuarios si preferirían que as súas mostras fosen procesadas en media hora ou en dúas ou tres horas, con todo o que iso levaría consigo, sobre todo no que se refire ao atraso no diagnóstico, lembren que en 24 horas en moitos pacientes, é a diferenza entre vivir ou morrer.”

A PRESIDENCIA: Rematou o seu tempo, Sra. Rodríguez Ruíz. Moitas gracias pola súa brillante, clara e concisa exposición.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: Moitas gracias á Sra. Rodríguez Ruiz pola súa intervención neste Pleno. O Bloque Nacionalista Galego tiña rexistrado neste Concello e estaba ditaminada nas Comisións Informativas unha moción relativa a esta decisión de non dotar de laboratorio central ao novo hospital de Vigo. Esta decisión por parte da Consellería xa fora debatido neste Pleno o mes pasado a partires dunha moción presentada polo Grupo Socialista que desgraciadamente non foi aprobada neste Pleno pola falla de votos por parte do Grupo Socialista, contouse co apoio do Bloque Nacionalista Galego, pero o Partido Popular votou en contra desta proposta

porque xa está demostrando no Goberno da Xunta de Galicia que non ten ningún interese en absoluto en dotar a esta cidade dun hospital público con tódolos servizos que son necesarios para a área sanitaria de Vigo, senón máis ben todo o contrario, facer desta necesidade un negocio para as empresas privadas, e isto é o que está facendo paso a paso dende a propia privatización da construción e da xestión do novo hospital de Vigo, agora esta decisión da non dotación dun laboratorio central para o novo hospital de Vigo que é en realidade un primeiro paso para que se privatice este servizo tan necesario e imprescindible como explicou a doutora Rodríguez Ruíz, de maneira moi clara e ademais cun exemplo moi práctico que mañá nos pode acontecer a calquera de nós, das persoas que estamos aquí sentadas, calquera pode chegar mañá ás catro da mañá a un hospital por urxencias cunha infección e verse nunha situación como a que acaba de describir a persoa que está expresando a posición dos profesionais médicos da área sanitaria de Vigo. Ademais queda moi claro polo feito de que sexan precisamente os profesionais sanitarios os que expresen tan claramente a súa oposición a esta decisión da Xunta de Galicia, que esta non é unha decisión que non se basea en absoluto en criterios científicos e médicos, senón que se basea en criterios económicos.

Por iso o Bloque Nacionalista Galego presentou esta moción de novo, porque o mes pasado non se aprobou unha moción deste Pleno para solicitarlle á Xunta de Galicia que se dotase de laboratorio central ao novo hospital de Vigo e queríamos insistir. Ben é certo que o Partido Popular votou en contra nas comisións informativas, polo tanto esta moción ía chegar ao Pleno cun dítame en contra, pero nós queríamos traelo igual e decidimos finalmente retiralo porque entendíamos que a intervención dunha profesional, neste caso era a mellor maneira de deixar claro neste Pleno cal é a situación do novo hospital de Vigo e cal ten que ser a decisión dunha administración que ten que utilizar os cartos de todos/as para garantir un servizo público básico como é o servizo sanitario, do que dependen as nosas vidas, estamos falando de que son as nosas vidas, a de todos e todas que dependen dun servizo sanitario e que ten que estar dotado con tódolos recursos necesarios para atendernos da mellor maneira.

Pero o novo hospital de Vigo non vai contar co laboratorio central porque o Goberno da Xunta de Galicia así o decidiu, decidiu desvialo ao hospital do Meixoeiro, tal e

como se denunciou por parte dos profesionais dos servizos de laboratorios do CHUVI que se encargan tanto das análises clínicas como de microbioloxía ou de hematoloxía.

Non existe, insisto, ningún criterio científico que xustifique a medida adoptada pola Consellería de Sanidade, e coa decisión de separar o laboratorio central do novo hospital estase ameazando moi gravemente a calidade da atención que se presta á cidadanía. Non hai nin sequera criterios de eficiencia económica, pois o novo hospital vai ter que dotarse dun laboratorio de 24 horas e dun centro de preanalítica, duplicando así o gasto económico e a perda de tempo que supón o traslado das mostras como tamén explicou a representante do persoal sanitario.

Non hai razóns científicas, nin económicas que avalen esta decisión, simplemente trátase do paso previo para a cesión da súa xestión á iniciativa privada, unha vez máis, exactamente igual que se fixo coa construción e a xestión do novo laboratorio. Vai unida esta medida á creación do laboratorio central de Galicia, e é directamente unha maquinación do Partido Popular para a futura privatización de tódolos laboratorios que controla o SERGAS agora mesmo, isto condiciona os servizos sanitarios, o futuro do desenvolvemento profesional do persoal que traballa nestes servizos, precariza as condicións nas que se atende á cidadanía, e nós imos seguir apoiando as reclamacións do persoal sanitario para que se dote ao novo hospital de tódolos servizos precisos.

PRESIDENCIA: Unha aclaración que me parece pertinente con respecto ao principio da súa intervención, a súa alusión á falta de votos do Grupo Socialista, o Grupo Socialista apoiaba a moción, polo tanto, estaba reclamando que se fixera o laboratorio nese hospital, aportou nove votos, vostedes tres. Os dous que faltaban, un estaba de baixa médica e segundo que o Presidente deste Pleno estaba nese momento entregando un recurso de inconstitucionalidade no Tribunal Constitucional, no nome de 3.000 alcaldes/as que gobernan dezasete millóns de persoas en España, para pedir a derogación da lei da ARSAL que limita gravemente as competencias dos Concellos. Polo tanto, había razóns importantes porque era o último día, e ese día no Tribunal Constitucional había alcaldes e alcaldesas de tódolos grupos políticos da oposición de España, menos vostedes. Polo tanto, razóns había para que o Presidente deste Pleno tivera que



estar nese momento en Madrid porque en cabeza e asina en primeiro lugar, seguido do Alcalde de Barcelona, aquel recurso de inconstitucionalidade e era obrigado que o presentara o Alcalde de Vigo.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Gracias compañeira, profesional do hospital de Vigo pola con claridade que expuxeches a inquietude que conmove non aos profesionais senón á sociedade. Fixeches un gran exercicio representando ao mellor da sociedade civil, porque xa non te interesas polo mellor da túa profesión e polos intereses lexítimos da túa profesión, senón que o fas en función dos intereses colectivos e todos aqueles que poñen por enriba dos seus intereses persoais e profesionais lexítimos, os seus intereses colectivos, os intereses dos cidadáns e neste caso os da saúde, merecen o recoñecemento social como hoxe o meu grupo faino aquí neste Pleno e creo que é o sentir maioritario de toda a sociedade que en gran parte representamos.

Pero eu quería dicirte compañeira e tódolos que estades aquí presentes e compañeiros neste lexítima loita que é a loita de todos, insisto, que estás expoñendo razóns técnicas, científicas, razóns que poñen por riba de todo a fiabilidade, seguridade e calidade do sistema sanitario, pero contra iso chocaches contra un muro, o muro da sen razón, dos intereses, porque non nos esquezamos que aquí o que hai son a loita da razón técnica e científica fronte a sen razón, aos intereses espurios, porque o que hai aquí non é a diferenza ou a discrepancia onde se poñen unha instalación, o que se pon aquí, o que está no debate é o que se vai facer con ese laboratorio. Hoxe ratifícome no que dixen no Pleno, o que está aquí en dúbida e en risco é, non viabilidade dun laboratorio nun sitio ou noutro, é o laboratorio tal e como o concernimos e o queremos e como o expresaches, está en risco porque hai un afán e un interese oculto hoxe por hoxe como foi en Madrid no seu momento cun modelo PFI que se privatizou o laboratorio, é un proceso máis que ogallá un día non teñamos que ver, pero que me temo que tal como están os pasos encarrilados van nese sentido, porque a información que temos é así, e os compromisos explícitos, en decembro do ano 2011, da conselleira cun grupo sanitario potente deste país, foi o poñer a disposición o laboratorio e isto o ratifico aquí en Pleno e que conste en acta para que o día de mañá ninguén se chame a engano, o que hai en xogo é iso.

Polo tanto, que non se faga outro debate, este é o debate dunha expresión política, non é a situación, é curioso que nin a consellería nin o xerente desen unha razón, só unha que xustifique o traslado, nin unha, a única que deron é tan pobre, tan demencial que é precisamente o que non xustifica, é dicir, no Meixoeiro habería posibilidade de ampliación, perdón onde hai posibilidade de ampliación é onde estaba previsto a situación de acordo co modelo previsto e de acordo co pactado cos profesionais, con todos e cada uns dos profesionais, non no Meixoeiro. Por outra banda hai algo que é aberrante, que se diga porque a maioría da demanda que vai ter ese laboratorio é no hospital novo, non é no Meixoeiro, polo tanto no Meixoeiro se que tería xustificación facer o laboratorio de urxencia non ao revés. Pero non nos enganemos, isto é un paso máis nesa deriva na que se instalou a política sanitaria do Sr. Feijóo en aras de laminar a sanidade pública, cuestionala e por outra banda utilizar a Vigo como elemento fundamental para aplicala, como foi a privatización do hospital, quitarlle a poboación á área que é o elemento fundamental de crecemento e sostibilidade dunha medicina terciaria.

SRA. CENDÓN ALONSO: Benvida a este Pleno. Penso que eu non teño que xustificarme na miña traxectoria, nin na miña defensa da sanidade pública, levo bastante tempo traballando nela. A miña obriga e o meu traballo é a defensa dos dereitos dos usuarios, eu non fago asistencia clínica, defendo aos usuarios, por iso eu escotei toda exposición con moita atención, escoitei a exposición e escoito todo o que vostede teña que aportar, créame que con moito interese porque este tema estame a desbordar, da mesma maneira que nos desborda a tódolos que estamos aquí. Eu son profesional, o Sr. Rodríguez Escudero é profesional, os demais pouco teñen que opinar, evidentemente.

O que eu quero dicir, se se me escoita, é que este é un debate no que teñen que participar os técnicos, tódolos técnicos, a min gustaríame que vostede me achegara informes que nos puideran dar luz porque vostede fálame dun estudio de Italia de asistencia privada, non é o que estamos a falar, fálame dos hospitais de Alemaña con ánimo de lucro, non é o que estamos a falar. A min o que me gustaría é que se pode achegar informes de Finlandia, Islandia, de calquera dos países que teñen descentralizados os laboratorios e non privatizados, que mo poida achegar, por unha razón, a conselleira de Sanidade xa ratificou en sede parlamentaria que o

laboratorio non se vai privatizar, que a asistencia do laboratorio vai ser pública, se a conselleira de Sanidade está a mentir, terá que dar as responsabilidades que correspondan, pero en principio eu creo que ese laboratorio vai ser público, e diso é do que temos que falar.

Eu teño moitas preguntas para vostede, vostede coñece o plan que hai en Andalucía de centralización de laboratorios, vostede sabe que en Sevilla hospitais de 800, 600 camas non van levar laboratorio central, vai estar no Virxe do Rocío, toda a provincia de Sevilla vai ir alí, toda a provincia de Córdoba vai ir ao Reina Sofía, toda a provincia de Málaga vai ir ao Carlos Saia, estamos a falar de transportes de mostras de máis de 200 quilómetros en casos, por carreteras como a carretera de Ronda, o hospital de Ronda non leva un laboratorio central, a min o que me gustaría é que me fixera unha valoración de se este sistema é válido ou non, porque eu teño as declaracións aquí da conselleira de Andalucía nas que di que aumenta a eficiencia, a calidade, a seguridade, isto é o que di a conselleira, entón a min o que me gustaría é que vostede me poida presentar un informe que diga que se reduce, que vostede me puidera presentar un informe claro que diga que aumenta a morbilidade ou a mortalidade en laboratorios descentralizados, porque eu ata o de agora non o vin, e gustárame velo.

A min faláronme da Paz, do Doce de Outubro, eu púxenme en contacto cos responsables dos laboratorios deses centros e todos se brindaron a vir aquí e explicar que ese modelo era válido e eficiente, entón eu quero escoitala, a min non me serve o exemplo que vostede deu do cultivo, en que cabeza cabe cun cultivo non se semente de inmediato, claro que se vai sementar de inmediato, e vostede sabe tan ben como eu que un cultivo require un tempo de crecemento, ese tempo da igual onde se faga, todo o que requira resultados inmediatos vaise facer alí.

Chegouse a dicir que en Vigo non ía facer transplante de medula, pero en que cabeza cabe que o Grupo Popular puidera apoiar que en Vigo non se fixera un transplante de medula, pero como se fai en A Coruña, como se fai en Pontevedra? Como se fai nos centros hospitalarios que están descentralizados? E que non cabe outra posibilidade, evidentemente eu falei co xefe de servizo, díxome que era unha tolería, que por iso el estaba a marxe desta historia.

Eu o quero e que me acheguen informes serios do modelo que se está a propoñer, non dos modelos privatizadores.

PRESIDENCIA: O regulamento admite propostas de resolución.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En nome do Grupo do Partido Socialista neste Pleno quería presentarlle unha proposta de resolución “in voce” pola cal se solicite que o laboratorio do hospital da área sanitaria de Vigo vaia no novo hospital de Vigo.

PRESIDENCIA: Algunha outra proposta?.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde nos imos aceptar a proposta pero gustaríanos que este tipo de precedentes serven para outros temas tamén, é dicir, que se fagan propostas se o considera o opoñente.

PRESIDENCIA: Está no regulamento.

SR. FIGUEROA VILA: Nós non imos poñer ningún impedimento en facer a votación correspondente se nos deixan dous minutos para lela.

PRESIDENCIA: A proposta é “in voce”, “insta á Xunta de Galicia a construír un laboratorio de análise clínico no novo hospital de Vigo”.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós apoiamos a proposta de resolución reclamando un laboratorio central para o novo hospital, propoñemos que se recolla o texto que está na moción que ten rexistrada o Bloque Nacionalista Galego que di literalmente “instar á Xunta de Galicia a que o novo hospital de Vigo estea dotado de laboratorio central e que garanta que os servizos de análises clínicas microbioloxía, inmunoloxía e hematoloxía, teñan a dotación necesaria en recursos humanos e materias que permitan dar respostas as necesidades da cidadanía no ámbito da sanidade pública”, que creo que recolle perfectamente o espírito da proposta.

PRESIDENCIA: O Grupo Socialista tamén cre que a súa proposta recolle o espírito vaise votar, se vostede quere facer unha segunda votarse tamén. “Instar á Xunta de Galicia a construír un laboratorio central da análise clínico no novo hospital de

Vigo”, é a proposta do Grupo Socialista. Cada un pode presentar as que queira e vótanse todas.

SRA. CENDÓN ALONSO: Con independencia do que se vote a min o que me gustaría era agradecerlle ao Partido Socialista por primeira vez que o hospital é público.

PRESIDENCIA: Súa quenda rematou. Procedemos a votar a proposta do Grupo Socialista “instar á Xunta de Galicia a construír un laboratorio Central de análise clínico no novo hospital de Vigo”, non aparece a palabra público Sra. Cendón, unha vez máis equivócase. A Xunta de Galicia paga cousas privadas tamén, este hospital por exemplo.

*No transcurso do debate preséntanse dúas propostas “in voce” polo grupo municipal Socialista e polo grupo municipal do BNG, as cales transcríbense na parte dispositiva deste acordo.*

VOTACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suarez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a construír un laboratorio central de análises clínicos no novo Hospital de Vigo.

VOTACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que o novo Hospital de Vigo estea dotado de laboratorio central e que garanta que os servizos de análise clínicos microbioloxía, inmunoloxía e hematoloxía, teñan a dotación necesaria en recursos humanos e materias que permitan dar respostas ás necesidades da cidadanía no ámbito da sanidade pública.

## **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

### **2.1(109).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO CONDENANDO O ATAQUE CRIMINAL PERPETRADO POLO ESTADO DE ISRAEL CONTRA A FRANXA DE GAZA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 939/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2014, a voceira do grupo municipal do BNG, presenta no Rexistro do Pleno nº 939/1101, a seguinte moción urxente que literalmente di:

MOCIÓN URXENTE

## "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita a masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade.

Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa raiba e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.

Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e exixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpre impunemente. Como galegos e galegas non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consinte esta agresión militar contra o pobo de Palestina do Goberno español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

### ACORDOS

1. O Concello de Vigo condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.
2. O Concello de Vigo solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.
3. O Concello de Vigo apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.

4. O Concello de Vigo solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e exixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.
5. O Concello de Vigo apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.
6. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.

*No transcurso do Pleno e por consenso dos tres grupos políticos acordan presentar esta moción como Declaración Institucional.*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte acordo:

1. O Concello de Vigo condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.
2. O Concello de Vigo solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.
3. O Concello de Vigo apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.
4. O Concello de Vigo solicita ao Goberno español que adopte unha actitude máis activa diante deste conflito e exixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.
5. O Concello de Vigo apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.
6. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.



### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **3.1(110).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 361/449 (REX. PLENO 923/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 18 de xuño de 2014, a xefa do servizo de Transportes co conforme do concelleiro delegado, emite a seguinte proposta:

"Na data 30 de maio de 2013 foi aprobada a Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. Dita Lei foi publicada no Diario Oficial de Galicia de data 14 de xuño de 2013. Na disposición final quinta do mencionado texto legal se fixa a súa entrada en vigor no prazo dun mes contado a partir da publicación no D.O.G.A. Asimesmo na disposición final terceira da citada Lei se contempla a adaptación das ordenanzas municipais reguladoras do servizo de taxi ao previsto na mesma, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor. Na Lei se prevee o desenrolo regulamentario do seu articulado facultando a Xunta de Galicia para a súa aprobación .

A Ordenanza reguladora do servizo vixente na cidade de Vigo foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 26 de maio de 1994 e como queira que ate a data non foi elaborado o regulamento que desenrole o articulado da Lei considerase que procede non demorar a adaptación da ordenanza municipal en vigor, polo Concelleiro-Delegado de Transportes ditouse instrución para realizar os tramites necesarios para a aprobación do citado texto legal.

Con data 2 de outubro de 2013 foi elaborado un borrador de Ordenanza, adaptado as disposicións da Lei 4/2013 de 30 de maio , borrador que foi remitido as Asociacións representativas do sector para que aportasen as súas suxerencias. Despois de examinadas as suxerencias presentadas, e cos estudos realizados polo servizo de transportes se redactou o texto cuia aprobación propónse a continuación.

De conformidade co disposto no artigo 127 nº 1 apartado a ) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembre de medidas para a modernización do goberno local, corresponde a Xunta de Goberno Local a "aprobación dos proxectos de ordenanzas "

De conformidade co disposto no artigo 123 nº1 apartado d ) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembre de medidas para a modernización do goberno local, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación das Ordenanzas municipais .

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local a aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento :

- a) aprobación inicial polo Pleno
- b) información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias .
- c) resolución de tódalas reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno .

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación o suxerencia , entenderase definitivamente adoptado o acordo ate entón provisional.

Polo exposto procede someter a aprobación da Xunta de Goberno Local o proxecto de Ordenanza para a súa posterior aprobación polo Pleno polo que formulase ante a Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Aprobado o proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo co texto que se adxunta a presente proposta .

SEGUNDO - Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo :

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo co texto que se adxunta a presente proposta .

SEGUNDO - Abrir un período de información pública e conceder tramite de audiencia as Asociacións representativas do sector polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxerencias .

TERCEIRO,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de non presentarse ningunha reclamación ou suxerencias , entenderase definitivamente aprobada a Ordenanza aprobada inicialmente , debendo publicarse o texto integro na Ordenanza no BOP entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación ."

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27 de xuño de 2014, aprobou o Proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo.

Con data 21 de xullo de 2014, a comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

## DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Como dicía hoxe é un motivo de satisfacción para esta concellería traela Ordenanza de regulación do Taxi. Unha ordenanza que renova a unha ordenanza anterior do ano 1994, vinte anos despois o taxi de Vigo tiña que ser reformado, mellorado e sobre todo esta ordenanza está baseada en tres piares fundamentais, o primeiro e como non pode ser doutra forma o emprego, garantir o emprego de calidade a través da regulación do emprego, tanto dos autónomos que regulan o taxi como dos asalariados do taxi.

O segundo piar, a mellora do servizo, un servizo de calidade á altura dunha cidade como Vigo.

A terceira a modernización dun sector como é o do transporte público na cidade de Vigo, hai poucas datas reordenábase, mellorábase, modernizábase o transporte público a través do autobús urbano. Hoxe traemos esta ordenanza do taxi vinte anos despois que mellora, ordena e regula o taxi.

As principais modificacións desta Ordenanza co servizo anterior é que a partires de agora o domicilio fiscal dos taxistas da cidade de Vigo, teñen que estar empadroados na cidade de Vigo, non pode ser que haxa taxistas neste momento que pagan o seu rodaxe nunha cidade distinta, e que fagan esta servizo na cidade de Vigo, isto con esta ordenanza regúlase. A seguinte, imos vixiar e facer cumprir tódalas obrigas fiscais, sociais e laborais pedíndolle conta ao sector do taxi que antes non se requiría nesta cidade na ordenanza anterior.

A terceira, non estar incluídos en ningún caso de incompatibilidade laboral polo exercicio da profesión, imos a limitar tamén a titularidade nesta Ordenanza das licencias, a lei galega deixa un amplo abanico de posibilidades e permite ata tres licencias por cada unha das persoas, a Ordenanza en Vigo sobre todo apostando polo emprego e sobre todo pensando que o taxi non ten que ter un carácter especulativo, senón que ten que ter un carácter e unha vocación de servizo público só pode haber unha licenza por cada un dos taxistas e dos condutores. Os condutores por cada licenza non poden ser máis de dous condutores por vehículo, incluído o titular da licenza, co cal o titular da licenza no pode ser un titular especulativo senón que ten que ser un titular para desenvolver e desenfocar o emprego. A tramitación das licencias e as limitacións, antigamente non se podían

transmitir ata pasar os cinco anos, nestes momentos rebaixase a data a cada dous anos, a transmisión ten que ter a autorización e informe favorable do Concello baseado nos puntos anteriores, para facilitar a renovación, modernización e a mellora da flota dos taxis, cambiamos aquela ordenanza que dicía que os taxis tiñan que ser uns vehículos novos. Os taxis a partires de agora teñen que ser uns vehículos novos, pero poden ser uns vehículos quilómetro cero, é dicir, os novos taxis poden ter ata 20.000 quilómetros e poden ter ata dous anos, cousa que antes tiñan que ter cero quilómetros e cero anos.

Con isto o que queremos potenciar é a renovación dunha flota que queremos que sexa moderna e actual, tamén queremos ampliar, antes o número de prazas dos taxis estaba reducido a cinco prazas por taxi e nestes momentos o ampliamos a sete prazas por taxi e coa mesma tarifa, co cal queremos tamén mellorar este servizo que moitas veces nos atopábamos como cando se superaban as catro persoas no uso do taxi tiñan que ir por cinco, unha máis, tiñan que ir en dous taxis, desta forma na cidade de Vigo que queremos ser pioneiros nisto, imos autorizar a sete prazas o máximo autorizado e non a cinco como estaba na actualidade.

Queremos autorizar tamén a seguridade destes empregados do taxi, co cal aprobamos nesta ordenanza o establecemento de medidas de seguridade como son os biombos o sistema de comunicación integrado con este Concello, coas oficinas de control da Policía do Concello e cámaras por motivos de seguridade.

Queremos tamén garantir, como non pode ser doutra maneira a capacidade do maleteiro destes taxis, o permiso municipal dos taxis vaise regular na cidade de Vigo, a través desta ordenanza e tamén para que os condutores teñan a garantía do permiso que se executa.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que nos parece perfecto o argumentario o pequeno resume que fixo das modificacións da Ordenanza, é verdade que nos pretendemos que esta ordenanza se aprobe por consenso, e se mellore coas achegas de profesionais do sector, usuarios e técnicos da administración, por iso no anterior Pleno levamos unha moción na que se pretendía que se realizasen reunións con profesionais, técnicos para consensuala. Tamén pensamos que a ordenanza aínda é mellorable, é verdade que se fixeron melloras, pero aínda é mellorable, de feito temos algunhas feitas por profesionais en canto á entrada dos

taxis en zonas de peóns cando teñan que recoller a unha persoa con mobilidade reducida, tamén no tema das autorizacións, no artigo 14 da ordenanza que di “modificación e extinción das autorizacións interurbanas do taxi”, fai referencia ás urbanas, non tiña que meterse nisto. Despois noutro dos artigos fala da cor dos taxis, é verdade que a Lei no artigo 27, fala de que se vai a unificar a nivel autonómico entón tería que axustarse á Lei.

Nós pensamos que hai algunhas pequenas cousas que hai que introducir para melloralas, porque a ordenanza é para bastantes anos, tamén pensamos que hai un órgano competente a nivel autonómico que ten as competencias exclusivas, co cal debería mandarse a ordenanza para que informase a este órgano, creo que conforme ten á Lei que ser así, entón nós neste momento nos imos abster no que é a aprobación inicial, pero pensamos e cremos que esta ordenanza ten que aprobarse por consenso e é no que imos traballar para que así sexa.

**VOTACIÓN:** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e nove abstencións dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, García Míguez, Iglesias Bueno e Pérez Dávila, adóptase o seguinte:

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo co texto que se adxunta a presente proposta .

**SEGUNDO -** Abrir un período de información pública e conceder tramite de audiencia as Asociacións representativas do sector polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

**TERCEIRO,-** Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de non presentarse ningunha

reclamación ou suxestións , entenderase definitivamente aprobada a Ordenanza aprobada inicialmente , debendo publicarse o texto integro na Ordenanza no BOP entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación .”

PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO.

## INDICE

### TITULO I : OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

- ARTIGO 1 : OBXETO
- ARTIGO 2 : COMPETENCIA MUNICIPAL
- ARTIGO 3 : DISPOSICIONS COMPLEMENTARIAS
- ARTIGO 4 : ORGANOS COMPETENTES

### TITULO II OS TITULOS HABILITANTES. AS LICENZAS MUNICIPAIS.

- ARTIGO 5 : OS TITULOS HABILITANTES

#### CAPITULO I : AS LICENZAS MUNICIPAIS

- ARTIGO 6 : REQUISITOS PARA SER TITULAR
- ARTIGO 7 : LIMITACION NA TITULARIDADE DE LICENZAS
- ARTIGO 8 : PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DE NOVAS LICENCIAS
- ARTIGO 9 :SUSPENSION DE LICENZAS
- ARTIGO 10 :LIMITACIONS NA TRANSMISION DE LICENZAS
- ARTIGO 11 :TRANSMISION DE LICENZAS
- ARTIGO 12 :PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS
- ARTIGO 13 :PROHIBICIONS
- ARTIGO 14 EXTINCION DAS LICENZAS

#### CAPITULO 2 : REXISTRO MUNICIPAL DE LICENZAS

- ARTIGO 15 :CONTIDO DO REXISTRO

#### CAPITULO 3 VISADO

- ARTIGO 16 : OBLIGATORIEDADE

### TITULO III OS VEHICULOS

- ARTIGO 17 : NORMAS XERAIS
- ARTIGO 18 : PROCEDEMENTO
- ARTIGO 19 :PROHIBICIONS
- ARTIGO 20 : CARACTERISTICAS DOS VEHICULOS
- ARTIGO 21 : DOCUMENTACIÓN
- ARTIGO 22 :ANTIGUEDADE
- ARTIGO 23 : PROCEDEMENTO

### TITULO IV OS CONDUCTORES

- ARTIGO 24 : NORMAS XERAIS
- ARTIGO 25 : OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR

DE TAXI. CONDICIONS EXISIBLES  
ARTIGO 26 : RENOVACIONS E DUPLICADOS  
ARTIGO 27 :CADUCIDADE  
ARTIGO 28: A TARXETA DE IDENTIFICACIÓN DO CONDUCTOR DE AUTOTAXI

TITULO V PUBLICIDADE

ARTIGO 29: NORMAS XERAIS

TITULO VI PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 30 : CONCERTACION DO SERVIZO  
ARTIGO 31 : PREFERENCIA  
ARTIGO 32 : INICIACION DO SERVIZO  
ARTIGO 33 :PAGAMENTO DO SERVIZO  
ARTIGO 34 :AVARIA O ACCIDENTE  
ARTIGO 35 :DENEGACION DO SERVIZO  
ARTIGO 36 :OBXETOS PERDIDOS  
ARTIGO 37 :FORMA DE PRESTACION DO SERVIZO  
ARTIGO 38 :SITUACIONS DE EMERGENCIA  
ARTIGO 39 : DESCANSOS  
ARTIGO 40 :PARADAS  
ARTIGO 41 :EUROTAXIS

TITULO VII REXIMEN ECONOMICO

ARTIGO 42: NORMAS XERAIS

TITULO VIII ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI

ARTIGO 43: DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS  
ARTÍGO 44 : DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

TITULO IX INFRACCIONS E SANCIONS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

CAPITULO 1 INFRACCIONS : FALTAS MOI GRAVES, GRAVES E LEVES. PRESCRICIÓN

ARTIGO 45 : INFRACCIONS  
ARTIGO 46 :FALTAS MOI GRAVES  
ARTIGO 47 :FALTAS GRAVES  
ARTIGO 48 :FALTAS LEVES  
ARTIGO 49 :SANCIONS

CAPITULO 2 : PROCEDEMENTO SANCIONADOR

DISPOSICION TRANSITORIA  
DISPOSICION DERROGATORIA UNICA  
DISPOSICION FINAL PRIMEIRA  
DISPOSICION FINAL SEGUNDA

TITULO I : OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

-  
ARTIGO 1 :OBXETO

A presente Ordenanza, ten por obxecto a regulación do servizo urbano de transporte de viaxeiros en automóviles de aluguer con condutor denominados "taxis", dentro do termo municipal de Vigo.

Considéranse servizos de taxi, o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarefa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas da Lei 4/2013 de 30 de maio; e supletoriamente seguirase o Regulamento Nacional dos Servizos Urbans de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real Decreto 1080/89 de 1 setembro, e Real Decreto 236/1983, de 9 de febreiro.

## ARTIGO 2 : COMPETENCIA MUNICIPAL

O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

Sometemento a licenza municipal previa.

Fiscalización da prestación do servizo.

Informe sobre a solicitude de revisión de tarefas do servizo.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas.

Disposicións complementarias para a prestación do servizo.

Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

## ARTIGO 3 : DISPOSICIONS COMPLEMENTARIAS

As disposicións complementarias que poderá dictar o Concello referiranse, entre outras, ás seguintes materias:

Publicidade.

Quendas de vacacións e de descansos.

Quendas diarias de permanencia no servizo.

Identificación e características dos autotaxis.

Determinacion y modificacion de paradas e regulación das mesmas.

Servizos por chamadas telefónicas ou radio-telefoneo

Zonificación da cidade para mellorar a prestación do servizo así como coordinalo servizo público de autotaxi e co transporte urbano público de viaxeiros.



#### ARTIGO 4: ORGANOS COMPETENTES

As competencias municipais corresponden ós seguintes órganos:

##### PLENO

A aprobación definitiva da ordenanza, así como a aprobación das modificacións da mesma, sempre que supoña un cambio substancial no exercizo do servizo de taxi.

A aprobación dos expedientes de ampliación de licenzas .

##### .XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A aprobación do proxecto de ordenanza, e a emisión de informes de toda modificación da mesma previos á súa presentación ó Pleno.

A concesión das licenzas municipais que, no seu caso, queden vacantes ou se amplíen.

A aprobación das Disposicións Complementarias da prestación do servizo.

O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

##### ALCALDE

O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores e a imposición de sancións non previstos no punto anterior.

A concesión dos permisos para conducir os vehículos do servizo público e a súa renovación.

A autorización da transmisión das licenzas nos supostos previstos na presente Ordenanza.

A concesión das autorizacións para adscribir os vehículos ás licenzas e para a súa substitución.

Ditar cantas normas sexan da súa competencia para mellor xestión do servizo público de taxi e as ordes individuais constitutivas de mandato que sexan necesarias.

Fixar ou modificar as paradas do servizo público de taxi.

Todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por esta Ordenanza ou por disposicións de rango superior ao Alcalde, corresponderán á Xunta de Goberno Local.

## TITULO II OS TITULOS HABILITANTES. AS LICENZAS MUNICIPAIS.

### ARTIGO 5 : OS TITULOS HABILITANTES

A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ós seus titulares para exercer dita actividade.

Constitúe título habilitante a licenza municipal de taxi, que habilita para a prestación dos servizos urbanos de taxi e que é outorgada polo Concello.

Tamén constitúe título habilitante a autorización interurbana de taxi, que será outorgada pola consellería competente en materia de transportes.

A prestación do servizo público regulado na presente Ordenanza estará suxeita á previa obtención de licenza municipal, que se outorgará de conformidade e cos requisitos esixidos na presente ordenanza municipal e tendo en conta o disposto nos artigos 5 e 17 da Lei 4/2013 de transporte publico de persoas en vehiculos de turismo de Galicia.

## CAPITULO I AS LICENZAS MUNICIPAIS

### ARTIGO 6 : REQUISITOS PARA SER TITULAR

Para a prestación do servizo de taxi , requirese a previa obtención da licenza municipal de taxi , concedida polo Concello .

Só poderán ser titulares de licenzas de taxis as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

a)Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea, ou doutro país estranxeiro en que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa exisibile o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b)Ter domicilio fiscal e estar empadroado no Concello de Vigo.

c)Acreditar a titularidade do vehículo en calquera rexime de utilización xuridicamente válido.

d)Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas na lexislación vixente, e non ter débedas co Concello.

e)Acreditar o cumprimento dos requerimentos técnicos do vehículo de turismo que se vai adscribir á licenza e ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar na prestación do servizo.

f)Acreditar estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi, establecido por esta ordenanza.

g) Ter cuberta a responsabilidade civil ilimitada polos danos que puideran ocasionarse na prestación do servizo

h) Non estar incluído nun caso de incompatibilidade laboral para o exercicio da profesión .

i) Os demais requisitos que se establezan regulamentariamente.

#### ARTIGO 7: LIMITACION NA TITULARIDADE DE LICENZAS

Únicamente se poderá ser titular dunha licenza municipal sen excepcións, e deberá ser explotada polo titular con plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi.

Non se poderá ser titular de licenzas de taxis en distintos Concellos.

Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos á mesma máis de dous condutores, incluída a persoa titular.

#### ARTIGO 8: PROCEDEMENTO DE CREACIÓN DE NOVAS LICENCIAS

O procedemento de creación de novas licenzas virá determinado nun estudo no que se acreditará a necesidade e conveniencia da ampliación, en aras a lograr unha mellora e perfeccionamento do servizo, tendo en conta a oferta e a demanda, así como o incremento da poboación. Para eso analizarase:

A situación do servizo antes do outorgamento de novas licenzas, en canto á súa calidade e extensión.

O tipo, extensión e crecemento dos núcleos de poboación (residencial, turística, industrial, etc.) e o número de habitantes.

As necesidades reais dun mellor e máis extenso servizo.

A repercusión das novas licenzas no conxunto do transporte e a circulación e o medio ambiente.

Unha avaliación da rendabilidade hipotética das novas licenzas e a súa repercusión na explotación das licenzas vixentes.

No expediente que se tramite ó efecto solicitarase informe dos órganos competentes e darase audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativos do sector e ás dos consumidores e usuarios.

As licenzas disponíbeis seran otorgadas mediante concurso público.

En todo caso deberá considerarse o disposto no artigo 6 da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia sobre a determinación do número de licenzas.

#### ARTIGO 9: SUSPENSION DE LICENZAS

As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos nos seguintes casos :

Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.

De oficio, nas transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria non reúna os requisitos para ser titular.

As solicitudes de suspensión enténdense estimadas se no prazo de tres meses o Concello non tivese ditado e notificado resolución expresa; pero non se estimará unha solicitude de suspensión até que transcorran dous anos contados dende a data de finalización do anterior período de suspensión.

Transcorrido un mes dende a finalización do prazo de suspensión sen haberse reanudado o servizo , incurrirase en causa de caducidade da licenza

Autorizada a suspensión polo Concello, o titular deberá retirar do vehículo os distintivos que o identifican como taxi así, como o taxímetro que será comprobado polo Concello , e facer entrega no concello da licenza de taxi e do permiso municipal de conductor

#### ARTIGO 10: LIMITACIONES NA TRANSMISION DE LICENZAS

A transmisión de licenza de taxi non se poderá autorizar cando concurran as seguintes causas:

a) Se non transcorreran dous anos dende a adquisición polo transmitente da condición de titular da licenza de taxi.

Esta limitación non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.

b) Se o transmitente ou o adquirente non están ó día das obrigas tributarias e de seguridade social, e as relacionadas co servizo de taxi.

c) Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias impostas por resolución administrativa firme ó transmitente e ó adquirente derivadas do exercizo da actividade como taxista.

d) Se o adquirente xa é titular dunha licenza municipal de taxi, ou ten na súa posesión algunha licenza noutro municipio.

e) Se o adquirente estivese nalgunha circunstancia de incapacidade laboral para o exercizo da profesión .

f) Se o adquirente non reúne os requisitos para ser titular dunha licenza.

g) Calquera outras limitacións que se establezan na normativa que lle sexa de aplicación.

#### ARTIGO 11: TRANSMISION DE LICENZAS

•As licenzas teñen un prazo de vixencia indefinido. Non obstante poderán transmitirse “inter vivos o mortis causa” previa autorización do Concello e sempre que á persoa que o solicite acredite que cumpre cos requisitos para ser titular da licenza nos seguintes casos:

a) Por falecemento do titular, a favor dos seus herdeiros lexítimos : os herdeiros adquirirán os dereitos e obrigacións inherentes a licenza podendo figurar, en caso de que se constituise, a nome dunha comunidade de herdeiros por un período máximo de 2 anos dende o falecemento do causante . Transcorrido o citado prazo as licenzas deberán constar a nome dunha persoa física , caducando en caso contrario .

b) Por xubilación do titular, ben forzosa ou voluntaria, ou por incapacidade laboral declarada polos tribunais ou organismos competentes que lle impidan o exercizo da profesión.

c) Por serlle retirada de maneira definitiva ó titular, a licenza de condución ou do permiso municipal de condutor de taxi, declarada por sentenza xudicial ou por acordo do órgano administrativo competente.

Nos anteriores casos a solicitude de transmisión deberá solicitarse no prazo de dous meses dende que se produza a causa da transmisión .

d) Cando o titular da licenza a ostente un mínimo de dous anos, se ben neste caso non poderá o transmitente adquirir nova licenza municipal no prazo de cinco anos por ningunha das formas prescritas na presente ordenanza

As transmisións a que se refiren os apartados b), c), e d) realizaranse a favor de condutores asalariados que presten servizo con plena e exclusiva dedicación na profesión, acreditada mediante a posesión do permiso municipal de condutor de taxi vixente, e a inscrición e cotización en tal concepto na Seguridade Social.

#### ARTIGO 12: PROCEDIMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

•Nos casos de transmisión forzosa as solicitudes deberán formularse nun prazo máximo de dous meses, contados a partir da data na que se produce a causa da transmisión respectiva.

•O procedemento para a transmisión da licenza será o seguinte :

a) Solicitude formulada no Concello de transmisión da licenza de taxi acompañada da

documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 6 da presente ordenanza .

b)Comprobación polo Servizo de Transportes do cumprimento dos requisitos esixibles para a transmisión .

c)Remisión da copia da solicitude da transmisión o Organo competente en materia de transportes da Xunta de Galicia

d)Informe nun prazo dun mes sobre a procedencia de transmisión da autorización interurbana polo citado organo.

e)Autorizada a transmisión da licenza polo Concello o titular presentara solicitude ante os organos competentes da Xunta de Galicia para a transmisión da autorización interurbana

•Transcurridos tres meses dende a presentación da solicitude de transmisión si non se hubiese dictado e notificado resolución expresa, entenderase desestimada

#### ARTIGO 13: PROHIBICIONS

Non se permite en ningún caso o arrendamento ou calquera outro negocio xurídico que comporte a cesión da explotación das licenzas o transmisión das mesmas e dos vehículos afectos a éstas fóra do estipulado nesta ordenanza.

Toda operación á marxe do procedemento legalmente establecido será sancionado de acordo coas previsións contidas na presente ordena

#### ARTIGO 14 :EXTINCIÓN DAS LICENZAS

•As licenzas de taxi extínguense por:

1.Renuncia do titular ou falecemento, sen herdeiros.

2.Caducidade, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.

3.Revocación por motivos de oportunidade.

#### CADUCIDADE

•Declararase a caducidade das licencias nos seguintes casos:

a)Incumprimento do titular das condicións que xustificaron o otorgamento

b)Non iniciar o servizo transcurrido o prazo de suspensión

c)Non dedicación do titular á actividade (cando fose exixible ) de forma única e exclusiva

d)A obtención, xestión o explotación da licenza de calquera forma non prevista legalmente.

## REVOCACIÓN

Poderan revocarse as licencias de taxi por motivos de oportunidade de interes publico, tales como circunstancias sobrevenidas non imputables ao titular que aconsellase reducir o numero de licenzas por caída da demanda , exceso de oferta o circunstancias xustificadas. Neste soposto o titular terá dereito á correspondente indemnización económica que se determinara de conformidade cos parametros obxetivos que determinen o seu valor real no mercado.

O órgano competente para incoar o expediente de extincion de licenzas, poderá adoptar a prohibición de transmisión da licenza, mediante resolución motivada e como medida provisional, ou outra que se estime axeitada para asegurar a eficacia da resolución que poidera recaer.

As condicións relativas ó outorgamento, modificación e extinción das autorizacións interurbanas de taxi serán as establecidas na lei autonómica sobre transporte público, e supletoriamente na normativa vixente en materia de transporte de viaxeiros por estrada.

## CAPITULO 2 REXISTRO MUNICIPAL DE LICENZAS

### ARTIGO 15 :CONTIDO DO REXISTRO

No rexistro municipal de licenzas anotaranse :

Os titulares das licenzas e seus datos identificativos.

Os condutores dos vehículos afectos as licenzas e seus sus datos identificativos.

Os titulares de permisos municipais de conductor de autotaxi e seus datos identificativos.

Os vehículos afectos as licenzas e seus elementos.

As infraccións cometidas e as sancións impostas aos titulares das licenzas ou ós asalariados correspondentes; e, en xeral, a calquera interesado en posesión do permiso municipal de taxista, por infracción das normas vixentes en materia de autotaxis.

A autorización para exhibir publicidade.

Asimesmo, a efectos meramente informativos, anotaranse as pignoraciones, cargas e gravámenes de licenzas que sexan comunicadas ao Concello mediante certificación o resolución emitida ao efecto polo Rexistrador ou autoridade xudicial competente.

Os titulares das licenzas de autotaxi están obrigados a comunicar os cambios de

domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

### CAPITULO 3 VISADO

#### ARTIGO 16 : OBLIGATORIEDADE

A validez das licenzas quedará condicionada ao seu visado periodico na forma que reglamentariamente se determine .

### TITULO III OS VEHICULOS

#### ARTIGO 17: NORMAS XERAIS

O titular da licenza ten que ser titular do vehículo que se propoña para prestar o servizo, e deberá figurar como tal no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

Nos supostos de transmisión o vehiculo poderá ser o mesmo adscrito a licenza cando o novo titular adquiere a disposición do mesmo .

Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros ou a terceiros, con responsabilidade civil ilimitada.

No permiso de circulación do vehículo deberá constar un domicilio pertencente ó término municipal deste Concello.

#### ARTIGO 18: PROCEDEMENTO

Os titulares das licenzas poderán substituir o vehículo adscrito a mesma por outro máis moderno ou de superiores condicións, sempre que supoña mellora para o servizo, reúna as esixencias desta ordenanza e se obteña a autorización do Concello, previo pagamento dos dereitos e taxas correspondentes e informe favorable na revisión efectuada polos servizos técnicos municipais.

A documentación que o titular deberá presentar con ocasión do cambio de vehículo é a seguinte:

Solicitud con xustificante de pago das taxas por revisión de vehiculo e por emisión de certificado).

Fotocopia compulsada da documentación do vehículo.



Fotocopia compulsada da póliza de responsabilidade civil contratada, na que se mostre, como mínimo, a cobertura da responsabilidade civil con carácter ilimitado e xustificante do pago da mesma

Licenza municipal do vehículo que vai ser substituído.

A documentación que o Concello considere necesaria para a comprobación da correcta prestación do servizo de taxi.

O Concello poderá realizar cantas revisións do vehículo considere necesarias para comprobar o estado de conservación, limpeza a demais condicións exixidas ós vehículos, previa notificación ó titular.

#### ARTIGO 19: PROHIBICIONS

As transmisións dos vehículos adscritos a unha licenza, con independencia da mesma, levan implícita a anulación desta, agás que, previamente, o transmitente aplique a aquela outro vehículo da súa propiedade, contando coa previa autorización municipal.

#### ARTIGO 20: CARACTERISTICAS DOS VEHICULOS

Os vehículos cuya adscripción se solicite a unha licenza de taxi , deberán cumprir cos seguintes requisitos:

Deben ser clasificados como turismos e ter unha antigüidade máxima de dous anos e non exceder de 20.000 Qm. En todo caso deberán ter unha antigüidade e un quilometraxe menor que o vehículo o que substitúan.

Carrocería pechada con portas de fácil acceso.

Catro portas como mínimo que deben resultar accionables a vontade do usuario.

Capacidade mínima para cinco persoas.

O número máximo de prazas será de sete, debendo respectar en todo caso que o espazo interior do vehículo sexa o suficiente para permitir a comodidade dos usuarios.

Cor que aprobe o Concello.

Nas portas dianteiras levarán o anagrama do Concello de Vigo, segundo o modelo oficial que estableza a Corporación.

O número da licenza figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo, coas características e medidas que estableza o Concello. O Concello establecerá con carácter obrigatorio o tamaño, tipo e as características que debe ter o número da licenza. Os distintivos deberán ser adhesivos .

Poderán levar mamparas de seguridade, sempre que sexan homologadas polo órgano competente de industria e sexan autorizadas polos organismos competentes para a inspección técnica dos vehículos e previa autorización do Concello.

Poderán levar sistemas de comunicación ou cámaras por motivos de seguridade, sempre que estén homologados e cumpran a normativa aplicable a este tipo de sistemas especialmente en materia de seguridade e protección de datos e previa autorización do Concello.

Deberán ter unhas condicións mínimas e unhas características no seu habitáculo interior suficientes para proporcionar ó usuario e ao conductor a seguridade e comodidade propia deste tipo de servizo. O Concello podera aprobar especificacions técnicas sobre a materia e homologar vehículos para o servizo de taxis .

Dispositivos de calefacción e aire acondicionado.

Dotación de extintor de incendios.

Deberán levar a placa identificativa de servizo publico .

Alumeado eléctrico interior que permita en horas nocturnas a perfecta visibilidade do cadro de mandos, do taxímetro e de todos os elementos de control do vehículo e que proporcione iluminación suficiente para facilitar o cambio de moeda.

Levarán un taxímetro homologado, debidamente comprobado e precintado, situado na parte dianteira do interior do vehículo no tercio central , de forma que en todo momento resulte visible para o viaxeiro a lectura do precio do transporte, iluminándose no momento que estea en funcionamento .Os taxímetros deberan incorporar obrigatoriamente impresora de factura.

Levarán un dispositivo luminoso na parte superior dianteira do vehículo , aprobado polo Concello , que reflexaran o tipo de tarifa que corresponda no momento , o letreiro de taxi e a luz verde de libre.

Nas portas e na parte posterior levaran xanelas en número suficiente para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles provistas de vidros transparentes e inestillables .

Espacio dedicado a maleteiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado a paxase e suficiente para transportar o equipaxe desta e cunha capacidade mínima de 500 cc.

## ARTIGO 21: DOCUMENTACIÓN

•Os vehículos afectos ó servizo de autotaxis deberán estar provistos da documentación seguinte:

a) Documentos relativos ó propio vehículo e ó seu condutor:

Licencia de autotaxi.

Permiso de circulación del vehículo.

Tarjeta de inspección técnica del vehículo en vigor.

Boletín de control metrológico.

Póliza y recibo de pago del seguro de responsabilidad civil previsto en esta Ordenanza.

Permiso de conducir.

Permiso municipal de conductor de autotaxi.

Tarxeta de conductor.

b) Deben levar nun lugar visible, cando estean de servizo, o tarxeta identificativa de conductor no salpicadero. Este documento sera obrigatorio tanto para os titulares como para os asalariados, e no caso deste último figurará o seu horario de traballo no citado carné.

c) Placa co número da licenza municipal, matrícula e a indicación do número de prazas.

d) A presente Ordenanza, e as súas disposicións complementarias.

e) Impreso oficial das tarifas de prezos vixentes en lugar visible para os usuarios.

f) Talonario de recibos autorizado polo Concello.

g) Libro de reclamacións.

h) Rueiro oficial e plano turístico e listado das direccións e emplazamientos de urxencia en formato papel ou electrónico .

i) En caso de ter instalada mampara, a autorización municipal.

j) En caso de exhibir publicidade, a autorización municipal.

• Os documentos indicados no punto anterior deberán ser exhibidos polo conductor aos inspectores de transportes e axentes da Policía Local cando fosen requeridos para eso.

## ARTIGO 22: ANTIGUEDADE

Os vehículos afectos ó servizo de taxi non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos, quedando automaticamente suspendida a eficacia da licenza, en tanto non se solicite a adscricion dun novo vehiculo . Non obstante e a solicitude do titular os servizos tecnicos municipais poderan informar sobre o estado do vehiculo e autorizarse unha prorroga por un periodo maximo dun ano , prazo durante o cal debera adscribir un novo vehiculo a licenza .

## ARTIGO 23 : PROCEDEMENTO

As solicitudes de cambio de vehículos e no seu caso a solicitude da prorroga ,deberán formularse antes de que expire o prazo de 10 anos do punto anterior e nun prazo máximo de dez días, contados a partir da data de matriculación do citado vehículo.

Unha vez iniciado o expediente, os interesados deberán presentar o vehículo a requerimento dos servizos inspectores do Concello, quen emitirá informe favorable se o mesmo cumpre os requisitos establecidos nesta Ordenanza.

En tanto non se autorice a adscripción do vehículo a licenza o vehículo non poderá prestar o servizo público.

## TITULO IV: OS CONDUCTORES

### ARTIGO 24: NORMAS XERAIS

Para exercer a actividade de conductor de vehículo autotaxi e necesario estar en posesión do correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente, o BTP, e dispoñer do permiso municipal de condutor de taxi expedido polo Concello.

O titular da licenza de taxi soamente poderá contratar un conductor asalariado con plena e exclusiva dedicación no autorizándose as contratacións a tempo parcial.

A relación entre o titular da licenza e as persoas conductoras asalariadas será de carácter laboral

O titular da licenza deberá presentar a solicitude de alta dun conductor asalariado nun prazo máximo de 5 días no Concello, a partir da data da súa contratación.

A documentación que deberá presentar o titular da licenza xunto coa solicitude será a seguinte:

Fotocopia compulsada do Contrato de Traballo.

Vida Laboral do condutor asalariado.

Fotocopia compulsada da alta na Seguridade Social.

Pago das taxas por expedición da tarxeta de condutor.

En tanto non se autorice polo Concello a adscripción do conductor a licenza , non poderá prestar o servizo .

No caso de que o asalariado produza baixa, o titular deberá comunicar a mesma nun prazo máximo de 5 días e entregar a tarxeta de identificación correspondente ao contrato .

## ARTIGO 25 : OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI. CONDICIÓNIS EXISIBLES

Para a obtención do permiso municipal de condutor de taxi, o Concello convocará as probas necesarias como mínimo una vez ao ano, a non ser que haxa circunstancias que motiven a non convocatoria das probas ou que fagan necesaria a convocatoria cunha periodicidade maior. Asimesmo poderan celebrarse probas de aptitud para a obtención do permiso municipal do condutor cando as circunstancias o requiran .

Na convocatoria establecerase a documentación que deberá ser entregada xunto coa solicitude para o dereito á realización da proba por parte do interesado.

As probas que deberan superar os aspirantes serán as que determine o Concello .

Os efectos da convocatoria citada, o interesado que desexe presentarse deberá cumprir os seguintes requisitos:

Aboar as taxas que en cada caso estableza a Ordenanza fiscal aprobada.

Coñecer as vías públicas, lugares de interese turístico, hospitais, oficinas públicas, centros oficiais, hoteis e, en definitiva, os itinerarios máis axeitados e directos para chegar ó punto de destino.

Coñecer a Lei de seguridade vial, a Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como a presente Ordenanza e demais lexislación relativa ó servizo público de taxi, que sexa de aplicación

Non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercizo da profesión. Xustificarase mediante a presentación do certificado médico que acredite tal circunstancia.

Non estar inhabilitado para o exercizo da profesión de taxista por sanción administrativa ou sentenza xudicial firmes.

O Concello informara na convocatoria sobre a lexislación que deberan coñecer os aspirantes, así como as probas que deberan superar os mesmos .

## ARTIGO 26: RENOVACIONES E DUPLICADOS

Os permisos municipais de condutor de taxi terán unha validez de dez anos, podendo ser renovados polo mesmo período, sempre que o interesado acredite cumprir os requisitos necesarios para a obtención do devandito permiso, e acreditar o desempeño habitual da profesión durante o citado período o en toda caso con un mínimo de dous anos . En caso de non exercer a profesión durante o período mínimo esixible debera superar unha proba de aptitude .

Debe solicitarse a renovación do permiso con anterioridade ó vencemento do prazo de validez ata un máximo de dous meses antes .

De non solicitarse con anterioridade ao periodo de validez o dentro do prazo do mes inmediatamente posterior, deberan superar unha proba de aptitude

Asi mesmo, expediranse duplicados dos permisos municipais de condutor de taxi cando sexa necesario nos casos de perda, robo o deterioro . Nos casos de perda o robo deberan presentar a correspondente denuncia ante a Policia Local o Nacional . Nos casos de deterioro deberan entregar o carnet anterior.

#### ARTIGO 27: CADUCIDADE

•Os permisos municipais de condutor de taxi caducarán:

a) Polo transcurso do prazo de dez anos, sen ter solicitada a renovación.

b) Por xubilación do titular do permiso.

c) Cando o permiso de conducir fora retirado pola Autoridade administrativa ou xudicial competente, ou non fora renovado.

d) Nos demais casos previstos na Lei de seguridade vial e resto de normativa aplicable.

#### ARTIGO 28: A TARXETA DE IDENTIFICACIÓN DO CONDUCTOR DE AUTOTAXI

1. Para a adecuada identificación do condutor de autotaxi, o Concello expedirá a tarxeta de identificación de condutor que contendrá unha fotografía do condutor, así como o nome , apelidos, número e data de validez do permiso de condutor de autotaxi; matrícula del vehículo e número da licencia a que se estea adscrito, así como a modalidade laboral na que presta servizo e o horario de traballo

2. A tarxeta de identificación, que deberá portarse sempre que se esté prestando servizo, se colocará na parte inferior dereita da luna dianteira do vehículo de forma que resulte visible desde o exterior do mesmo.

#### TITULO V PUBLICIDADE

#### ARTIGO 29 :NORMAS XERAIS

Para contratar e colocar anuncios publicitarios no interior e exterior dos vehículos, deberá solicitarse ó Concello a correspondente autorización polas Organizacións representativas do Sector, indicando o contido, o formato, o lugar e modo de colocación do anuncio, así coma unha relación dos vehículos nos que se vai instalar, e garantir, debidamente, que os ingresos que se obteñan da publicidade invertiranse en melloras para a prestación do servizo.

Non poderán ser solicitadas autorizacións individualmente .

Non se autorizarán anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcóholicas, sexistas, nin aqueles que poidan resultar contrarios ós criterios fixados pola Corporación.

A publicidade interior irá colocada no respaldo dos asentos dianteiros e os anuncios non serán fíxos nin de adhesión directa, senon que disporán dun soporte, a fin de que poidan ser colocados ou retirados, a decisión do titular da licenza.

A publicidade exterior podera ir colocada na luneta traseira, de forma que no perxudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a vision dos distintivos de taxi dende o exterior, tamen podera colocarse ó longo das portas traseiras, mediante unha banda de 40 cm. de ancho e a lonxitude do ancho da porta traseira.

Asimesmo podera autorizarse na parte superior do vehiculo en soporte homologados para tal fin e sempre que o modelo e o diseño sexa aprobado previamente polo Concello.

Para que o Concello poida autorizar calquera tipo de publicidade nun vehículo é imprescindible que, tanto o titular da licenza como o vehículo, cumbran con tódalas prescricións da presente Ordenanza.

Non podera colocarse publicidade nun vehiculo sen haber sido previamente autorizada .

## TITULO VI PRESTACIÓN DO SERVIZO

### ARTIGO 30 : CONCERTACION DO SERVIZO

A concertación do servizo de taxi efectuarase por petición da persoa usuaria:

Nas paradas establecidas.

Mediante a súa chamada na vía pública.

Por medios telemáticos e telefónicos.

Mediante reserva previa.

Mediante outros sistemas que legalmente poidan establecerse.

A contratación do servizo, levarase a cabo mediante a contratación da capacidade total do vehiculo , agás que se aprobe o sistema de taxi compartido.

### ARTIGO 31 : PREFERENCIA

- Cando os vehículos autotaxis non estean ocupados por pasaxeiros , deberán estar circulando ou situados nas paradas sinaladas ó efecto, a non ser que deban de estacionar en outros lugares seguindo instruccións do usuario, ou por outras necesidades xustificadas sempre que o lugar de estacionamento estea autorizado.

- Cando os condutores de autotaxis que circulen en situación de libre sexan requeridos

por varias persoas o mesmo tempo para a prestación dun servizo , ateneranse as seguintes normas de preferencia:

a)Persoas que se atopen na beirarrua correspondente o sentido de circulación do vehículo.

b)Doentes , impedidos e ancians.

c)Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.

d)As persoas de maior idade.

•Nas paradas a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios e por orde de estacionamento.

•Non podera pararse un taxi nas cercanías das paradas cando nas mesmas houberse taxis libres o usuarios esperando con excepción das persoas de mobilidade reducida.

•Nas áreas de influencia das estacions de ferrocarris, terminais de autobuses interurbanos, porto aeroporto ou lugares análogos, delimitadas pola Corporación, non se poderá coller servizo fora das paradas autorizadas a tal efecto.

## ARTIGO 32 : INICIACION DO SERVIZO

Os vehículos autotaxis , cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación , para indicar a situación de libre , deberán levar encendida na parte superior dianteira da carrocería e conectada có aparato taxímetro, unha luz verde que se apagará o ocuparse o vehículo.

Cando un pasaxeiro faga sinal para deter un autotaxi en situación de “libre” o conductor deberá para-lo vehículo no lugar apto mais proximo, se está circulando, quita-lo libre e non procederá a poñer en marcha o contador do taxímetro ( baixada de bandeira ) , ata ranuda-la marcha para empezar a cumpri-lo servizo que se lle encomende .

Se iniciado un servizo, o conductor esquencerá poñer en marcha o contador , será do seu cargo exclusivo o importe devengado ata o momento de advertir a falta, aínda que fose o de remata-la carreira, con exclusión do importe de baixada de bandeira, a non ser que o pasaxeiro estea disposto a abonarlle a cantidade que, de común acordo, conveñan.

Cando se trate dun servizo contratado por emisora, teléfono u outro medio telemático ,o servizo entenderase iniciado onde estivese o vehiculo pero sin que en ningún caso poida superarse a tarifa fixada como minima cando recolla ao usuario .



### ARTIGO 33: PAGAMENTO DO SERVIZO

O pagamento do importe do servizo efectuarao o usuario no momento en que o servizo remate.

Cando os viaxeiros abandonen transitoriamente o vehículo por eles alugado e os condutores deban esperar o regreso daqueles, poderán recabar dos mesmos, a título de garantía e contra recibo, o importe do percorrido efectuado máis media hora de espera en zona urbana e unha en descampado, esgotada a cal poderán considerarse desvinculados do servizo.

Os condutores de vehículos autotaxis están obrigados a proporcionar ó cliente cambio ata 20 euros; se non dispuxesen do cambio necesario por a citada cantidade, abandonarán o vehículo para proveerse del, parando o taxímetro.

Ó chegar o lugar de destino, o conductor deberá para-lo contador , e, cumprido este requisito indicará o pasaxeiro o importe do servizo.

Asi mesmo, deberá para-lo aparato taxímetro no caso de que , durante o servizo, se produza algún accidente ou avaria no propio vehículo que o interrompa

Os condutores dos vehículo virán obrigados a estender un recibo do importe do servizo.

### ARTIGO 34 : AVARIA O ACCIDENTE

En caso de avaría ou accidente que faga imposible a continuación do servizo, o viaxeiro, que poderá solicitar a súa comprobación ós axentes da autoridade, deberá satisfacer a cantidade que marque o taxímetro ata o momento da avaría ou accidente.

### ARTIGO 35: DENEGACION DO SERVIZO

O condutor dun taxi que fose solicitado persoal, telefónica ou telemáticamente para prestar un servizo, na forma que para estas chamadas estea establecida, non poderá negarse sen causa xusta.

Podera ser motivo de negativa:

a)Ser requerido por individuos que desperten fundada sospeita, caso no que o conductor poderá solicitar a debida identificación perante os axentes da autoridade.

b)Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das plazas autorizadas para o vehículo.

c)Cando calquera dos pasaxeiros se encontre en estado de embriaguez manifesta, ou baixo o efecto de estupefacientes.

d)Cando a vestimenta dos viaxeiros e os bultos, equipaxes ou animais dos que sexan portadores poidan, de forma manifesta, ensuciar, deteriorar ou causar danos no vehículo.

e)Cando as maletas, equipaxes ou bultos que leven os pasaxeiros, non collan no maleteiro e este teña a capacidade legalmente establecida.

f)Cando sexa requerido para prestar servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes o do conductor, como do vehículo.

g)Cando sexa solicitado para finalidades ilícitas o cando concorran circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas o do vehículo.

•O conductor de autotaxi que sexa requirido para prestar servizo a invidentes ou persoas de mobilidade reducida , non poderá negarse polo feito de ir acompañados de can guía ou cadeira de rodas.

#### ARTIGO 36: OBXETOS PERDIDOS

Os obxectos que atopase o conductor no vehiculo deberá entregalos o mesmo día, ou a máis tardar dentro das seguintes 24 horas , nas dependencias da Policial Local ou nos lugares que se designe polo Concello , detallando as circunstancias do atopado e deberán comunicalo no mesmo prazo ao servizo municipal de transportes .

#### ARTIGO 37: FORMA DE PRESTACION DO SERVIZO

Os conductores de vehiculos autotaxi están obrigados a :

a) Entregar ao viaxeiro o recibo do sevizo prestado .

b) Axudar a subir e baixar do vehículo os viaxeiros que o necesiten en razón da idade, discapacidade ou estado de saúde.

c) Recoller a equipaxe do viaxeiro , poñelo no maleteiro e entregalo ao final do servizo

d) Coidar o aspecto persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo.

e) Aumentar ou diminuír o volume da radio e outros dispositivos de audio e vídeo que pode ser instalado no vehículo, ou fóra do mesmo , se o viaxeiro así o solicita.

f) Permitir a apertura ou peche das fiestras da fronte ou de traseiras

g) O respecto a elección do usuario sobre o uso de aire acondicionado ou control de temperatura

h) Facilitar os pasaxeiros que o solicitan o Libro de Reclamacións .

i) Revisar o interior do vehículo, ao final de cada servizo para comprobar se o usuario ten esquecido calquera das súas pertenzas nel.

j) Acenderán a luz interior pola noite, para facilitar a subida e baixada, e o pagamento do servizo.

k)Durante a prestación do servizo, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os condutores proferirán ofensas ou entablarán discusións que alteren a orde, xa sexa entre sí, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.

l)Asimesmo, deberán respetar e admitir o uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servizo.

•Estará prohibido fumar nos vehículos autotaxi , tanto os condutores como os usuarios,

debendo levar nos vehículos un cartel que así o indique.

#### ARTIGO 38: SITUACIONES DE EMERGENCIA

En casos de calamidade pública ou emerxencia grave, o persoal afecto ó servizo de autotaxis así como os vehículos adscritos ó mesmo quedarán a disposición das autoridades a fin de coadxuvar á prestación do servizo público de transporte, sen prexuízo de percibir a correspondente retribución e, no seu caso, a indemnización procedente nos casos de deterioro do vehículo.

#### ARTIGO 39: DESCANSOS

Os vehículos deberán prestar o servizo ó público de maneira continuada salvo o disposto en materia de descansos e vacacións.

En todo caso respetaranse os quendas de servizo no aeroporto regulados pola Xunta de Galicia, de modo que os vehículos que cada día presten servizo en tal lugar non poderán facelo no resto do Concello.

Coa finalidade de mellorar a organización e o control do sector poderan establecerse quendas de descanso, que se regularán polo Concello de acordo coas Asociacións Profesionais e terán como fin contribuir a mellora da atención ós cidadanos e a correcta distribución do traballo axustandoo a demanda. Os turnos de descanso obrigatorio non afectarán ós vehículos que deban prestar servizo ese mesmo día no aeroporto.

Os días de descanso que correspondan a cada licencia sinalarase obrigatoriedade co distintivo que aprobe o Concello .

Non se considerará interrupción do servizo o período de vacacións, que non será superior a trinta días ó ano.

#### ARTIGO 40: PARADAS

O Concello previa consulta as asociacións representativas dos titulares de licencias fixara os puntos de parada nos que os vehículos autotaxi poderan estacionar de forma exclusiva a espera de pasaxeiros. , determinara igualmente o número máximo de vehículos que poden concurrir simultaneamente a cada punto de parada e a forma na que deben estacionar. Para o establecemento das paradas terase en conta, en todo caso e prioritariamente, o mantemento das adecuadas condicións para a fluidez do tráfico.

Os vehículos en circulación no poderán tomar viaxeiros a menos de 100 metros dos puntos de parada establecidos no sentido da marcha.

#### ARTIGO 41: EUROTAXIS

O número de taxis adaptados debe ser suficiente para atender as necesidades existentes en función da poboación e as circunstancias socioeconómicas da zona, polo que o Concello deberá adoptar as medidas necesarias para que o servizo este debidamente cuberto.

Os taxis adaptados darán servizo preferente as persoas con mobilidade reducida , pero non terán ese uso exclusivo.

Os condutores de taxis adaptados serán os responsables da colocación dos anclaxes e cintos de seguridade e da manipulación dos equipamentos instalados que faciliten o acceso aos vehículos e a saída deles das persoas con mobilidade reducida.

#### TITULO VII REXIMEN ECONOMICO

#### ARTIGO 42: NORMAS XERAIS

A prestación do servizo de taxi estará suxeita a un reximen de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do coste real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán una adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

As tarifas podrán ser revisadas periódicamente o, de maneira excepcional, cuando se produxese unha variación dos costes que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

O Concello fixara as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi ; para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa a su aprobación, ao Consejo Gallego de Transportes, en orden a recabar as consideracións que estime pertinentes e as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativos do sector e as de Consumidores e Usuarios.

En todo caso, a aprobación das tarifas estará suxeita a lexislación vixente en materia de prezos.

As tarifas serán de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e para as persoas usuarias.

As tarifas vixentes serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procediese aplicar en determinados servizos .

Podrán establecerse tarifas especiais para determinado tipo de servizos , si así o considera procedente o Concello e sempre que sexa par beneficio dos usuarios .

También podrá establecerse un régimen de tarifas específicas en el supuesto de servizos contratados por plaza individual no caso de que se autorice esta modalidade de prestación .

En tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura armonizada das tarifas, a revisión das mesmas continuara realizándose coa aplicación do IPC do servizo de transporte da Comunidade Autónoma Galega .

## TITULO VIII ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI

### ARTIGO 43. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Sen perjuicio dos dereitos recoñecidos con carácter xeral pola normativa vixente e aqueles outros que lles recoñezan as normas que desenrolan a presente lei, as persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos:

- a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os conductores e conductoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda as persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas , o a mulleres xestantes, debendo cargar e descargar seu equipaxe.
- b) A identificar a persoa conductora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.
- c) A prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en cuanto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.
- d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantizada a seguridade das persoas.
- e) A seleccionar o percorrido que estimen máis adecuado para a prestación do servizo. No suposto de non exercitaren o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia a percorrer como o tempo estimado de duración do servizo, según as condicións de saturación da circulación.
- f) A obter información sobre o número de licenza de taxi o autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables os servizos.
- g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas o con discapacidade visual.
- h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezcan.
- i) A que se facilite a persoa usuaria o cambio de moneda ata a cantidade que legalmente se establezca.
- j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixen e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendió o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa conductora e a petición da persoa usuaria, o itinerario percorrido.
- k) A formular as reclamacións que estimasen oportunas en relación coa prestación do servizo, debendo facilitar o conductor o conductora, a petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.

## ARTÍCULO 44: DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo de taxi haberán de cumprir as normas de utilización que se establezan legalmente tendo, en todo caso, os seguintes deberes:

- a) Adoptar un comportamento respetuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na conducción do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.
- b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réximen de tarifas aprobadas legalmente
- c) Non manipular, destruír o deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.
- d) Absterse de fumar, beber alcohol o consumir calquera tipo de sustancia estupefaciente no interior del vehículo.
- e) Respetar as instrucións da persoa conductora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.
- f) A demais que se establezan na normativa de aplicación .

## TITULO IX: INFRACCIONS E SANCIONS. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

### CAPITULO 1 INFRACCIONS : FALTAS MOI GRAVES, GRAVES E LEVES. PRESCRICIÓN

#### ARTIGO 45 INFRACCIONS

Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas nesta Ordenanza y no resto de normativa aplicable a título de dolo, culpa, ou simple inobservancia.

As infraccións califícanse en moi graves, graves e leves.

#### ARTIGO 46 FALTAS MOI GRAVES

•Considéranse faltas moi graves:

- a) A realización de servizos de taxi carecendo da preceptiva licenza o con a mesma suspendida. anulada, caducada, revocada , sen haber realizado o visado obrigatorio o calquera outra circunstancia pola que as habilitacions para exercer a actividade non sexan válidas .
- b) A prestación de servizos de taxi por persoas que carezan do permiso municipal de condutor de taxi ou habilitados para a prestación do servizo polo Concello nunha determinada licenza
- c) A cesión o transmisión da licenza de taxi sen a preceptiva autorización do Concello.

- d) O falseamento de documentos que tiveran que ser presentados como requisitos para a obtención da licenza o dos datos que deban figurar na mesma .
- e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección que impida o exercizo das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.
- f) Non presentar o vehículo as revisións periódicas que estableza o Concello
- g) O incumprimento por parte do titular do vehículo da obriga de suscribir os seguros obrigatorios.
- h) O incumprimento das obrigacións de prestación do servizo .
- i) Non levar aparato taxímetro, a manipulación do mesmo , facerlo funcionar de maneira inadecuada, impedir a súa visibilidade , asin como todas as accións destinadas a alterar o seu correcto funcionamento, aínda cando este non se encontrase en funcionamento no momento da inspección .
- j) Prestar o servizo con un número de ocupantes que supere o número de prazas autorizadas
- k) A realización de servizos de transporte de persoas mediante cobro individual , agás que estivese autorizado .
- l) O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, das normas de organización do servizo, e a negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencias.
- m) Prestar servizo os días de descanso que se establezan pola Corporación.
- n) Prestar servizo na cidade os días que teñan asignados como de servizo no aeroporto, de acordo coa normativa autonómica.
- ñ) Conducir o vehículo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes.
- o) Calquera outra que se estableza como falta moi grave na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida.
- p) A captación de viaxeiros mediante a formulación persoal de ofertas de viaxes en andenes, vestíbulo de estación, ou escoller pasaxe de calquera outra forma fora das normas prescritas nesta Ordenanza.

#### ARTIGO 47 FALTAS GRAVES

•Considéranse faltas graves:

- a) Carecer do documento para formular reclamacións dos usuarios o negar u obstaculizar a súa disposición ao público
- b) Non atender a demanda de servizo o abandonar un servizo antes da súa finalización ,

salvo que existiesen causas xustificadas de peligro fundado para a persoa conductora o para o vehiculo.

c) Iniciar un servizo de transporte nun termino municipal distinto ao que corresponde a licenza , salvo nos supostos legalmente exceptuados .

d) Incumprir o reximen de tarifas vixente para o servizo de taxis

e) Prestar o servizo con vehículos distintos aos adscritos a licenza.

f) Non cumprir as ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro, percorrendo maiores distancias innecesarias.

g) Non levar no vehiculo a documentación preceptiva

h) A retención de obxectos abandonados no vehiculo sin facer entrega dos mesmos.

i) Non dispoñer do cadro de tarifas e do resto da documentación que tivera que exhibirse para coñecemento dos usuarios .

j) O trato desconsiderado aos clientes , e a non prestación do servizo nas debidas condicións de hixiene e /o calidade exisibles .

k) Esixir novo importe de baixada de bandeira, cando o usuario rectifique o termo de carreira antes de rematar a mesma, o cando se apareara un acompañante..

l) A difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades en vehiculos de turismo sin dispoñer dos correspondentes titulos habilitantes para o exercicio das actividades.

m) Calquera outra que se estableza como falta grave na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida

#### ARTIGO 48: FALTAS LEVES

• Teñen a consideración de faltas leves:

a) Non levar en lugar visible os distintivos que fosen exisibles o levarlos en condicións que dificulten a súa percepción

b) Non respetar os dereitos das persoas usuarias

c) Incumprir as normas sobre publicidade

d) Non entregar o recibo o factura do servizo prestado o entregar un recibo que non cumpra os requisitos establecidos

e) O incumprimento polas persoas usuarias dos deberes que lles corresponden

f) Non levar a placa relativa a súa condición de servizo publico.



- g) Carecer do cambio de moneda ate a cantidade legalmente establecida.
- h) Non aceptar que o usuario faga uso indistintamente das linguas castelá e galega, nas indicacións para a necesaria prestación do servizo.
- i) Carecer de espacio libre no maleteiro .
- j) Calquera outra que se estableza como falta leve na Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia ou noutra normativa legalmente establecida.

- ARTIGO 49 : SANCIONS

As infraccións moi graves poderan sancionarse con:

Multa dende 2001 euros e até 6000 euros.

As infraccións graves poderan sancionarse con:

Multa desde 401 euros a 2000 euros.

As infraccións leves poderan sancionarse con:

Multa até 400 euros.

Ademais das sancions , poderá declararse a caducidade da licenza municipal , asi como do permiso municipal de conductor por incumprir as condicións que xustificaron o seu otorgamento o as que resulten necesarias para o exercicio da actividade .

As sancions se graduaran en función dos danos e perxucios causados a intencionalidade e a reincidencia . Considerarase reincidencia a comision no prazo dun ano de mais dunha infracción administrativa da mesma natureza declarada por resolución firme en via administrativa .

As infraccións e sancións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ó ano.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se cometeu, e o das sancións, dende o día seguinte a aquel en que adquiriu firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interrompirá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e recomenzará o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese para lizado durante máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

No caso das sancións, a prescrición se interrompíra coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá a transcorrer o prazo se o citado procedemento estivese paralizado durante máis dun mes por causa imputable ó infractor.

Todas as sancións, serán anotadas no expediente personal dos profesionais, tanto titulares como resto de condutores, dentro do Rexistro Municipal de Licenzas.

## CAPITULO 2 : PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador será o establecido na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de rexime xurídido das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na normativa que se dicte en materia de transportes e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto

O procedemento sancionador será incoado de oficio:

Por acordo do órgano competente.

Por denuncia dun terceiro. Calquera persoa (particular, Central Sindical, Agrupación Profesional ou Asociación de Consumidores e Usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.

Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador o Órgano competente de oficio o a instancia de parte, nos casos de urxencia para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas, pode adoptar as medidas adecuadas o efecto, medidas que deberan ser confirmadas, modificadas ou levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador que deba producirse nos quince días seguintes al de adopción do acordo

## DISPOSICION TRANSITORIA

Os titulares que no momento de entrada en vigor da presente ordenanza fosen titulares de dous licenzas autorizadas polo Concello, poderán seguir mantendo a súa titularidade hasta que efectúen a transmisión dalguna delas.

## DISPOSICION DERROGATORIA UNICA

Queda derogada na súa totalidade a anterior Ordenanza municipal reguladora do servizo de autotaxi da cidade de Vigo, aprobada polo Pleno da Corporación en data 26 de maio de 1994.

Mantén a súa vixencia a Disposición complementaria para regulación das quendas de descanso do sector de autotaxi da cidade de Vigo aprobada por Acordo Plenario de data 6 de setembro de 2010 e prorrogada por Acordo Plenario de data 31 de xaneiro de 2011, en tanto non sexa substituída por unha nova regulación

## DISPOSICION FINAL PRIMEIRA

A entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten as

materias reguladas na mesma determinara a aplicación daquelas sen perxucio da posterior adaptación no que fose necesario da Ordenanza

#### DISPOSICION FINAL SEGUNDA

De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de rexime local , a presente Ordenanza entrara en vigor aos quince dias habiles da sua publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra , una vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación

### **3.2(111).- COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE PERITO XUDICIAL INFORMÁTICO DO FUNCIONARIO D. SANTIAGO JESÚS MARTÍNEZ PARDO. EXPTE. 1397/110 (REX. PLENO 924/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 16 de xullo de 2014, o secretario xeral do Pleno emitiu o seguinte informe proposta:

"ESCRITO DE D. SANTIAGO JESUS MARTÍNEZ PARDO, FUNCIONARIO DA POLICÍA MUNICIPAL (OFICAL), SOLICITANDO AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DAS ACTIVIDADES DE PROFESOR ASOCIADO DE UNIVERSIDADE E PERITO INFORMÁTICO XUDICIAL.

#### ANTECEDENTES

I

Mediante escrito de data 09.07.2013, Rexistro de Entrada nº 140085439, D. Santiago Jesús Martínez Pardo, funcionario municipal do corpo de Policía, adscrito a posto de oficial, subgrupo C1, código: 212.04, solicita do Pleno do Concello a compatibilidade para:

- O exercicio da actividades de profesor asociado de Universidade.
- Perito xudicial informático.

No expediente consta escrito da Xefatura da Policía no que se manifesta que o posible desempeño de tales actividades non prexudicará o funcionamento do servizo o que está adscrito.

## II

O órgano competente para resolver a autorización solicitada é o Pleno do Concello, artigo, 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal o servizo das Administracións Públicas (en adiante LI), no procedemento incoado consta Resolución do Concelleiro Delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal de data 15.07.2014 nomeando instrutor ao secretario xeral do Pleno.

Non figuran no procedemento, nin son tidos en conta na proposta de acordo que se formula, feitos ou alegacións distintas das aducidas polo interesado, artigo 84.4 Lei 30/1992.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- De conformidade co artigo 4.1 da LI, “Poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como **Profesor universitario** asociado en réxime de dedicación a de tempo parcial e con duración determinada”.

Por outra banda o artigo 6 do mesmo texto legal, tamén referido a “Actividades Públicas”, sinala: “(...) ao persoal incluído no ámbito desta Lei poderá autorizárselle, excepcionalmente a compatibilidade para o *exercicio de actividades de ... asesoramento* en supostos concretos que non correspondan as funcións do persoal adscrito as respectivas Administracións Públicas (... )”.O mesmo precepto no seu segundo parágrafo indica: *“Dita excepción [a de asesoramento] acreditarase ... por requirir especiais cualificacións que só ostenten persoas afectadas polo ámbito de aplicación desta Lei”*

II.- Polo que se refire á actividade de “Profesor universitario” o petionario non concreta como se materializará tal actividade, tan só advirte que realizarase puntualmente e a requirimento das distintas Universidades polo que tal suposto, analoxicamente, debe entenderse incluído nalgunha das actividades de colaboración ocasional do artigo 19 da Lei que quedan excluídas do réxime de incompatibilidades.

III.- A actividade de “perito xudicial informático” (artigo 340 Lei de Enxuízamento Criminal) tamén supón unha colaboración ocasional que se materializa a través da emisión de informes ou ditames ao xulgado en asuntos litixiosos propios de tal especialidade, non obstante esta actividade non se atopa entre as excluídas do réxime de incompatibilidades que menciona o artigo 19, polo que a seguridade xurídica recomenda a súa incardinación no suposto, xa citado, do artigo 6 e polo tanto o seu recoñecemento expreso.

A actividade de “perito xudicial informático”, é un singular suposto de “asesoramento” pois tal función leva implícita, require, dunha especialísima cualificación. Isto non quere dicir que calquera asesoramento que poda demandarse dos empregados públicos municipais se atope incurso neste suposto

excepcional de compatibilidade, debe avaliarse cada caso concreto.

De conformidade co exposto cúmprese o requisito de acreditación sinalado no segundo parágrafo do artigo 6.1 da LI.

Neste suposto resulta de aplicación o límite do artigo 7 da LI, é dicir, as asignacións, suplidos ou indemnizacións que, no seu caso, poda percibir dos distintos xulgados o funcionario en cuestión e as retribucións que ingrese do Concello non poderá superar o 40 % das remuneracións previstas nos Orzamentos Xerais do estado para o cargo de Director Xeral.

En virtude do exposto formúlase o Pleno do Concello de Vigo a seguinte,

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Autorizar ao funcionario do corpo da Policía Municipal D. Santiago Jesús Martínez Pardo adscrito ao posto de oficial, subgrupo C1, código: 212.04 a compatibilidade coa actividade de perito xudicial informático.

**SEGUNDO:** A actividade autorizadas en ningún caso poderán comprometer ou modificar a xornada de traballo e o horario do funcionario autorizado e quedará sen efecto no caso de cambio de posto na Administración Municipal.

**TERCEIRO:** Notificar o acordo, os efectos que proceda, á Xefatura da Policía Municipal, ao Departamento de Recursos Humanos do Concello de Vigo.

**CUARTO:** Notificar o acordo ao interesado facendo constar que pon fin a vía administrativa, contra o mesmo, sen prexuízo doutros medios de defensa, pode interpoñerse ante Pleno do Concello de Vigo, recurso potestativo de reposición no prazo do mes seguinte á data da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa xurisdición da Cidade de Vigo no prazo dos dous meses seguintes, non poderán simultanearse."

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de xullo de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte:

**ACORDO:**

Aprobar a proposta formulada polo secretario xeral do Pleno en data 16 de xullo de

2014, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**3.3(112).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2014. EXPTE. 102386/140 ( REX. PLENO 922/1101).**

ANTECEDENTES.- O interventor xeral municipal, por escrito de data 7 de xullo de 2014, informa do que segue:

"Asunto: Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao Segundo Trimestre do 2014, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2014, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que "Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conducto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación".

A información que se remite corresponde ao primeiro semestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de xuño de 2014.

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Adxúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos que se deducen dos estados consolidados, recollendo estes a información da Entidade e dos seus organismos autónomos, Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escuela Municipal de Artes e Oficios.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/06/2014, a recadación e pagamentos de pechados dos estados consolidados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados refírense exclusivamente á Entidade Local

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acreedores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Adxúntase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagamentos tanto de orzamento corrente como de pechados.”

*No expediente figuran os cadros contables debidamente dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno*

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 21 de xullo, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Traemos ao Pleno tal e como manda a lexislación vixente, a execución do Orzamento do 2º trimestre do ano 2014, que recolle os rexistros dende o 1 de xaneiro ata 30 xullo de 2014.

No que se refire aos gastos, os índices de execución están sendo similares aos dos exercicios precedentes que como todos vostedes saben son extraordinarios, quero determe moi brevemente no capítulo xesto, investimentos reais, xa que tódolos procedementos administrativos de licitación están en marcha, ao que tendo en conta a data na que o Orzamento 2014 é executivo, resulta unha noticia moi positiva que vai permitir que tódolos proxectos que estaban propostos se podan realizar en tempo e forma.

No que se refire no conxunto da execución dos gastos, dicir que as previsións que se propoñen da cara ao final de ano, estarán entorno ao 98%.

No que se refire ao tema dos ingresos, a súa materialización vai estar en función do calendario fiscal do exercicio do 2014 para o período voluntario, en consecuencia para determinar esas previsións se se cumpriran hai que facelo análise dos últimos seis anos no que as liquidacións netas sempre superaron as previsións estiveron por enriba do 100%, polo tanto, non temos ningunha dúbida de que se vai cumprir cos obxectivos dos ingresos.

En relación co que se refire a Tesourería, a situación tamén é de normalidade, podería entrar nos datos de cada un dos capítulos de gastos, as porcentaxes que se prevén que se cumpran ao final de ano en cada un dos capítulos pero iso está na documentación e non é importante, eu creo que o importante é entrar no que significa executar os gastos nunha porcentaxe moi alta, significa que tódalas propostas de inversións na cidade vanse cumprir, polo tanto, vaise seguir camiñando de cara á modernización da cidade, a crear emprego con políticas “keynesianas”, como ningunha outra cidade de España está a facer, executar o Orzamento significa que as persoas que teñen problemas de alimentación, para facer fronte ao custo do aluguer, que teñen e viven na pobreza enerxética vaian a poder facerlle fronte, executar o Orzamento en porcentaxes tan altos como se executan neste Concello moi preto do 100%, significa que os comedores escolares da cidade non van ter nin un só neno que non faga as comidas que necesita ao día. Executar o Orzamento nas porcentaxes tan importantes como se están a producir, significa que imos poder seguir xerando emprego a través dos plans de emprego que xa están en marcha.

A día de hoxe, despois de aprobar moi recentemente o Orzamento, xa moitas viguesas/es teñen un posto de traballo dado que están en marcha os plans de emprego. Ter unha execución do Orzamento tan importante como a que ten este Concello, significa que os centros de educación infantil da nosa cidade poden prestar servizos educativos, en moitos casos totalmente gratuítos, para os nenos da cidade, para permitir ademais a conciliación da vida laboral e familiar, ter un orzamento con este nivel tan importante de execución, significa que as mulleres que sofren violencia de xénero van poder ser atendidas coas partidas que o Orzamento contempla, ter unha execución tan importante como a que temos tido nos últimos sete anos de goberno desta cidade, significa que tódalas mulleres e homes de Vigo teñen respostas a tódalas súas necesidades e que a cidade pode seguir polo camiño do impulso, da modernización, da economía e do emprego.

SRA. VELOSO RÍOS: Comezou a Sra. Silva cualificando o Estado de Execución de ingresos e gastos deste Concello de extraordinario, non agardábamos menos porque neste cidade todo é extraordinario, as festas son extraordinarias, o Estado de Execución de gasto é extraordinario, por ser extraordinarios ata temos un



extraordinario pacto orzamentario entre o Partido Socialista e o Partido Popular. Extraordinario, inédito, sorprendente e que efectivamente pois da para seguir facendo declaracións puramente electoralistas e partidistas que é o que están facendo e cada vez imos a peor, cada vez que se achegan máis as eleccións e o ano que ven é ano electoral con dúas citas electorais, creo que vai ir a peor e todo vai ser cada vez máis extraordinario, é todo moi extraordinario.

Como extraordinario é tamén pois que aquí estamos denunciando neste Pleno por parte do Bloque Nacionalista Galego que as indemnizacións que lles corresponden aos cidadáns por parte do Concello se tarden meses e incluso anos en pagar, poñendo en serias dificultades económicas a moitos cidadáns/ás que agora mesmo están atravesando unha situación complicada e disto xa falamos nalgún Pleno anteriormente.

Como extraordinario é que asociacións, entidades que teñen que pagar avais para celebrar eventos nesta cidade tarden meses tamén en cobralos, en que se lles devolva por parte deste Concello, como extraordinario é o colapso que se está vivindo nos servizos sociais deste Concello, recoñecido ademais pola propia responsable dos servizos sociais, aínda que agora pon cara de sorprendida. Pero extraordinario é que haxa máis de 3.000 solicitudes de axudas de emerxencia colapsadas, e extraordinario é o colapso denunciado polas propias traballadoras sociais deste Concello, e aí se que non se fai un extraordinario esforzo para aumentala contratación; por exemplo, cando se fala de creación de emprego, nós solicitamos que se cre emprego contando con máis traballadoras sociais ou educadoras sociais neste Concello, para poder atender as necesidades reais da cidadanía, as necesidades da xente que precisa axuda para atender as súas necesidades máis urxentes e básicas e que están extraordinariamente desatendidas por un Concello que presume de ser un Concello cunha situación económica extraordinaria e que debería poñer como prioridades estas necesidades básicas e non outras destinadas a facerse fotos e a conseguir titulares de prensa.

Como extraordinario é que ao mesmo tempo que amortizamos débeda de maneira anticipada esteamos contratando créditos, iso si que é extraordinario. É unha situación extraordinariamente contraditoria que está vivindo este Concello, unha situación económica boiante que nos fai ser o mellor Concello de todo o Estado e de parte do Planeta e que deixa desatendidas a moitas persoas que agora mesmo

necesitan axuda de maneira urxente, e que ten como extraordinarias as vendas de titulares e de fotos pero que está desatendendo a moitas persoas e que non está priorizando correctamente o uso dos cartos públicos de todos e de todas, non o está facendo, realmente a execución do gasto si se corresponde coas prioridades deste Goberno, pero non se corresponde en absoluto coas prioridades desta cidade nun momento como o que estamos atravesando.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Benvida en primeiro lugar e parabén por parte do Grupo Popular pola súa nova responsabilidade á nova concelleira a Sra. Alonso Suárez, desexámoslle toda a sorte do mundo, porque será bo para esta Corporación e para a cidade de Vigo.

Sra. Silva Rego, este é o primeiro Pleno no que vostede asume as responsabilidade de Economía e Facenda e aínda sendo unha persoa de letras como vostede mesma definiuse algunha vez, desexámoslle de todo corazón tamén dende o Partido Popular que teña éxito nesta nova etapa ao fronte das contas do Concello.

Por parte do Partido Popular vai ter toda a colaboración que necesite e por iso vai a nosa constante e permanente oferta de diálogo, nos como sabe o Partido Popular fomos os primeiros en apostar en Vigo por un novo estilo de facer política, antepoñendo os intereses xerais da cidade e dos cidadáns aos puramente políticos. A xestión económica do Concello é algo moi importante e por iso asegúrolle que para estes temas vai contar sempre coa nosa axuda, coa do principal partido da cidade, do Partido Popular.

Ademais, para unha persoa tan ocupada como vostede, agora parece que vai ter un pouco máis de tempo, xa que a tarefa que tiña antes encomendada no Partido Socialista polo Sr. Rubalcaba pois agora parece ser que co novo Secretario Xeral do PSOE, xa non vai ter que facela polo tanto, cremos que ese tempo que aforra vai poder dedicalo a outras cuestións importantes como a xestión do Orzamento, porque neste asunto Sra. Silva, e á vista dos datos que nos ofrece Intervención, tarefa non lle vai falar na xestión do Orzamento, porque o balance da execución do primeiro semestre non é para nada bo, Sra. Silva, porque en primeiro lugar o nivel de execución de gasto é tan só dun 34%, xa estamos en xullo e debería ser ao menos o 50% porque estamos na metade do ano, incluso máis baixo que o ano pasado que era baixo, do 35%, que xa era un mal dato.

Polo tanto, como resumo a este apartado da execución do gasto, como ben sendo habitual, os vigueses pagan moito porque pagan relixiosamente os seus impostos pero reciben ao final pouco do Orzamento municipal.

Se vemos a parte do capítulo de investimentos que ao final é o que máis se nota no cidadá, a execución é mala, "malísima", porque só se executou a estas alturas de ano un euro de cada dez, e isto que quere dicir? Pois o que vimos denunciando dende hai moito tempo, que vostedes levan máis dun ano de atraso, a estas alturas e no mellor dos casos estanse rematando obras do Orzamento do 2013, estase rematando a rúa Brasil, acabase de inaugurar o final da rúa Tomás Alonso, a rotonda de Navia, pero é que hai obras do Orzamento de 2013 que nin sequera empezaron, e estamos en xullo de 2014, hai moitas obras do Orzamentos do 2013 que nin sequera empezaron, claro senón se executa o Orzamento logo evidentemente hai superávit. Cales me preguntan? Marqués de Valterra, a primeira fase da rúa Hispanidade, Pintor Colmeiro, a última fase da rúa Aragón, Ramón Nieto, a escola infantil de Lavadores, e podo seguir, está no Orzamento de 2013, Sr. Regades.

Claro se as do 2013 aínda non están nin rematadas, nin feitas, nin empezadas as do 2014 nin están nin se lle esperan, entón non sei para cando será, supoño que para a véspera das eleccións municipais cando empezarán con Rosalía de Castro, con María Berdiales, coa rúa Gerona, coa Casa do Patín, imaxínome porque esas son as do Orzamento do 2014. Isto que é o que fai? Que a cidade estea a medio gas, estea ao ralentí.

En segundo lugar, porque o Estado de Execución é tamén sobre a Tesourería, pois a Tesourería son os cartos que temos na caixa, a un de xaneiro 77 millóns de euros, a 31 de marzo 60 millóns de euros, a 30 de xuño 47 millóns, ou sexa pasamos de 77, a 60 a 47, estamos chegando xa á reserva, o depósito está chegando á reserva, sobran comentarios, os datos falan por se mesmos.

SRA. SILVA REGO: Eu sempre digo que son unha persoa de letras porque me encanta ler, levo lendo dende que tiña cinco anos que é cando aprendín, pero son licenciada en Dereito Económico con unha notas, non quero presumir porque non me gusta, son humilde e non quero presumir, pero licenciada en Dereito Económico.

Si estou moi ocupada pero sabe vostede por que? Porque eu a isto da política, á defensa do público, dos valores, dos principios, dos dereitos da xente, dedícolle quince horas ao día de traballo, vostede hora e media por iso vostede non podería xamais ter os cargos que eu teño porque vostede con hora e media é imposible, eu dedícolle catorce horas ao día a traballar pola xente. Eu estou orgullosa de tódolos cargos que o Partido Socialista tivo a ben propoñer que ocupara, agradézollo moito, vostede xamais tivo ningún cargo a nivel nacional no Partido Popular, nin vostede, nin ningún dos que se sentan aí, será porque non teñen tanta capacidade ou porque non os valora tanto o seu partido como a min me valora. Por certo, agradézollo moito ao Partido Socialista, como vostede sabe, vostede que é licenciado en Económicas, debería saber, xa vexo que sabe menos que eu, que é normal que no primeiro semestre do ano o nivel de execución sexa baixo porque cando se produce é no segundo semestre, vostede sábeo moi ben, por certo iso estudase en Económicas, eu estudeino en Dereito Económico, que isto ocorre sempre así, vostede igual ese día non asistiu á clase. Polo tanto, ao final de ano a execución estará moi preto do 100%, todo está en marcha, tódolos proxectos, pero como se atreve vostede a falar de obras que cando vostedes gobernaron, que gobernaron sete anos nesta cidade non foron capaces de facer máis que sete rúas e nós levamos facendo decenas e decenas e non só no centro para os ricos, tamén nas parroquias e nas zonas periféricas, pero como vostede se atreve a falar de min de execución e de xestión, pero si a xestión deste goberno é extraordinaria. Si, en Vigo todo é extraordinario, Sra. Veloso, a vostedes xa lles gustaría que non porque aos seus xefes do norte preferirían que ao sur e a Vigo lle foran mal pois si cidadáns de Vigo séntanse orgullosos de que nesta cidade todo é extraordinario, somos unha cidade extraordinaria, a mellor cidade de Galicia, a que ten o Orzamento máis social de toda España, demostreino con datos, compareino cun concello que governe Esquerda Unida e co concello que goberna o Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra, superámoslle con creces, somos o concello mellor xestionado de España, gústelle ou non ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Popular, o mellor.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

**4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se realizaron.

**5.- MOCIÓNS:**

**5.1(113).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A APROBAR O EXPEDIENTE DE GASTO E INICIAR AS OBRAS DA NOVA SEDE DA TESOURERÍA DA SEGURIDADE SOCIAL EN VIGO. EXPTE. 929/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo de 2014, número 929/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de abril de 2011 a Tesorería Xeral da Seguridade Social solicitou licenza de derrube de edificio sito na Avda. García Barbón nº 72, excepto fachada, e licenza para construír un novo edificio como sede da Tesorería da Seguridade Social en Vigo. A Xerencia de Urbanismo concedeu licenza para estes proxectos na data de 24 de outubro de 2011.

O 30 de xullo de 2013 a Tesorería solicita prórroga da licenza por estar o gasto do proxecto en fase de tramitación e en espera de aprobación polo Consello de Ministros. Concédese pola Xerencia de Urbanismo esta prórroga.

Na data de 1 de xullo de 2014, a Tesorería solicita una segunda prórroga alegando os mesmos motivos de tramitación do gasto.

A Seguridade Social abonou por licenza uns 800.000 euros, a esta cantidade engádese os gastos por adquisición da parcela e edificación actuais e os honorarios de redacción de proxectos, en total un considerable desembolso de fondos

públicos.

Este proxecto é de especial importancia para a cidade de Vigo e para toda a provincia, porque dotará aos cidadáns dunha nova sede provincial da Tesorería da Seguridade Social conforme ás demandas atendidas e que permita superar as dificultades das precarias instalacións actuais, que sitúanse na entreplanta dun edificio de vivenda colectiva, e que incumpre a normativa de accesibilidade. O novo servizo é imprescindible para unha mellor atención aos cidadáns e unha demanda ineludible para a propia Tesorería.

Urbanísticamente o novo proxecto completa o desenvolvemento do ámbito da Metalúrxica, nunha zona central da cidade e cun edificio en ruínas do cal se pretende conservar a fachada en notable deterioro e con perigo da súa perda. A execución do derrube está condicionada á conservación e reconstrución da fachada. O abandono dende 2005 desta peza fai dubidar da súa rehabilitación.

No prazo de máis de dous anos dende que se concedeu licenza, non hai avances na actuación programada polo Ministerio de Empleo e Seguridade Social. A precaria situación das instalacións actuais da sede central da Tesorería que atende a numerosos cidadáns a cotío e o respecto pola salvagarda do patrimonio edificado con valor arquitectónico e histórico demanda que o Grupo municipal do Partido Socialista someta á consideración do Pleno a adopción do seguinte

#### ACORDO

-Instar ao Goberno do Estado a aprobar o expediente de gasto e iniciar as obras da nova sede da Tesorería da Seguridade Social en Vigo, no ámbito da Metalúrxica, para o que obtivo licenza en 2011.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de xullo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Encántame comezar con esta moción porque na anterior nos acusaba o Partido Popular de que non levabamos moi ben os temas administrativos de gasto e esta moción que hoxe presentamos ten moito que ver coa incapacidade do Goberno de España para facer un trámite que comezou no ano 2011, estamos finalizando o 2014 e aínda segue gardado nun caixón porque o procedemento administrativo non se puxo en marcha, sona a broma as cousas que un ten que escoitar aquí neste Pleno.

Hai máis de tres anos que a Tesourería Xeral da Seguridade Social solicitou licencia de derruba do edificio no ámbito da metalurxia na Avda. de García Barbón nº 72, que tiña que conservar a fachada porque está protexida e tamén a licencia para construír un novo edificio como sede da Tesourería da Seguridade Social en Vigo. A Xerencia de Urbanismo concedeu para estes dous proxectos a licencia en outubro de 2011, xa choveu dende aquela. O 30 de xullo de 2013, dous anos despois, a Tesourería solicita prorroga aducindo que o gasto do proxecto estaba en tramitación e pendente da aprobación polo Consello de Ministros, dende a Xerencia procedeuse á concesión da prórroga porque entendíamos que a vontade do Goberno era construír o novo edificio da Tesourería, e que o atraso respondía a unha cuestión meramente administrativa, non son moi rápidos en executar os proxectos nin o Goberno de España nin a Xunta de Galicia, imos ver se é certo que teñen vontade pero hoxe xa non confiamos en que se trate dunha cuestión de trámite, senón que nós temémonos que este proxecto está aparcado nun caixón, por certo algo habitual nos gobernos do Partido Popular cando se trata de Vigo, faino a Deputación, faino a Xunta de Galicia e tamén o fai o Goberno de España, meten os proxectos de Vigo nun caixón. Digo isto, porque de novo o 1 de xullo deste mesmo ano 2014, a Tesourería solicita de novo unha prorroga alegando os mesmos motivos de tramitación do gasto, levan máis de tres anos para tramitar o gasto, oian teñen que despedir a quen se adica á tramitación destes gastos, porque tres anos para tramitar un proxecto xa é tempo. Cal é problema disto? O problema disto non é simplemente que está a afectarse a unha edificación protexida moi importante do Patrimonio de Vigo que está a punto de derrubarse e que como seguimos así nin sequera imos poder salvar a fachada, non, trátase de que a Tesourería da Seguridade Social en Vigo presta os seus servizos nun semisoto que non cumpre con ningunha das regulacións e polo tanto as cidadás/ans de Vigo están mal atendidos, e que é o máis grave? O máis grave é que non hai ningunha cidade en España, ningunha provincia en España que non teña un novo edificio da Tesourería da Seguridade Social.

A única que está aparcada é a de Vigo, isto non pode ser señores e señoras do Partido Popular. Eu presento hoxe esta moción, por certo tiven moita paciencia porque levo esperando máis de tres anos e tamén concedemos esta segunda prorroga tamén no ánimo de esperar a ver se por fin sae do caixón o proxecto, se

aproba e se inicia a construción da Tesourería de Vigo nun ámbito tan importante como é o da metalúrxica, volvémosla a dar pero eu ademais de que estou segura de que van votar a favor desta moción, non teño ningunha dúbida de que vai así, señores do Partido Popular, eu pídolles que ademais levanten o teléfono e falen coa ministra coa Sra. Fátima Báñez, e lle digan que por favor quiten do caixón o proxecto, o aproben e inicien as obras, eu falei con ela persoalmente hai seis meses, e díxome que si, que o ía a axilizar, pasaron seis meses e segue estando no caixón, eu digo, ao mellor pode ser que eu teña un concepto estraño do que é ser áxil, probablemente porque estou acostumada que aquí neste goberno municipal si que as obras se realicen en tempo e en forma, con calidade e non estean gardadas nin facturas, nin proxectos nos caixóns.

SR. ALONSO PÉREZ: Ben, aquí temos de novo un “culebrón” de falla de compromiso do Goberno do Estado con obras que se anuncian unha e outra vez e non se dan executado. Efectivamente non ano 2005 a Seguridade Social merca os terreos de García Barbón 72, onde estaba situada a antiga metalúrxica, e no ano 2011 a Tesourería da Seguridade Social solicita licencia de derrubo e a construción dun novo edificio e exceptúa a fachada porque era unha fachada a conservar, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego no PXOM e nestes momentos por falla de execución desta obra estase deteriorando esta fachada e nos tememos que pase o que xa aconteceu coa fachada da estación de RENFE, que tiña a mesma catalogación de fachada a conservar, porque son edificios singulares da cidade, e resulta que están as pedras apiadas por falla de sensibilidade do Alcalde e da ministra Ana Pastor porque o Bloque Nacionalista Galego solicitou que esta fachada que é edificio tamén a conservar, a da estación do tren en Urzaiz do ferrocarril, tamén se utilizara na nova estación, e segue aí sen ter en conta. Pois nos tememos que a fachada da metalúrxica sufra a mesma situación.

Seguimos cronoloxicamente coa situación que se está dando ao respecto deste edificio, no 2012 o 24 de outubro, a Xerencia de Urbanismo concede licencia e a vicepresidencia da Xerencia de Urbanismo, mediante resolución de data de 21 de febreiro de 2013, se lle concede a primeira prórroga por seis meses, o 30 de xullo do 2013, a Tesourería solicita unha nova prórroga que xa é a segunda, polo tanto xa van dúas, e a arquitecta municipal xa lle advirte a quen solicita a obra, que ven sen



determinar o prazo concreto para o inicio e a execución da obra, e na notificación da licencia tamén lle advirte que pode ser declarada de caducidade senón cumpre unha serie de requisitos que están na lei, como que se non comezan as obras no prazo de seis meses dende o seguinte ás da notificación do seu outorgamento, se estando iniciadas estivesen interrompidas polo mesmo período ou se ós dous anos as obras non estivesen rematadas, neste suposto deberá solicitar nova licencia para as obras que fallen por executar.

Ou sexa, aquí corremos riscos reais de incumprimento da lei por non cumprir o goberno coa cidade de Vigo e coa solicitude de licencia.

O 19 de decembro concédeselle a prórroga e agora o 1 de xullo a Tesourería solicita unha terceira prórroga, está mal a moción que fala da segunda, é a terceira prórroga de acordo cos datos que están na Xerencia.

Efectivamente, é importante que Vigo conte cun novo edificio para a Tesourería da Seguridade Social porque hoxe están nunhas condicións en García Barbón 36 que non son as adecuadas, é un edificio que non ten onde aparcar, é un edificio que non reúne as normativas de accesibilidade e ademais pasa unha cuestión, como non ten espacio suficiente, resulta que a Tesourería ten locais dispersos, sucursais por toda a cidade, en López Mora, Doctor Cadaval, en San Roque, ten os arquivos dispersos, que iso é dende o punto de vista administrativo un desastre para poder atender adecuadamente as necesidades da cidade.

Isto vese que é unha necesidade da cidade, que o Goberno non está atendendo e que por desgracia a “entente cordiale” do Partido Popular e do Partido Socialista que pactan o Orzamento e negocian o Orzamento son incapaces de desbloquear cuestións como esta, son incapaces de desbloquear e así segue Vigo, sen ter un novo edificio como merece da Tesourería porque o Goberno do Estado despreza a cidade, non é unha prioridade para a cidade, e o Goberno da cidade é incapaz de negociar e quitar adiante estas cuestións.

Imos votar a favor da moción porque é unha necesidade da cidade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Silva eu non sei se son as quince horas que lle dedica ao día ao traballo pero quizais lle faga falla un pequeno respiro porque eu o que lle dicía era con todo o cariño, dicíndolle que se vai adicar máis tempo a unha nova responsabilidade é lóxico que deixe algunha outra, é o normal porque o que moito

abarca, Sra. Silva, pouco aperta.

Non teñan vostedes ningunha dúbida de que o edificio que vostedes deixaron sen construír vaise facer e o fará o Goberno do Partido Popular, como fixo o Goberno do Partido Popular coa Depuradora de Vigo co novo hospital público do máximo nivel, palabras da Sra. Matilde Rodríguez Ruíz, do máximo nivel. Como tamén o fixo coa chegada do AVE a Vigo, esa que prometeu o Alcalde para o 2012, tamén vaina rematar o Partido Popular, coa nova terminal do Aeroporto, coa ampliación do peirao do Areal que vostedes non fixeron e a fixo tamén o Partido Popular, coa posta en marcha da Autoestrada do Mar, coa ampliación da Ponte de Rande e coa entrada a Vigo, tamén vaino facer o Partido Popular, igual que o edificio da Tesourería, claro que si. Tamén vai facer o Partido Popular un novo acceso a Vigo dende Mos coa construción dun novo túnel que elimine as curvas da autovía que ven coñece o Sr. Abel Caballero porque as planificou cando estaba no ministerio en Madrid, hai xa bastante tempo e que custou bastantes accidentes e vidas humanas, iso vaino facer o Partido Popular, todas esas obras que vostedes non fixeron vainas facer o Partido Popular, porque como todo mundo sabe o Partido Popular recibiu en decembro do ano 2011, de mans do Partido Socialista un país quebrado, ao borde do rescate, un país totalmente quebrado, por iso o prioritario e urxente nos anos 12 e 13 era poñer en orde o país, resolver os grandes problemas da economía española, os desequilibrios que vostedes deixaron, o déficit público, o déficit exterior, a inflación desbocada, un sistema financeiro quebrado, unha enorme débeda externa e moitos problemas de competitividade, por iso na lexislatura do Sr. Zapatero, do Partido Socialista do ano 2008 ao ano 2011, perdéronse en España 3.400.000 postos de traballo, nada menos.

Vostedes teñen os datos, non é un tema administrativo como vostede di Sra. Silva, o terreo da metalúrxica está comprado e está pagado, o proxecto está feito e está pagado, a licencia de obras está aprobada e pagada as taxas municipais correspondentes, que non son poucas, e as prórrogas tamén se pagaron, que é o que fala? Falla quitar a licitación a obra, pero iso son 25 millóns de euros, ademais do terreo que xa está pagado e que eran 11 millóns e do proxecto e das licencias. Infórmolle que se vai facer, e ademais algo moi importante que a obra pode outro financiarse nunha parte importante porque deixaría libre 7.000 metros cadrados, se se van desas oficinas, das súas propiedade quedan libres e pódense alugar ou

vender, e eses cartos como calquera que xestionaría, adiántolle algo máis que o Goberno ten previsto incluso concentrar en Vigo as sedes comarcais do Instituto Nacional da Seguridade Social que reunificaría as oficinas de Baiona, a Cañiza, Ponteareas, Cangas e Tui, e ten previsto facelo en Vigo e non na capital da provincia, en Pontevedra, porque Vigo ten unha categoría máis importante.

A construción da nova dirección suporá mellorar a xestión, concentrar as áreas de recadación voluntaria, executiva, os procedementos especiais, practicamente tódolos servizos que están entre García Barbón e o edificio do Doctor Cadaval, incluso nas sedes da intervención vanse poder concentrar aí, non se preocupe que o Partido Popular vai facer o que vostedes deixaron sen facer.

PRESIDENCIA: Por facerlle algunha aclaración, eu fun ministro de Transportes, teño o enorme orgullo de telo sido do Goberno de España, non fun ministro de Obras Públicas, dicir que nada que teña que ver con autovías ten que ver coa miña xestión dende o ministerio, polo tanto, cada un responde do que fai, eu si podo responder de que a ampliación da pista do Aeroporto de Vigo, actualmente en uso, que nunca máis se volveu a ampliar porque xa non é necesario, foi inaugurada por min e iso me fixo ser acredor dun recoñecemento por parte deste Concello, poñer en marcha a terminal anterior do Aeroporto de Vigo e inaugurar unha estación nesta cidade e iniciar remodelación nas áreas de correos que era as que eu levaba, se houbera sido ministro de Obras Públicas nunca xamais se houbera feito esa autovía co trazado que ten, pódollo garantir.

SRA. SILVA REGO: Con amor, Sr. Fidalgo, porque hoxe atopémonos vostede e eu cariñosos, seguramente será porque estamos en verán e o mes de xullo é o que ten, a xente síntese máis cariñosa e con moito cariño volve dicir que non se esqueza vostede que eu son muller e polo tanto son capaz de facer máis dunha cousa ao mesmo tempo, porque a través dos séculos non nos quedou máis remedio que traballar moito para ocupar os espazos que vostedes ocuparon sempre traballando moi pouco e por certo, logo é unha cuestión de capacidade, de compromiso, de querer estar ao lado da xente tódalas horas que fagan falla. A xestión de tódalas concellerías que eu levo está aí, é comparable con calquera, con nota por certo non me quero meter hoxe co Sr. Figueroa, e polo tanto non vou facer

comparacións de xestión, porque non quero. Eu o único que quero escoitar de vostede hoxe é cando van a construír o edificio, se levan tres anos e o que aduce a ministra, Sra. Fátima Báñez, esa que fixo unha reforma laboral que quitou tódolos dereitos aos traballadores, esa mesma ministra que só crea traballos precarios e sen dereitos, esa ministra que está pisando á clase media e aos traballadores deste país, esa ministra o que di é que está pendente de que se inicie o proceso administrativo, oia tres anos, non me veña con historias, dígame cando, vostede que é militante e dirixente en Vigo do Partido Popular colla o teléfono e dígalle Sra. Báñez, a Tenente de Alcalde de Vigo, que é a concelleira de Urbanismo a que deu as prórrogas para ver se temos a sorte de que esta vez si cumpra a goberno de España con Vigo, pregúntame que cando, só dígame iso, cando. A ver si mañá na rolda de prensa que dan habitual, vostedes din que xa falaron coa ministra onte mesmo e dime que comeza en setembro a construír o edificio da Tesourería.

Sr. Alonso, a fachada a conservar non foi iniciativa do Bloque Nacionalista Galega, é que é obrigatorio, márcao a Lei de Patrimonio Histórico, é a lei a que di cales son os edificios a protexer, está na Lei, e mire encántame Sr. Alonso que vostede diga que o Alcalde sexa o responsable dunha fachada da estación de RENFE, que por certo, cando se derribou o Alcalde de Vigo non era concelleiro, estaba noutras responsabilidades políticas, vostedes si que estaban aquí gobernando, o Sr. Alcalde e tódolos que estamos aquí ningún. Polo tanto, vostedes terán parte de responsabilidade por non haber sido reivindicativos con esa fachada, pero en todo caso Sr. Alcalde é vostede tan importante que todo o que pasa no mundo mundial tamén vostede pode ter algo que facer.

PRESIDENCIA: Dígame Sr. Alonso

SR. ALONSO PÉREZ: Que non me cambien o nome, chámome Xabier Alonso.

SRA. SILVA REGO: Sr. Alonso, perdón, Xabier Alonso, ten vostede razón, vostede ten ese nome e eu recoñezolle polo seu nome, desculpe que non lle teña chamado Xabier, por suposto Sr. Xabier Alonso.

PRESIDENCIA: En todo caso Sr. Alonso, sendo eu ministro de Transportes voulle dicir

algo a vostede porque xa que fixo alusión voulo dicir, eu acordei con este Concello que esa fachada continuaba en pe, e fíxose a outra estación detrás e quedou a fachada en pe. Foron responsables municipais despois, os que a tombaron, a tiraron e a fixeron desaparecer dese lugar, porque a proposta do Ministerio de Transportes era converter ese ámbito nun lugar social para a cidade de Vigo para a que se acondicionaba especialmente ben, se se fixera esa proposta do Ministerio de Transportes sendo eu ministro, esa fachada estaría aínda hoxe en pe.

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.07.2014 (Rex. Nº 929/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(114).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A AXILIZAR A TRAMITACIÓN DO CERTIFICADO DE MINUSVALÍA PARA FACILITAR A TARXETA DE ESTACIONAMENTO AS PERSOAS CON MINUSVALÍA. EXPTE. 930/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xullo de 2014, número 930/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que corresponde aos concellos a tramitación da tarxeta de accesibilidade.

O Concello de Vigo está ao día na tramitación desta solicitudes e, por outro lado, a

ampliación de prazas é permanente dispoñendo dun alto ratio en comparación con outras cidades.

O artigo 50 do referido decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, establece que terán dereito á expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía, todos aqueles interesados que se lles expedise certificado de minusvalía polos equipos de valoración e orientación (EVO) dependentes das seccións de calificación e valoración de minusvalías; e atendendo ao artigo 6 do Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, é competencia dos órganos correspondentes das Comunidades Autónomas aos que tiveren sido transferidas as funcións en materia de cualificación de grao de minusvalidez e minusvalía ou do Instituto de Migracións e Servizos Sociais o recoñecemento do grao de minusvalía.

Como queira que é requisito imprescindible para os solicitantes a presentación de certificado de minusvalía, recibimos continuas queixas de cidadáns que non o poden achegar polo atraso que se produce na tramitación administrativa por parte da Xunta.

A delicada situación de moitas persoas que se ven impedidas a obter esta tarxeta, polo atraso da súa tramitación, fai necesario que este trámite se axilice.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

#### ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a axilizar a tramitación do certificado de minusvalía para poder facilitar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía dende este Concello.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de xullo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: A lei 8/1997, de 20 agosto, de Accesibilidade de supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e Execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade

Autónoma de Galicia establece que corresponde aos concellos a tramitación da tarxeta de accesibilidade.

O Concello de Vigo está ao día na tramitación desta solicitude, e por outra banda, a ampliación de prazas é permanente, dispoñendo dun alto ratio en comparación con outras cidades, alí onde se precisa unha praza para un discapacitado habilítase no prazo máis breve posible.

O artigo 50 do referido Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, establece que terán dereito á expedición de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalías, todos aqueles interesados que se lles expedita certificado polos equipos de valoración e orientación dependente da seccións de cualificación e valoración de minusvalías, e atendendo ao artigo 6 do Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de Procedemento para o recoñecemento de declaración e cualificación do grado de minusvalía, é competencia dos órganos correspondentes das comunidades autónomas os que foron transferidas as funcións en materia de cualificación do grado de minusvalía ou do Instituto de Emigracións e Servizos Sociais o recoñecemento do grado de minusvalía. Como queira que é requisito imprescindible para os solicitantes a presentación do certificado de minusvalía, recibimos continuas queixas dos cidadáns que non poden achegalo polo atraso que se produce na tramitación administrativa da parte da Xunta de Galicia.

A delicada situación de moitas persoas que se ven impedidas de ter esta tarxeta polo atraso na súa tramitación, fai necesario que este trámite se axilice.

Polo dito anteriormente solicitase ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: instar á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación do certificado de minusvalía para poder facilitar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía deste Concello.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós coincidimos coa denuncia que se fai nesta moción sobre os tremendos prazos que se están dando nos equipos de valoración e orientación dependentes da sección de cualificación e valoración de minusvalías, para o recoñecemento da discapacidade ás persoas que teñen dereito a telo. A realidade é que isto é un problema que vai moito máis aló que simplemente obter unha tarxeta de aparcadoiro, hai persoas con discapacidade que teñen dereito a unha tarxeta de aparcadoiro para prazas de persoas con discapacidade, e hai persoas con

discapacidade que non teñen dereito, ás que non se lle conceden esa tarxeta de aparcadoiro, non esta necesariamente relacionada unha cousa coa outra.

En tódolos casos, os atrasos na atención por parte dos equipos de valoración e mesmo despois da valoración, os atrasos incluso na remisión dos informes e dos certificados esta sendo realmente sangrante dende hai tempo xa, estamos a falar de prazos que en ocasións superan o ano e moitas persoas vense durante todos estes meses agardando por un certificado que lle recoñeza a súa discapacidade non só para obter unha tarxeta de aparcadoiro senón para moitas outras cousas. Estamos falando de tódolos dereitos que poida ter unha persoa con discapacidade relativos a bonificacións fiscais, relativos á tramitación da Dependencia, aínda que agora mesmo a tramitación da Dependencia case é unha utopía para a maioría das persoas que terían dereito a ela, estamos falando de servizos de apoio no sistema sanitario ou no sistema educativo no que a propia administración pública está considerando informes de entidades privadas e os considera válidos para ofrecer os apoios da administración, porque a propia administración non outorga os certificados a tempo, se falamos por exemplo da solicitude de apoios no sistema educativo para un neno cunha discapacidade, estanse aceptando e mesmo se derivan dende os propios servizos sanitarios públicos, como o SERGAS, a entidades privadas para obter eses informes que certifiquen que existe algún tipo de discapacidade, mentres que o neno está agardando durante máis dun ano a que se lle chame dende o equipo de valoración para ter ese certificado da propia administración que recoñeza a súa propia discapacidade. Nese certificado pódese recoñecer ou non, segundo sexa o caso, o dereito a contar cunha tarxeta para poder aparcarse nas prazas reservadas a persoas con discapacidade, e aí veñen o resto das tramitacións e o que atinxe directamente a este Concello. Aí tamén hai problemas, houbo problemas tamén no pasado, nós referímonos aos atrasos que se estaban dando para a entrega das tarxetas de aparcadoiro en 2012, presentamos unha pregunta neste Pleno porque houbo persoas que estiveron durante meses agardando a que se lles dese a tarxeta dende este Concello. Explicóusenos e contestóusenos por escrito que se producira por dificultades na subministración do modelo oficial as tarxetas de estacionamento, e que nestes momentos, efectivamente tal e como di o propio texto da moción non existen esperas.

Nos aínda así queremos aproveitar esta moción para que conste un acordo explícito



porque parécenos que é unha situación especialmente grave porque no caso de que houberse atrasos, se sumaría aos atrasos que xa corresponden á administración autonómica, a nós gustaríanos que constase un punto no que o Concello de Vigo se compromete a axilizar o máximo posible a entrega das tarxetas de aparcadoiro. Tamén a garantir o uso correcto desas prazas porque son constantes as denuncias sobre o uso incorrecto e ás veces dábanse paradoxos como situacións nas que unha persoa ten que ir recoller ao hospital a unha persoa con discapacidade, non se atopa dentro do coche e non se lle permite aparcar nas prazas para persoas con discapacidade, algo que realmente resulta contradictorio cando ao mesmo se hai persoas utilizando as prazas para persoas con discapacidade que non lles correspondería. Tamén actualizar o número e distribución das prazas atendendo, por exemplo, tamén a informes elaborados polo Valedor do Cidadán nos que se fala precisamente dos usos das prazas que están distribuídas por toda a cidade. Por outra banda, nós estamos completamente de acordo coa demanda que fai nesta moción o Grupo Socialista, porque aínda que só é un aspecto do problema, realmente si é moi preocupante a situación que se está vivindo agora mesmo coas cualificacións das discapacidades.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sra. Veloso, a verdade é que estou completamente de acordo con vostede, vostede si que deu na diana do problema e non a Sra. Abelairas, porque efectivamente a axilidade destes certificados non é adecuada, hai atrasos inxustificables que se dilatan no tempo.

Esta é unha problemática de anos e anos, xa co goberno bipartito había estes mesmos atrasos, fíxose unha proposta que non se tivo en conta, tan sinxela como que as persoas que tiñan recoñecida a Dependencia cun grado tres, claramente minusválidas, non tiveran que pasar por este trámite, podía equipararse e evitábanse bastantes citas, non se aceptou, non o entendo porque unha persoa con grado tres é claramente minusválida e pode equipararse non ten porque ser citada alí. Por certo, xa que son tan áxiles coas prazas de aparcadoiro só ten unha praza de discapacitados, ten dereito a tres, pero as outras dúas están a distancia porque colocaron os colectores diante ao mellor poderíamos trocar os colectores por prazas de discapacitados para que puideran acudir as citas os que son usuarios de cadeiras de rodas.

Pero en calquera caso, a min o que me sorprende é Sra. Abelairas, e que me diga que teñen tantas queixas, a verdade cantas son porque no ano 2011 nós preguntamos tamén como o Bloque Nacionalista Galego polo problema que había coa emisión das tarxetas, e a resposta do Sr. Font di que foron tramitadas dúas tarxetas e que se outorgaron, e que ao ano seguinte tramitáronse tamén outras dúas tarxetas e tamén se concederon, entón se realmente o problema é de dous usuarios, de verdade falen con nós que seguramente poderemos facer algo por estes dous usuarios.

En calquera caso, Sra. Veloso, o tema dos nenos si pode ser axilizado, sabe que se estableceron uns rankins de prioridades e os menores de 16 anos teñen prioridade sobre outros usuarios e en calquera caso, non me dou por satisfeita, insisto este proceso precisa axilidade. Pero como vostede ben dicía non é imprescindible para a obtención da tarxeta o certificado de minusvalía, que é importante para outras cousas, de feito outros concellos non o teñen en conta, ou sexa, ese certificado da dereito á tarxeta pero non é imprescindible para a obtención. Como vostede ben dicía o máis importante son as persoas con mobilidade temporal, porque os procesos agudos non teñen posibilidade de tramitar a tarxeta de minusvalía, entón unha persoa cunha fractura, unha persoa cunha lesión en medula que pode estar inmobilizada meses e meses, non ten dereito a tramitar a minusvalía, pero si debe ter dereito a utilizar unhas prazas de aparcadoiro especiais, porque ten problema de mobilidade, e este é unha xestión que podemos facer dende o Concello, pódese habilitar unha tarxeta temporal, mentres dura esta situación de inmobilidade para arranxarlle a problemática a estes usuarios con problemas agudos, podemos habilitar tamén se o problema é o certificado de minusvalía, unha tarxeta temporal mentres se está a tramitar este certificado de minusvalía, que insisto, como ben dicía vostede non é imprescindible para a obtención da outra tarxeta. Teño que lembrar que ademais, vostede xa o dicía, este certificado non implica a necesidade de utilización de aparcadoiro, utilízase outro baremo, hai un baremo que ven no Real Decreto 25/1984 que é o que habilita para que a tarxeta de mobilidade, neste baremo valórase se o usuario ten cadeira de rodas, ten unha muleta, dúas muletas, como é esa mobilidade e tense en conta tamén a discapacidade psíquica porque hai usuarios que pola súa discapacidade psíquica, gritan e teñen necesidade de que habiliten un sistema especial no transporte público.

Non estou dando leccións, simplemente estou facendo a miña achega, Sr. Font, se a queren ter en conta téñena en conta, pero eu non estou dándolle leccións a ninguén, simplemente estou explicando cal é a situación que nos chega a nós, as de os de mobilidade temporal.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sra. Cendón, di cada barbaridade, que eu creo que non as pensa, se berra hai que quitalo do autobús, pense ben esa frase, se berra hai que quitalo do autobús, acabao de dicir agora mesmo, Sra. Cendón. Eu non son Dios, nin son a Virxe, nin son ninguén, como valoro eu o grado de minusvalía ou discapacidade dun ser humano, se non ten unha identificación, unha valoración médica, explíqueme como, creo que debería pensar o que di, por unha soa persoa este Goberno está disposto a traballar, porque pensamos nas persoas.

Por certo, ao momento o Concello 700 prazas para minusválidos, e as que se precisen Sra. Cendón, de momento 700, en tres anos triplicáronse, non lle digo máis.

Sra. Veloso, o Concello de Vigo está ao día na tramitación das tarxetas, é que é automático, é ao momento, o único que precisamos é saber se son ou non discapacitados, non somos médicos, non o podemos saber se non teñen a valoración.

Por certo, para que se vaia decatando tamén o que se preocupa o Partido Popular polas persoas con discapacidade, aquelas persoas dependentes que van a revisión médica, porque tres anos despois de ter unha discapacidade permanente, internados nunha residencia, un caso que se acaba de dar as oito e media da mañá, unha persoa que estaba cobrando pola dependencia 700 euros, que está internada nunha residencia que non a pode pagar, pasáronlle unha revisión a inspección que iso encántalles, e rebaixáronlle a prestación a 364 ou 400 euros, exactamente no lembro a cifra. Esta persoa, que é total e absolutamente dependente, non pode seguir pagando a residencia, esa é a sensibilidade que teñen vostedes de cara os dependentes, non pode, porque ademais a persoa que o podería atender está desempregado e non ten absolutamente ningunha prestación, e está cobrando unha PNC, que lle da para nada, e gracias ao Concello de Vigo que se está facendo cargo do lugar da súa casa, pode ir trampeando e comendo e tamén a través dos comedores sociais. Esa á súa preocupación Sra. Cendón, e se o

Concello de Vigo non estivera preocupándose das persoas non sei o que estaría pasando aí fora.

PRESIDENCIA: Ten que pronunciarse sobre a emenda.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non aceptamos a emenda porque o Concello de Vigo está ao día na tramitación.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.07.2014 (Rex. Nº 930/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(115).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ESIXINDO Á XUNTA DE GALICIA QUE NOS ESTATUTOS DA NOVA FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (AFUNDACIÓN) CONSTE COMO SEDE A CIDADE DE VIGO E QUE NOS MESMOS QUEDE BLINDADA A PERMANENCIA DA COLECCIÓN ARTÍSTICA DA OBRA SOCIAL DE NOVACAIXAGALICIA EN VIGO. EXPTE. 934/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2014, número 934/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O longo proceso de transformación e fusión polo que pasaron as caixas tivo un claro reflexo na súa obra social, que puido seguirse a medida que cambiaba o seu nome e Fundación Caixa Galicia a Novacaixagalicia para acabar adoptando o seu actual nome: Fundación Galicia Obra social, aínda que a marca pública baixo a que operará será Afundación.

As pezas artísticas que ten en propiedade a Obra Social de Novacaixagalicia proceden da colección herdada da desaparecida Caixanova. Son 5.500 obras sobre todo pictóricas, de máis de catro mil pintores galegos de distintas épocas, e que pasaron á Obra Social.

A Xunta de Galicia acaba de anunciar que a sede social e fiscal da nova Fundación se establecerá na cidade de Coruña nun claro intento, o enésimo, de marxinar á cidade de Vigo e arrebatarlle o patrimonio cultural así como a sede institucional que actualmente recae na cidade de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

#### ACORDOS

-Esixir da Xunta de Galicia que a sede da nova Fundación Obra Social de Galicia teña a súa sede na cidade de Vigo para todos os efectos.

-Esixir da Xunta de Galicia que nos estatutos da nova Fundación quede blindada a permanencia da colección artística propiedade da Obra Social de Novacaixagalicia na cidade de Vigo.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 21 de xullo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Presentamos unha moción efectivamente sobre a nova Fundación do que é a antiga Obra Social das Caixas de Aforros, cremos que este é un tema de vital importancia para a cidade, un tema que ten a súa orixe na decisión política do Partido Popular e do Sr. Núñez Feijóo, de fusionar as caixas co que iso representou para a cidade de Vigo, para o seu enramado económico, pero que tamén teñen o seu reflexo no que era a obra social primeiro, de Caixa Vigo e Caixanova

posteriormente.

Presentamos esta moción con dúas esixencias moi concretas ás que me referirei posteriormente, estamos e non se pode definir doutra maneira ante outro roubo á cidade de Vigo, este é un espolio, este é un intento novamente de quitarnos algo que nos pertence, e é novamente un posicionamento do Partido Popular utilizando os gobernos no seu favor partidista. Esiximos dúas cuestións moi concretas que a nova fundación, que neste momento vaise denominar Fundación Obra Social de Galicia, teña a súa sede a tódolos efectos na cidade de Vigo porque así estaba nos estatutos da fundación anterior, e porque a decisión política cando digo roubo e espolio, é precisamente e tal e como din os estatutos, radicar ese domicilio en Cantón Grande 21-23, na cidade de A Coruña. Pero é máis, tamén esiximos que o que hoxe forma parte, constitúe a colección artística da fundación teña a súa sede na cidade de Vigo e iso se reflicte nos estatutos, porque creo que hai que facer pedagogía neste tema e é que das antigas caixas de aforro, das dúas fundacións que había, había unha caixa de aforros enferma, que era Caixa Galicia, e había unha caixa de aforros sá, que podería continuar o seu proxecto que era Caixanova, e a decisión política foi precisamente esnaquizar o proxecto que había dende Vigo, pero é que co concenrente á Obra Social ocorreu o mesmo, aquilo que constituía a obra social da antiga Caixa Galicia vendeuse ao Banco, é dicir, desapareceu, o esforzo dunha parte do territorio de Galicia vendeuse, e na caixa boa, Caixa Vigo inicialmente, Caixanova posteriormente, mantivo a súa colección artística, unha das mellores e que é patrimonio dos vigueses e aqueles que contribuíron á grandeza de Caixa Vigo primeiro, e Caixanova posteriormente.

Polo tanto, estamos totalmente en desacordo con esta decisión política, coa decisión política de levar a sede desta nova fundación á cidade de A Coruña e estamos en desacordo porque como dicía anteriormente, o que hoxe queda de obra social é patrimonio dos vigueses, do que foi Caixa Vigo e Caixanova. Polo tanto, nós esiximos que se manteña o que fixaban os estatutos da anterior fundación e que era moi concreto e é que se establecía a sede institucional e a definía e establecíase a dirección efectiva do negocio desa fundación na cidade de Vigo.

É evidente que estamos ante outro ataque do Partido Popular e do Sr. Feijóo, nun “antiviguismo” que xa é enfermizo. O outro día nunhas declaracións de radio dicía que se se me permitía a frase coloquial este “antiviguismo” do Sr. Feijóo, tenllo que

facer mirar porque de verdade é absolutamente patolóxico e son moitos os intentos do Goberno da Xunta de Galicia contra esta cidade e contra institucións básicas como nun momento determinado dende o punto de vista económico e tamén social e cultural, foi a obra social e nós aquí, imos facer como goberno o mesmo que fixemos na Área Metropolitana, non aceptamos esa proposta en contra da cidade de Vigo, ímonos opoñer radicalmente a que a sede da fundación que temos, que se nutre única e exclusivamente do patrimonio que conseguimos nesta cidade, gratuitamente por unha decisión política do Sr. Feijóo vaiase á cidade de A Coruña, non o imos aceptar.

Vamos actuar da mesma forma que actuamos na Área Metropolitana, cando unha decisión era tan inxusta sobre este territorio, sobre esta cidade, cando era tan arbitraria a decisión e estamos defendendo á cidade, e o que era un dereito conquistado e unha realidade nos antigos estatutos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente estamos diante dun tema de vital importancia para a cidade e coincidimos plenamente dende o Bloque Nacionalista Galego que hai que reivindicar da Xunta de Galicia e do Goberno da Xunta de Galicia, que esa sede este en Vigo e que ademais toda a obra pictórica e cultural permaneza na nosa cidade.

Estamos completamente de acordo con iso, e xa lle adiantamos que dende o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción, pero non é a miña intención aquí abrir un novo debate do que xa se ten falado e falado sobre a fusión, as antigas caixas e demais, porque a nós gústanos ser sempre coherentes coa nosa práctica política e o Bloque Nacionalista Galego ven dicindo dende o inicio de todo aquel proceso que había dúas batallas que librar e que a segunda batalla ía acabar senón o solucionábase en que non houbera nin unha, nin dúas, en que non houbera unha entidade pública galega financeira que atendera as necesidades da clase empresarial, a atender as necesidades dos traballadores/as do noso país.

No foi a fusión das Caixas, foi unha regulación do FROP, co acordo do Partido Popular e do Partido Socialista Español, quen permite que exista “a bancarización” das antigas caixas, pero é máis, foi o Bloque Nacionalista Galego quen ten presentado moitas iniciativas no Parlamento Galego a favor de que neste país existira un banco público galego, que blindara precisamente o que hoxe se solicita

tamén nesta moción, que blindara a capacidade dos galegos/as para administrar os recursos e os aforros que foron aí depositados con moitos esforzos dos traballadores/as. Ante esta demanda dun banco público galego, evidentemente o Sr. Feijóo non quixo, quixo venderse ao que dende arriba lle esixían, e o propio Partido Popular de aquí de Vigo, que agora ven coa hipocrisía política que lle caracteriza, seica poñer agora unha moción urxente sobre este tema, cando en todo este proceso o Partido Popular, os concelleiros/as do Partido Popular foron cómplices deste despoxo dos aforros dos galegos/as.

O Goberno Municipal tennos acostumados tamén Sr. Alcalde, a que unha vez que hai unha decisión entón presentamos unha moción, unha resolución, pero vostede é Alcalde para intentar traballar e abandeirar todo o que faga falla para que iso non se produza, non simplemente falar a toro pasado. O Bloque Nacionalista Galego presentou o día 14 de maio de 2013 unha moción a este Pleno, que foi aprobada por unanimidade e vou ler o que dicía a moción, “instar ao Alcalde de Vigo a demandar da Fundación Novacaixagalicia información detallada das súas propiedades, actividades e postos de traballo na nosa cidade e as accións previstas a curto e a medio prazo” e dicía esa moción votada por vostedes e polo Partido Popular, “instar ao Alcalde de Vigo a dar traslado de toda a información da Fundación Novacaixagalicia ao grupos municipais” e mire o que lle pedíamos “para constituír unha fronte común de defensa do patrimonio da fundación en Vigo e que esta reverta na cidade”. Esta moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, repito en maio de 2013, foi aprobada por unanimidade, pasou exactamente máis dun ano e agora cando hai unha decisión tomada, erroneamente pero tomada pola Xunta de Galicia, o Partido Socialista e o Alcalde presenta esta moción, habería que explicarlles porque os do Partido Popular xa sabemos cal é a súa política, pero vostede tería que explicarnos hoxe aquí que fixo dende maio ata o día de hoxe, o 29 de xullo, para que precisamente non se tivera producido esa decisión que efectivamente é prexudicial para a nosa cidade e que polo tanto o Bloque Nacionalista Galego como fixemos xa hai un ano, imos combater con tódolos nosos medios.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sr. Domínguez, dende logo non compartimos o que di, o Partido Popular sempre estivo alienado nesta loita, nesa moción da que vostede



fala, nós emendamos e dixemos que ademais diso, o máis importante era o Padroado e a substitución da persoa que representaba a Vigo no Padroado, iso aprobouse coa nosa presión e non foi trasladado a Santiago de Compostela, este concello, este Alcalde non trasladou a nosa petición a Santiago de Compostela, dende o ano 2012 o Partido Popular ven pedindo a sede permanente da fundación en Vigo, a colección de arte que permaneza en Vigo a sede permanente coa itinerancia que corresponda para que a coñezan tódolos galegos, ven pedindo que se negocie, que se consensue un representante no Padroado neste Pleno, coa participación dos tres grupos, e o Alcalde fai oídos xordos, o Alcalde o Sr. Abel Caballero o único que desexa é o conflito coa fundación para rendibilizar interesadamente o “victimismo” dun ultraxe inexistente, como ben dixo o Sr. Font. Nós xa o anunciamos, hai que ir as hemerotecas, hai dous anos o Partido Popular reclama que a cidade olívica sexa sede permanente da colección da arte da Fundación Novacaixagalicia, e dicíamos naquel momento “lamentablemente o Alcalde inhíbese constantemente deste proceso, quizais para posteriormente cando todo este decidido votarlle a culpa aos de fora de Vigo, dentro da súa política de confrontación”, era previsible Sr. Domínguez, nós non estábamos pasivos, nós estábamos alienados nas demandas que vimos facendo dende ese tempo.

Agora volvemos facer unhas emendas, por que? Porque nós estamos de acordo en todo o que din pero hai unha cousa moi importante, nós non podemos consentir a ameaza do Alcalde de non nomear ao representante que lle corresponde a Vigo no padroado, nós fomos quen de conseguir que o representante de Vigo teña a ponderación suficiente pola poboación, a maior ponderación de tódalas cidades da comunidade autónoma, o voto dese representante vale máis que calquera doutra cidade, e agora o Alcalde en minoría ameaza con que non vai a nomear a ese representante, pois nós dicímoslles e que no só hai que nomear ese representante, o Alcalde de Vigo o que ten é que exercer a súa influencia no Grupo Parlamentario do PSOE, para que este no representante que lle corresponde, nomee tamén a alguén de Vigo, ten ao Sr. Abel Losada detrás desa porta que negocie con el que ese representante sexa tamén de Vigo, que pretende que sexa doutra cidade? Pois mire, ala el. Renunciar a ter representantes no Padroado que é o órgano de máxima decisión da Fundación Galicia, é renunciar a toda a actividade socio cultural desta cidade, e que é renunciar a moito, é a Fundación máis recoñecida, é renunciar á

música, ás exposicións, ao teatro, ás garderías, ás escolas infantís, aos centros de maiores, ás bibliotecas as que non nos da o Sr. Alcalde, ao centro formación, ás becas para os nosos estudantes, a premios de literatura de xornalismo, a apoio ás ONGs, bancos de alimentos e que é renunciar a moitas cousas, e o Alcalde en minoría non ten dereito a vetar esta posibilidade aos vigueses, nós esiximos o nomeamento do representante da cidade no Padroado, porque xa existe a maioría, xa se pode constituír, o Concello de Vigo xa nomeou o seu representante, xa temos a metade máis un dos representantes no Padroado, e pódese constituír xa, e imos quedar fora por un capricho dun Alcalde en minoría? Non o podemos aceptar. Nós queremos que radique en Vigo, e se hai que definir que se entende por unha sede institucional, que se defina porque iso pódese facer sen modificación dos estatutos, nós queremos a xestión dende Vigo, como se ven facendo ata o de agora, unha xestión dende Vigo para Galicia, sabe por que? Porque o traballo así o avala, porque se fixo sempre ben dende Vigo.

PRESIDENCIA: Por facerlle unha aclaración a unha clara falsidade na súa argumentación, á política contestaralle o Sr. López Font, pero tódalas mocións que se aproban neste concello, encárgase o propio secretario de que sexan enviadas, que lle pasa unha carta ao Alcalde que o Alcalde firma, e é o propio secretario do Pleno o que envía a moción, e polo tanto, tódalas mocións que dende aquí se aproban envíanse aos respectivos destinatarios, neste caso á Xunta de Galicia, polo tanto foi enviada.

En segundo lugar, as actas publícanse de forma pública e polo tanto, coñecidas, e para o debate político, unha vez deixada clara a falsidade de que parecía que ocultábamnos á Xunta de Galicia argumentacións do Grupo Popular, cumprida rigorosamente a normativa deste Pleno da que da fe o propio secretario.

SR. LÓPEZ FONT: Unha primeira precisión Sra. Cendón, o Sr. Losada nunca está detrás das portas, detrás das portas está o Sr. Bárcenas, os que teñen vostedes implicados no Gürtel, eses si que están detrás das portas Sra. Cendón, eses si que están.

Mire Sra. Cendón, xa lle contestou o Sr. Alcalde, tódolos acordos que se adoptan no Pleno son trasladados o que pasa é que van para vostede e para o Sr. Domínguez,

o Alcalde fai e lévao facendo sempre unha defensa desta cidade e de todo o que concirne a esta cidade, pero non é o culpable de cando outros cambian as regras do xogo, pero como se pode falar de “victimismo”, pero como se pode falar só de querer designar ao membro no Padroado cando vostedes cambiaron as regras do xogo, é que non aceptamos o cambio de regras do xogo Sra. Cendón, é que vostede como concelleira do Partido Popular neste Concello de Vigo o que debería dicir é non nos vale o cambio a Cantón Grande 21-23 e queremos que se manteña en Vigo, iso non llo oín a vostede, Sra. Cendón.

“Victimismo” ningún, estamos moi orgullosos desta cidade e do que estamos a facer, agora o que si é certo é que o Goberno do Sr. Núñez Feijóo maltrata a esta cidade porque o primeiro que fai mal o Sr. Núñez Feijóo é non recibir ao Alcalde de Vigo, ao Alcalde de Santiago de Compostela recibíuno xa tres veces e leva tres semanas sendo Alcalde, e o Alcalde de Vigo propuxo, sobre os proxectos desta cidade, que o reciba o presidente da Xunta de Galicia e me imaxino que a vostede parécelle ben que o presidente da Xunta de Galicia teña a descortesía co Alcalde, pero con tódolos que vivimos nesta cidade, de non recibir ao Alcalde de Vigo.

Non hai “victimismo” Sra. Cendón, o que hai é defensa lexítima dos dereitos desta cidade.

Contestando ao Sr. Domínguez, que dicía que non ía falar do tema de onde está a orixe da fusión das caixas, a fusión das caixas é estritamente a culpable disto, e non votemos a culpa a outros procesos e procedementos, porque en Asturias unha situación similar a que temos aquí, Caixanova houbera seguido o seu proceso, o seu camiño, a súa achega económica a esta cidade, e a obra social hoxe, Sr. Domínguez e Sra. Cendón, non a teríamos que estar pelexando. Hai que dicir dunha vez por todas, aquí o que nos roubaron á cidade de Vigo e roubáronnos unha caixa que podía continuar, que podía ser un instrumento económico e financeiro para esta cidade e nos roubaron e pretenden roubarnos unha obra social que nós non caemos en vendela.

Polo tanto, eu o quero é escoitar aquí que firmemente se apoia o que nós propoñemos.

PRESIDENCIA: Sr. Font pronúnciese polas emendas presentadas polo Grupo Popular.

SR. LÓPEZ FONT: Non as acepto.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2014 (Rex. Nº 934/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(116).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E AO ALCALDE DE VIGO Á MEDIACIÓN NO CONFLITO LABORAL DE PSA PEUGEOT CITROËN ESIXINDO Á EMPRESA A INMEDIATA READMISIÓN DOS DOUS TRABALLADORES DESPEDIDOS. EXPTE. 921/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de xullo de 2014, número 921/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de xullo dous traballadores da fábrica PSA Peugeot Citroën iniciaron unha folga de fame en protesta polos despedimentos inxustos e sen precedentes doutros dous traballadores da fábrica. O sindicato CIG denuncia a falsidade dos argumentos da empresa que explica os despedimentos por incumprimento en materia de seguridade mais, segundo aseguran, non se detectaron consecuencias nos vehículos fabricados. Non hai precedentes de despedimentos tan drásticos, carentes de fundamento e sen existir sancións previas. A sección sindical da CIG anunciou a súa intención de non abandonar a protesta até que a dirección non dea marcha atrás na súa inxusta decisión porque, din, non poden permitir unhas

actitudes que non se daban nin no ano 1972. De igual xeito se expresaron os propios despedidos, que rexeitan totalmente as acusacións que esgrime a compañía na carta de despedimento. Así, lembran que nos arredor de 15 anos que levan de traxectoria profesional en Citroën non recibiron a máis mínima queixa do seu traballo e non foron nunca sancionados antes de que se lles comunicase o despedimento.

Esta decisión empresarial senta un precedente na relación cos traballadores e traballadoras especialmente grave nun momento no que as cifras de desemprego son históricas na nosa cidade. A fábrica PSA Peugeot Citroën, con máis de cincuenta anos de actividade é considerada un dos piares básicos da economía galega e o nicho de emprego máis importante da cidade de Vigo nestes momentos, con 6.900 empregados. As condicións laborais e a garantía dos dereitos dos traballadores e traballadoras desta empresa deberían ser un referente de boas prácticas para o resto do sector empresarial da cidade e do país e evitar a precarización do emprego nunha conxuntura económica especialmente complicada.

Por outra banda, ademais da responsabilidade da propia empresa, cómpre lembrar que o grupo PSA Peugeot Citroën recibe grandes cantidades de cartos públicos como apoio das administracións neste momento de crise. Segundo o informe Ardán 2014, referido ao exercicio 2012, produciuse un importante descenso da facturación do centro de Vigo de PSA Peugeot Citroën, que pasou dos 5.106 millóns de euros en 2011 a 4.298 millóns en 2012, 808 menos. Este baixón repercutiu en toda a cadea de valor do sector da automoción, nos fabricantes de compoñentes e auxiliares. Uns resultados que se producen mesmo a pesares das grandes achegas de subvencións ou patrocinios por parte da Xunta e dun convenio co Concello de Vigo cuxos resultados descoñecemos. Só por poñer un exemplo, en setembro de 2012 o Consello da Xunta aprobaba inxectar case 11 millóns de euros no lanzamento dun novo vehículo comercial eléctrico desenvolvido en colaboración coa Xunta de Galicia cuxo obxectivo oficial era promocionar a marca Galicia a nivel internacional a través da inserción da marca turística deste país na carrocería destes vehículos. Porén non é posíbel coñecer o resultado desta colaboración porque ás preguntas presentadas polo BNG no Parlamento galego as respostas foron xeneralidades sobre o apoio da Xunta á industria automobilística pero ningún dato concreto. Tamén o Concello de Vigo aproba anualmente un convenio con PSA Peugeot Citroën dedicando 250.000 euros á promoción de emprego mentres que os despedimentos e a precarización do emprego son unha realidade que alcanza a súa

expresión máis extrema na situación que se está a vivir nestes momentos e que abre a porta á volta a relacións laborais máis parecidas ás dos anos 70 ou 80 do século pasado que ás que deberían existir a día de hoxe.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo a adopción dos seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia e ao alcalde de Vigo á mediación no conflito laboral que se está a vivir na planta de PSA Peugeot Citroën esixindo á empresa a inmediata readmisión dos dous traballadores despedidos.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión ordinaria do 21 de xullo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: O pasado día 1 de xullo, dous traballadores da fabrica PSA Peugeot-Citroën iniciaron unha folga de fame en protesta polos despedimentos inxustos e sen precedentes doutros dous traballadores da fábrica, Paco e David, quero darlles a benvida a este Pleno así como aos seus compañeiros, algún deles, foi un dos traballadores que estiveron en folga de fame, porque logo estes dous traballadores foron relevados por outros compañeiros e unha compañeira que mantiveron a súa folga de fame ata do día 24 de xullo, no momento no que se produce o peche estival da fábrica. Ademais, como dende o principio, a sección sindical e agora tamén o segue mantendo, mantén sempre abertas vías de diálogo e neste momento agarda, como agardamos nós tamén e por iso nos parece especialmente oportuna esta moción a día de hoxe, agarda que antes do acto de conciliación no SMAC, que se vai producir o 6 de agosto, a empresa reconsidere a súa postura, a súa posición e realmente se resolva este conflito laboral que está sendo especialmente grave e sangrante nesta fábrica porque como ben sabemos, é unha das empresas, se non é a empresa máis importante desta cidade tamén en

canto a postos de traballo.

Producíronse estes dous despedimentos fulminantes, e o sindicato CIG denunciou a falsidade dos argumentos da empresa, que explicou os despedimentos por incumprimento en materias de seguridade, máis non se detectaron ningún tipo de consecuencia nos vehículos fabricados. Non hai precedentes nesta fábrica de despedimentos tan drásticos, carentes de fundamento e sen sancións previas de ningún tipo. A sección sindical da CIG anunciou a súa intención de manter as protestas buscando que a dirección dea marcha atrás nesta inxusta decisión porque din non poden permitir unhas actitudes que non de daban nin no ano 1972. De igual xeito expresáronse tamén os propios despedidos que rexeitaron completamente as acusacións que esgrime a compañía na carta de despedimento. o redor de 15 anos que levan de traxectoria profesional en Citroën, non recibiron nunca nin a máis mínima queixa do seu traballo, non foron nunca sancionados antes de que se lles comunicase o despedimento.

Esta decisión empresarial para nós senta un precedente na relación cos traballadores/as que é especialmente grave nunha situación de crise económica, e cun alto número de persoas desempregadas na nosa cidade, cunhas cifras que son históricas.

A fábrica con máis de 50 anos de actividade, considerada un dos piares básicos da economía galega, e o nicho de emprego máis importante da cidade nestes momentos con 6.900 empregados. As condicións laborais e a garantía dos dereitos dos traballadores/as deberían ser un referente na nosa cidade para o resto do sector empresarial, e é necesario evitar a precarización do emprego tamén nesta fábrica nunha conxuntura económica especialmente complicada.

Pero ademais nós entendemos que as administracións públicas teñen que implicarse neste conflito e exercer o labor de mediar entre os traballadores e empresa porque non hai que esquecer que esta empresa recibe unha gran cantidade de cartos públicos de todos/as, de achegas de tódalas administracións, de feito ademais de aquí no Pleno do Concello, tamén presentamos iniciativas o Bloque Nacionalista Galego, tanto no Congreso dos Deputados como no Parlamento Galego, porque reciben achegas económicas para manter o seu funcionamento e para contribuír a avanzar en cuestións como formación I+D+I, etc., de tódalas administracións, reciben achegas do Estado, da Xunta de Galicia, tamén deste

propio Concello. Mesmo vendo o informe ARDAN de 2014, referido ao exercicio do 2012, vemos que houbo un importante descenso da facturación do centro de Vigo de PSA Peugeot-Citroën, e este baixón repercutiu en toda a cadea de valor do sector da automoción, isto produciu precisamente decisións políticas de aumentar as achegas económicas a esta empresa para poder afrontar esta situación. Ás veces a través de convenios como no caso do Concello de Vigo, Ás veces a través de subvencións, ou a través de patrocinios como por exemplo, por poñer un só exemplo, o patrocinio por parte da Xunta de Galicia que en setembro de 2012, no Consello da Xunta, aproba inxectar case once millóns de euros no lanzamento dun novo vehículo comercial eléctrico desenvolvido en colaboración coa Xunta de Galicia.

A verdade é que non sabemos cal é o resultado de todas estas achegas pero entendemos que é necesario intervir como administracións neste conflito laboral.

SR. LÓPEZ FONT: É esta unha moción na que primeiro queremos manifestar a nosa solidariedade cos dous traballadores que se atopan nesta situación.

Esta goberno municipal e o Alcalde da cidade nos sete últimos anos mantivo todo o seu apoio ás reivindicacións dos traballadores, isto foi expresado nunha relación fluída e cordial cos tres sindicatos. É polo tanto, este goberno municipal o maior garante, ao noso entender, da representación sindical do que iso comporta e dos dereitos sindicais, dese papel que asigna a Constitución aos sindicatos e un claro convencemento, insisto, dende este Goberno Municipal actuando sempre da mesma maneira, nós non facemos oposición ao mundo sindical, nós non estamos en contra do que é a tarefa sindical como algún outro partido político. Digo isto, porque moitas son as probas do que manifesto aquí neste mesmo Pleno, nós defendemos dende unha folga xeral, a conflitos de empresa, de sectores, defendemos os acordos cos sindicatos e tivemos unha coincidencia coas propostas das centrais sindicais no Consello Social da Cidade, cando se debateron Orzamentos e outras cuestións.

Temos acordos de carácter xenérico dende o Goberno Municipal cos sindicatos, inclusive o seguimento das obras que se fan dende este Concello, é dicir, son moitas as probas da nosa involucración na defensa e no mantemento dos dereitos sindicais. Esta vai ser a nosa guía, o que acontece é que a mellor proba de apoio



aos sindicatos é cando coincide ese apoio, cando a proposta é dos tres sindicatos máis representativos, cando o que se propón está baseado na unidade de acción e é aí cando con esa coincidencia por enriba de propostas concretas este grupo, este Goberno e esta Alcalde, están a favor desas propostas.

E esa é a liña que queremos seguir, o que acontece é que nesta ocasión as circunstancias teñen algunha que outra peculiaridade por definilo dalgunha forma. Nós estamos en contra da reforma laboral do Partido Popular e das consecuencias que trae, intentaremos sempre evitar despidos polas consecuencias dramáticas que eles teñen, pero insisto nesta ocasión, neste caso concreto proposto hai algo en canto a acción sindical que a nós se nos escapa, que fai diferente a situación que temos que abordar, e non o dicimos nós, o din as seccións sindicais de Citroën, de UXT, e de Comisións Obreiras, son dúas centrais sindicais que xunto coa CIG, teñen sintonía con este Goberno cando a proposta esta baseada nunha proposta común, de unidade de acción. Sendo esta a parte que se nos escapa, é aí onde quixéramos que a proposta fose de carácter unitario. Nós entendemos que este Pleno non debe ser a voz dun sindicato, debe ser a voz dos tres sindicatos, de solucionar conflitos cando os tres sindicatos, cos que mantemos esa excelente relación e esa coincidencia nas propostas básicas, así dáse.

É evidente, e dise na moción, que Citroën é un piar importante na economía da cidade, se alguén o repite, permítanme ata a sociedade, é precisamente o Alcalde de Vigo, e é esa afirmación a que debe ser compatible en tódolos ámbitos cos dereitos sindicais, pero tamén coa importancia que Citroën ten dentro da cidade, da comarca como xeradora de emprego tanto directo ou indirecto.

Polo tanto, nós asumimos o comunicado da UXT e Comisións Obreiras, estamos na solidariedade cos sancionados neste momento, pero tamén cos anteriores, estamos e manifestámolo literalmente en contra da reforma laboral, e cremos que agora os sindicatos como se di neste comunicado, deben ter un plus de responsabilidade, e aquí é cando UXT e Comisións Obreiras entenden que foi unha proposta unilateral por parte dunha sección sindical. Cremos que calquera o entendería, e o noso chamamento é volvan por favor, con unidade de acción, cando estean de acordo terán todo o apoio do noso grupo e seguro tamén da cidade.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sra. Veloso, con esta moción estamos pedindo unha

intervención directa na operativa dunha empresa privada, que eu saiba non estamos no Consello de Administración, non somos conselleiros delegados, as persoas directivas que son as que toman as decisións e teñen suxeitos a eles unha serie de derivación de responsabilidade. Este é un conflito interno que afecta a unha serie de traballadores e a empresa para solucionar este tipo de conflitos e xa existen unha serie de vías, tanto para a súa intermediación, as arbitaxes, de feito como comentou en agosto vaise producir a arbitaxe, como para a súa solución pola vía legal.

Débolle lembrar que unha das nosas funcións como políticos é a de xerar as condicións adecuadas para que se poidan desenvolver as actividades económicas necesarias para o desenvolvemento sostible da nosa estrutura social e de benestar, e non practicar o intervencionismo discrecional, hoxe Citroën mañá a tenda da esquina, vostede decide que fan as empresas, pero se coas súas decisións estas pechan entón eu preguntaría lle esta vostede disposta a asumir a súa responsabilidade ó igual que o fan os administradores e os consellos de administración polas súas decisións? A verdade con case 57 anos de funcionamento e 6.900 empregados, sen contar os empregos indirectos, parécenos un atrevemento pola nosa parte que lle digamos como teñen que xestionar os seus conflitos e como levar a súa operatividade. Moitas grazas.

SRA. VELOSO RÍOS: No caso do Partido Popular non me sorprende a súa posición, evidentemente defende á empresa privada, independentemente de que no caso de que PSA Peugeot-Citroën estamos falando dunha achega de máis de 35 millóns por parte do Estado español, para Plans de mobilidade eléctrica, programa de eficiencia enerxética, achegas da Xunta de Galicia, é dicir, pagamos todos/as o funcionamento de Citroën. Ás empresas tamén se lles pide iso que se chama responsabilidade corporativa, non sei porque a Citroën non se lle vai pedir. Si se lle dan premios polos seus plans de conciliación pero logo poden despedir como lle dea a gaña.

No caso do Partido Socialista a súa posición é bastante máis sorprendente, é certo ademais que a semana pasada noutro concello da provincia, no Concello de Vilaboa, votaron a favor desta mesma moción, e agora fala dunha cuestión de representación sindical, creo que a representación sindical lle corresponde aos

sindicatos non lle corresponde ao Alcalde, e aquí non estamos falando, pedindo nada para sección sindical da GIG, aquí estamos defendendo dous traballadores e só hai unha decisión unilateral tomada, decisión unilateral da empresa de despedilos, a dúas persoas que levan máis de 15 anos traballando sen ningún tipo de sanción previa que son despedidos fulminantemente e se quedan sen o seu posto de traballo, por unha decisión unilateral da empresa, esa é a única decisión unilateral que hai neste caso. Estamos pedindo que se medie no caso dun conflito laboral nunha empresa que recibe unha gran cantidade de cartos públicos, que se exerzan as competencias da Xunta de Galicia en canto a emprego, e que se medie para esixirlle á empresa a readmisión destes dous traballadores, que son os que van ir ao SMAC ó acto de conciliación coa empresa, aquí só estamos falando de traballadores que se quedan sen o seu posto de traballo e sen poder levar recursos económicos co seu traballo as súas casas e familias. Esa é a solidariedade que demostran vostedes, porque moito enchérselle a boca de solidariedade pero logo toman unha decisión por unha cuestión puramente partidista, porque vostedes están utilizando argumentos puramente partidistas, nós aquí estamos pedindo a defensa de dous traballadores inxustamente despedidos, que se medie nun conflito laboral que se produce dentro da empresa máis importante desta cidade, que recibe unha gran cantidade de achegas públicas, para esixirlle que reconsidere a súa decisión e readmita a estes dous traballadores despedidos e para que non se permita, tolere que se cre este ambiente de traballo nunha factoría como a de Citroën, que se volve a técnicas que se utilizaban hai máis de 40 anos para manter non os dereitos laborais senón un determinado clima de traballo. Nós estamos pedindo solidariedade pero con dous traballadores despedidos.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e vinte e dúas abstencións dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios,

Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quintero, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 9.07.2014 (Rex. Nº 921/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

#### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

#### **1.1(117).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de xuño e 24 de xullo de 2014.

#### **1.2(118).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó

correspondente Libro de Resolucíons, entre as datas 26 de xuño e 24 de xullo de 2014.

**1.3(119).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA ÁREA ECONOMÍA, FACENDA E CONTRATACIÓN, DE DATA 8.08.2013. EXPTE. 938/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xullo de 2014, o alcalde-presidente ditou a seguinte resolución:

“Mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 07 de febreiro de 2013, procedeuse a estruturar as áreas executivas e/ou materiais do goberno municipal. Como consecuencia da mesma delegáronse en D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez as competencias da área de Economía, Facenda e Contratación.

Visto que o Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de data 30 de xuño de 2014, tomou coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira de D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez, faise necesaria unha nova estruturación das áreas de goberno polo que, no uso da potestade de dirección e das organizativas que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía (art. 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local) e de conformidade co previsto nos arts. 43 e ss do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Deixar sen efecto a miña resolución de data 07 de febreiro de 2013 e as súas sucesivas modificacións no que se refire á delegación de competencias da AREA DE ECONOMÍA, FACENDA E CONTRATACIÓN.

Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación as anteditas áreas exerceranse do seguinte xeito:

-ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: dirixirase pola concelleira, membro da Xunta de Goberno Local e 1<sup>a</sup> tenente de Alcalde, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

-ÁREA DE CONTRATACIÓN dirixirase polo concelleiro, D. David Regades Fernández

Ambos concelleiros seguirán exercendo ademais as competencias que na data

desta Resolución xa tiñan delegadas.

Terceiro.- Por delegación desta Alcaldía, sen prexuízo das facultades que se puideran avogar en posteriores resolucións, a tenente de Alcalde e delegada de área, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> CARMEN SILVA REGO, ademais das competencias que xa viña desenvolvendo, exercerá as seguintes atribucións:

En materia de Economía e Facenda:

- 1.- Planificar, sinalar e desenvolver as directrices xerais da Área de Economía e Facenda.
- 2.- Formar o proxecto de Orzamento Xeral Municipal en colaboración co concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e remitilo á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, emenda ou devolución.
- 3.- Ordenar a incoación de expedientes de modificación de crédito orzamentarios e elevar a proposta de resolución ao órgano competente.
- 4.- Propoñer a aprobación de operacións de crédito e tesourería, así como a emisión e amortización de empréstitos e demais operacións de xestión do endebedamento municipal, incluíndo as destinadas á cobertura de riscos derivados da evolución dos tipos de interese e tipos de cambio.
- 5.- Formalizar as operacións de crédito, a curto e longo prazo, en calquera das súas modalidades, agás naquelas nas que esta Alcaldía-Presidencia actúe por se.
- 6.- Planificar a execución orzamentaria e a actuación económica e financeira da Corporación, mediante a utilización, entre outros, dos instrumentos contemplados no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais..
- 7.- Proceder ao recoñecemento e liquidación da obriga dos compromisos ou disposicións de gastos legalmente contraídos, sen prexuízo das facultades atribuídas nesta materia aos concelleiros delegados das distintas áreas ou outros órganos municipais, dando conta á xunta de Goberno Local cando a contía supere os 60.000 euros.
- 8.- Render a Conta Xeral formada pola Intervención Xeral.
- 9.- Ordenar os pagamentos, indistintamente coa Alcaldía-Presidencia, a través da sinatura dos seguintes documentos:
  - a) Mandamentos de pagamento referidos ao Orzamento Municipal e a operacións non orzamentarias e as relacións correspondentes aos devanditos mandamentos.
  - b) Transferencias, cheques e demais documentos mediante os que se

produzan disposicións dos fondos situados nas contas correntes de titularidade municipal abertas nas entidades financeiras, para a execución material das ordes de pagamento, nos termos previstos na normativa de aplicación.

- 10.- Adoptar as resolucións que se deriven dos documentos e expedientes xustificativos dos pagamentos e expedientes xustificativos dos pagamentos correspondentes a operacións non orzamentarias e autorizar o libramento de fondos “a xustificar” con cargo ao Orzamento Municipal.
- 11.- Propoñer os proxectos relativos á imposición, supresión e ordenación dos tributos municipais e dos prezos públicos.
- 12.- Propoñer os proxectos de Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección, das Ordenanzas Fiscais Reguladoras dos Tributos e Prezos Públicos (acordos), a súa modificación ou supresión.
- 13.- Dirixir, unha vez aprobadas, a aplicación das ordenanzas reguladoras dos distintos ingresos do Concello.
- 14.- Propoñer os convenios ou concertos a desenvolver para o pagamento dos dereitos a favor da facenda municipal.
- 15.- Recoñecer e liquidar os dereitos tributarios e os recursos procedentes dos prezos públicos; declarar a prescrición e impoñer sancións por infraccións tributarias ou incumprimento de acordos dos prezos públicos, resolver as reclamacións e os recursos sobre aplicación e efectividade de toda clase de ingresos, incluídos os que, de conformidade coa Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Recadación e Inspección, correspondan á Alcaldía-Presidencia e aprobar os expedientes de devolución de ingresos, todo iso sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos municipais.
- 16.- Recoñecer e declarar os beneficios fiscais, sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos municipais.
- 17.- Dispor, de acordo coa normativa aplicable e no ámbito das súas competencias, a suspensión da executividade dos actos impugnados ou suxeitos a revisión en vía administrativa; a liquidación, no seu caso, dos xuros de mora e a devolución das garantías e depósitos constituídos a tal fin, así como resolver sobre o reembolso do custo das garantías, de acordo co disposto na Lei Xeral Tributaria.
- 18.- Dirixir a xestión dos tributos, así como a xestión tributaria que a través da mesma se desenvolva.
- 19.- Propoñer ao órgano competente a interposición de reclamacións ou recursos ou o acatamento dos fallos das cuestións litixiosas en materia de tributos ou ingresos públicos estatais e autonómicos, xestionando e controlando a súa efectividade.

- 20.- Tramitar e aprobar os gastos derivados do cumprimento das resolucións ou fallos dos tribunais con cargo ás partidas que lle correspondan, sen prexuízo da competencia atribuída nesta materia a outros órganos.
- 21.- Aprobar os modelos de avais e garantías a constituír polos interesados, conforme co establecido nas ordenanzas e regulamentos municipais e declarar a conformidade, no seu caso, das constituídas para suspender a execución dun acto ou para aprazar ou fraccionar o pagamento dunha débeda tributaria ou de outro ingreso de Dereito Público.
- 22.- Subscribir convenios de colaboración coa Subxerencia Territorial do Catastro, Axencia tributaria, Dirección Xeral de Tráfico, delegación de Facenda da comunidade Autónoma e outras Administracións e Institucións, en orde á xestión, inspección e recadación dos tributos municipais e, en particular, para a comunicación e acceso informático dende a Base de Datos Municipal ás respectivas Bases de Datos daquelas Administracións e Institucións.
- 23.- Dirixir a xestión e mantemento da base de datos tributarios na súa dobre vertente de datos persoais e territoriais e dispoñer de cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación polos diversos servizos municipais e o acceso destes á súa consulta.
- 24.- Dirixir a elaboración de cantos estudos se estimen necesarios, no ámbito económico, referidos ao Concello de Vigo (PIB do municipio, series estatísticas, etc.)
- 25.- Planificar e coordinar a actuación económica-financeira dos Organismos Autónomos, coa colaboración dos seus órganos xerenciais.
- 26.- Autorizar as peticións de fondos dos Organismos Autónomos para a realización dos pagamentos que se derivan da execución dos seus presupostos.
- 27.- Autorización de subscrición de acordos ou convenios nos procesos concursales, agás naqueles supostos en que, no seu caso, sexan competencia do Pleno da Corporación.
- 28.- A superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal, sen prexuízo das funcións que legalmente correspondan ao seu titular e a proposta do mesmo.
- 29.- Aprobar a declaración de fallidos dos obrigados ao pagamento, así como a declaración dos créditos como incobrables, por proposta da Tesourería Municipal.
- 30.- Resolución das peticións de pagamentos de xuros de mora.



- 31.- Decretar a incautación de cantidades, con motivo de providencias xudiciais ou administrativas de embargo.
- 32.- Declarar a prescrición de débedas de dereito público.
- 33.- Formulación e resolución de tercerías, previo informe dos servizos xurídicos e a proposta do tesoureiro municipal.
- 34.- Conceder e denegar fraccionamentos e aprazamentos de pagamento a proposta do tesoureiro municipal.
- 35.- Resolver, a proposta da Tesourería Municipal, os expedientes de compensación de oficio ou a instancia de parte, de débedas municipais con créditos a favor do concello.
- 36.- A apertura de contas restrinxidas de recadación, contas operativas e contas restrinxidas de pagos a proposta do tesoureiro municipal e de acordo co previsto nas normas e regras establecidas polo concello para a organización da Tesourería Municipal.
- 37.- Ditar acordos de derivación de responsabilidade.
- 38.- Resolver os expedientes de devolución de ingresos indebidos, a proposta do servizo municipal liquidador competente, cando o ingreso indebido se producise por unha declaración, liquidación ou autoliquidación, ou por outra causa que afecta á liquidación ou acto administrativo que constituíu ao interesado na obriga de ingresar a correspondente débeda; ou a proposta do tesoureiro municipal cando dito ingreso proceda dunha duplicidade ou exceso no pagamento, do pagamento de débedas prescritas ou de erros de feito ou dereito padecidos na xestión recadadora que non afecten á liquidación ou acto administrativo que orixinou a obriga de ingresar.
- 39.- Acordar a adxudicación de bens ao Concello, previa consulta aos servizos técnicos sobre a utilidade dos mesmos.
- 40.- A adopción de medidas cautelares para asegurar o cobro das débedas tributarias.
- 41.- Concertar operacións de tesourería cando o importe das vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.
- 42.- Calquera outras funcións necesarias para continuar ou finalizar o procedemento de recadación, non atribuídas a outros órganos.

Cuarto.- Por delegación desta Alcaldía, sen prexuízo das facultades que se puideran avogar en posteriores resolucións, o delegado de área, D. DAVID REGADES FERNÁNDEZ, ademais das competencias que xa viña desenvolvendo, exercerá as seguintes atribucións:

En materia de Contratación:

- 1.- Velar polos principios de publicidade e concorrencia na contratación administrativa, agás as excepcións sinaladas na lei, impulsar os procedementos de contratación e ordenar a publicación de anuncios.
- 2.- Presidir a Mesa de Contratación do órgano de contratación do Concello (Xunta de Goberno Local).
- 3.- A formalización e asinamento das escrituras e contras de calquera natureza e, en xeral, dos documentos públicos ou administrativos nos que se concrete calquera negocio xurídico nos que interveña o concello, agás os convenios de colaboración.
- 4.- Realizar os estudos de viabilidade e conveniencia e propoñer, no seu caso, a constitución dunha Xunta Municipal de Contratación nos termos previstos na lexislación aplicable.
- 5.- Dirixir o Almacén Municipal.

Quinto.- As atribucións e facultades que para estas Áreas se establecen na presente Resolución referidas a unha materia ou sector de actividade, enténdense outorgadas sen prexuízo daquelas outras non especificadas que sexan necesarias para unha correcta planificación da Área e para a consecución dos obxectivos e fins xerais dese ámbito.

Sexto.- As presentes delegacións fanse sen prexuízo das especiais que se poidan acordar en calquera concelleiro/a ou membro da Xunta de Goberno Local relativas a proxectos ou asuntos determinados que poderán conlevar a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, conforme co establecido no artigo 43.5.a do RD 2568/1986ñ.

Sétimo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegación de atribucións en concelleiros/as respecto da Área de Economía e Facenda.

Oitavo.- As facultades que poderán exercer os concelleiros/as delegados /as e demais delegados/as en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Noveno.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Décimo.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter

xeral nos artigos 114 e 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición ou extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos pola propia delegada de área.

Décimo primeiro.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Décimo segundo.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros interesados, á xefatura de área e ao persoal afectado pola mesma; publicala na Intranet municipal e facer respecto dela os oportunos cambios na web municipal.

Décimo terceiro.- Esta Resolución entrará en vigor o día 14 de xullo de 2014, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Décimo cuarto.- De conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38 d), do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

## **3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non houbo.

## **4.- MOCIÓNS.**

**4.1(120).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CREACIÓN DUNHA NOVA LIÑA DE TRANSPORTE AO CUVI QUE DEA SERVIZO ÁS ZONAS DE TEIS, TRAV. DE VIGO E RAMÓN NIETO. EXPTE. 925/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de xullo de 2014, número 925/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“Nunha gran cidade coma Vigo, unha das necesidades da cidadanía é poder contar cun servizo de transporte público económico e eficaz, que permita realizar desprazamentos pola cidade dun modo rápido, sinxelo e cun prezo axustado.

Dita necesidade, resulta máis importante cando se trata de desprazamentos para acudir a centros de traballo ou de estudo. Por exemplo o que os/as estudantes/as universitarios necesitan realizar para acudir ao Campus Universitario dende diferentes puntos da cidade.

Existen na actualidade, liñas do servizo de transporte público que fan o seu percorrido ata a universidade, e tamén liñas específicas que conectan puntos de Vigo directamente co Campus.

Aínda así, existen zonas que carecen ou contan cun moi escaso servizo que as poida conectar de forma eficaz coa Universidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo somete, para a súa toma en consideración polo pleno da corporación o seguinte acordo:

Creación dunha nova liña de transporte público ao Campus Universitario de Vigo que dea servizo ás zonas de Sanjurjo Badía, Teis, Avenida de Buenos Aires, Travesía de Vigo e Ramón Nieto.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de xullo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

### DEBATE:

SR. PÉREZ DÁVILA: Hoxe traio a este Pleno unha moción para falar de transporte público e de mocidade, como temos falado en numerosas ocasións dende o Grupo Municipal Popular nesta lexislatura.

Traio unha moción que non busca crítica nin o enfrontamento político senón que a través do diálogo, o entendemento e o traballo conxunto para chegar a acordos

sexamos quen de aportar solucións e que os mozos/as de Vigo vexan dunha vez por todas, que os que nalgún momento da historia da súa cidade formamos parte desta corporación podemos e estamos obrigados a ser artífices da mellora da súa vida, e precisamente é iso o que lles quero propoñer con esta moción, que entre todos traballemos e cheguemos a un acordo para a creación dunha nova liña de transporte público á Universidade, unha liña que dea servizo a unha zona da cidade que non conta cun servizo directo co Campus e que poida estar operativa para o vindeiro curso, na actualidade existen dúas lanzadeiras directas ao CUVI, a U1 e U2, a primeira cobre o traxecto dende a Praza de América pola Avenida de Castrelos e a estrada Clara Campo Amor, por certo, nesta liña pódese ver fantásticamente o avanzado estado de construción do novo hospital público de Vigo, e a segunda que fai o percorrido dende a Praza de España pola Avenida de Madrid á Estrada Vella de Madrid e Xestoso. Tamén dúas liñas regulares, a L8 e a 15C, levan o servizo da Universidade sufrindo na actualidade unha elevada saturación en horas puntas, estas dúas liñas que tamén soben ao Campus circulan por un percorrido extremadamente longo e cunha frecuencia reducida, o que leva consigo unha elevada tardanza e dificulta o acceso con rapidez.

Das catro liñas mencionadas, ningunha delas dá servizo á zona norte de Vigo, unha moi grande e poboada zona que obriga aos estudantes residentes nela a facer numerosos e continuas combinacións de liñas, horarios e transbordos ou a optar polo transporte privado para chegar ao CUVI. Por iso propoñemos a creación dunha nova liña de transporte público á Universidade, a U3, esta nova liña iniciaría o percorrido no final de García Barbón para percorrer a totalidade de Sanjurjo Badía dando servizo á zona de Teis continuar logo pola Avda. de Buenos Aires percorrer a totalidade das rúas Travesía de Vigo e Jenaro de la Fuente e Ramón Nieto e rematar no Campus Universitario. A implementación desta nova liña de VITRASA ao Campus é un dereito do alumnado e un deber ser resolver por parte deste Concello, estoulle a falar de zonas tan populosas como Teis, cunha poboación aproximada de 30.000 habitantes, ou os 10.681 censados na Travesía de Vigo no ano 2013, que a convirte na rúa máis poboada de Galicia, tendo incluso máis habitantes que 234 municipios galegos, pese a esta circunstancia non circula por esta rúa ningunha liña a Universidade agás no seu tramo final, no chamado cruce dos "Choróns", que como xa dixen atópase saturada.

Tamén lles falo da poboación da Avda. de Ramón Nieto que conta con novas urbanizacións construídas nos últimos anos, nas que residen familias novas que xa teñen na actualidade universitarios/as, así como tamén de nenos/as que serán estudantes universitarios nos próximos anos, a eles, no día de hoxe, podemos ofrecerlles unha solución de mobilidade para o futuro coa nova liña U3.

Outro factor importante que certifica a necesidade desta nova liña é que ao longo de todo o percorrido existe un gran número de centros educativos, tanto públicos, concertados ou privados que ano a ano nutren as facultades da Universidade, polo cal, con esta nova liña que lles propoño beneficiaríamos aos estudantes de hoxe en día e tamén as viguesas/es do futuro.

No meu grupo temos unha proposta de cales e onde deberían estar situadas as paradas e cales deberían ser as frecuencias desta nova liña, pero cremos máis axeitado que deben ser os técnicos e os expertos municipais coas propostas de tódolos grupos, se aprobamos esta moción, os que realicen e deseñen a liña. Estou seguro que coa súa ampla experiencia e coñecementos enriquecerá aínda máis esta proposta para que a nova liña sexa o máis eficiente posible.

Creo sinceramente que neste asunto podemos chegar a un acordo consensuado por tódolos grupos e que en Vigo, nos últimos tempos existe unha nova forma de facer política gracias ao Partido Popular, porque chegar a acordos ten que ser a base da política do presente e do futuro, non só de Vigo, senón de Galicia, de España e de Europa. Unicamente os cidadáns/ás teñen o poder de xulgar, xa non só os acordos senón a lealdade posterior daqueles que os teñen tomado. É un exemplo de acordo positivo para a cidadanía e a cuestión da mocidade nesta cidade, xa que mentres nos últimos exercicios contemplábamos o continuo descenso das partidas orzamentarias e das iniciativas municipais xuvenís, gracias aos acordos conseguidos para este exercicio e a proposta do Partido Popular, os mozos/as poden contar xa por primeira vez na historia da cidade con medio millón de euros para un plan de prácticas laborais que lle facilite o acceso a súa primeira experiencia laboral, que é precisamente o que lle piden as empresas nas entrevistas de traballo, experiencia.

Solicítolles o seu voto favorable a esta proposta e que unha vez aprobada nos sentemos a traballar para demostrarlle á mocidade de Vigo que coas nosas diferencias políticas, facendo propostas serias e traballadas somos e seremos

capaces de volver a adoptar solucións para o seu futuro que serán en definitiva para o futuro de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: O outro día comentábame un coñecido meu, que é un seguidor da política municipal, que estivera escoitando a valoración do ano de goberno do Alcalde, e que lle sorprendera porque de tódalas realizacións que facía referencia nesa valoración, resulta que as que eran durante o período que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista gobernamos na cidade, os catro anos anteriores, tódalas iniciativas que referenciaba eran das áreas do goberno do Bloque Nacionalista Galego, Pavillón de Candeán, de Navia e campo de fútbol de Navia, Pinacoteca, Centro de Fotografía, Casco Vello, Vigosónico, e cando xa non estábamos no goberno volvían a ser iniciativas do Bloque Nacionalista Galego as que referenciaba, Plan de emprego, Plan social contra a crise, todas eran iniciativas de áreas do Bloque Nacionalista Galego e sen embargo que non fixera alusión a ningunha referencia ao acordo e que conseguiu co acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista, ningunha. Ao mellor é moito pedirilles, que conseguiran un Plan de transporte metropolitano, que a situación da Estacións de Autobuses estivera como nodo de transportes na nova estación de RENFE, ao mellor era moito pedirilles no acordo, pero que nin sequera puideran poñerse de acordo na petición que está agora facendo o compañeiro do Partido Popular razoable, e ademais quérolles lembrar unha cousa porque ao mellor non seguía esa política municipal naquel momento cando o Bloque Nacionalista Galego gobernou sendo Alcalde o Sr. Lois Pérez Castrillo, o concelleiro de tráfico, o Sr. Xaquín Acosta, foi o que fixo unha remodelación das liñas que propiciou que existan hoxe lanzadeiras á Universidade, foi gracias a unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego e que hoxe efectivamente pódese mellorar e corraxir, hai horarios de fin de semana que non cobre, hai cousas que corraxir, e efectivamente esta petición do Partido Popular pode ser razoable, hai que mellorar a comunicación da Universidade coa cidade, pero que no acordo nin sequera conseguiran que unha liña, que unha demanda dos estudantes se incorporara ao pacto, pero para que serviu o pacto?. Na valoración do goberno nin unha soa referencia positiva ao pacto do Partido Popular e do Partido Socialista. En materia de transporte, que mira que hai que negociar aí, porque hai concellos limítrofes á cidade que é necesario un transporte

metropolitano, e non se conseguiu nada, nin sequera unha liña.

Efectivamente hai que dialogar, ás veces co consenso conséguense cousas, pero que se fixera un pacto hai pouco e nin sequera iso se incorporara melloras nisto, simplemente nunha liña de transporte é lamentable.

Imos votar a favor porque nos parece que efectivamente o CUVI ten que estar interrelacionado coa cidade, con mellor liñas de transporte e horarios, atendendo tamén os fins de semana e tódalas zonas da cidade.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Parece que o Partido Popular nos quiere facer un viaxe ao hospital, privado, e que seguramente nos quiere levar, como dicía o libro de “Buen amor” que nos mostraba tódalas aquelas cousas que non deberíamos facer, quizais naquel momento para esquivar a censura e vostedes seguramente nestes momentos nolo di e nos invita a facer esa viaxe polo hospital privado de Vigo para demostrarnos que o primeiro que temos que facer cando cheguemos ao Goberno da Xunta de Galicia que será facer público ese hospital.

Hoxe imos falar do transporte na cidade, e imos falar de que o Partido Popular tamén nos quiere facer unha viaxe no tempo, entón eu tiven que recuperar un fax, non un correo electrónico do ano 99 no que a proposta que nos di os señores do Partido Popular era o que había no ano 99, do ano 99 a hoxe pois isto do transporte público urbano na cidade de Vigo evolucionou moito porque houbo dous concelleiros que me antecederon a min, o Sr. Xulio Calviño e o Sr. López Font, que fixeron unha revolución. Si señores do Bloque Nacionalista Galego, a revolución que fixo o Sr. Xoaquín Dacosta era que as lanzadeiras á Universidade tiñan un prezo pactado coa concesionaria de máis de cinco euros e como vostede sabe hai datas recentes levamos a Xunta de Goberno reducir ese prezo a tres euros, o mesmo servizo e máis barato, e que eu non entendo como gobernaba o Sr. Castrillo nesta cidade, e eu non entendo como gobernada o Partido Popular nesta cidade, seguramente vendo para as concesionarias e non vendo para os cidadáns, nós vendo para os cidadáns, por iso, tamén trouxemos a esta Pleno e tamén levamos á Xunta de Goberno un aforro importante, do 30% de tódolos beneficios que a VITRASA ninguén lle esixiu, nin os dous Alcaldes do Partido Popular nin o Alcalde do Bloque Nacionalista Galego, o Sr. Abel Caballero si, este goberno si, e este ano gracias a iso, incorporamos nas arcas municipais 5 millóns de euros, repítolle 5



millóns de euros. Así é como goberna o Partido Socialista e así é como goberna o Sr. Abel Caballero nesta cidade.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, a min sorpréndeme moito que nos digan que son activos seus o Centro romano de interpretación, ou que son activos seus o Centro de fotografía, expedientes que cando chegamos nós a este segundo mandato tivemos que refacer por completo porque vostede como ben sabe, o Goberno Central, o Goberno do Estado que subvencionaba estes proxectos nos dicían que estaban mal xestionados, cun alto risco de poder perder eses dous expedientes, o Centro de interpretación do mundo romano e o Centro de fotografía e foi gracias á concelleira de participación de Cascos Históricos, a primeira tenente alcalde, a Sra. Silva, quen tivo que coller os expedientes levalos a Madrid debaixo do brazo e resolver unha situación moi caótica e dramática, que poñía en risco e en perigo que estes dous proxectos seguiran adiante. Por iso, o Alcalde de Vigo cando fai balance pon no seu balance eses dous eventos, edificios que son tan importantes para a cidade, e se falamos de instalacións deportivas eu creo que non hai dúbida que as instalacións deportivas son froito e traballo deste Goberno e deste Alcalde.

A min tamén me chama a atención nestes viaxes que o Partido Popular nos manda, que di que quere que vaia o servizo ao CUVI pola Avda. de Ramón Nieto cando pola citada rúa a liña 15C ten un destino final que é a Universidade pero tampouco me estraña porque o Partido Popular non está acostumado a traballar as mocións, a traballar na oposición, agora que nós aceptamos tódalas suxestións, tódolos consellos polo ben da cidade e sobre todo para crear un sistema de transporte público nesta cidade.

Por iso, como vostedes saben as lanzadeiras á Universidade, que no pasado eran subvencionadas a partes iguais polo concello e pola Universidade nestes momentos as lanzadeiras á Universidade son pagadas íntegra e totalmente polo Concello de Vigo, pola nosa aposta por políticas para os mozos, e polo nosa aposta por políticas do transporte público.

SR. PÉREZ DÁVILA: Sr. Regades, nós dende o grupo municipal do Partido Popular si traballamos bastante, a quen non se lles ve dende hai tempo nas comisións, nin na Comisión de Urbanismo é a vostede.

Eu non veño aquí a propoñerlle ningún tipo de viaxe, vostedes son máis que suficientes para facelos tipos de viaxe, vostedes fano incluso en tres coches oficiais, incluso van as folgas xerais en tres coches oficiais, incluso viaxan vostedes, por exemplo, no día de onte cando o Alcalde volveu de Madrid, vostedes están moi preto da xente pero en primeira clase, como no voo de onte no que o Alcalde de Vigo a Madrid ía en Iberia en primeira clase. Vostedes están moi preto da xente pero máis adiante, ten que escoitar un pouco máis Sr. Regades, eu xa lle dixen que por Ramón Nieto claro que pasa a liña 15C, se quere lle paso despois a liña. Eu díxenlle que incluso na parte de Ramón Nieto, a 15C nas horas puntas vai máis que saturada, polo tanto, escoite un pouco máis.

Tamén o que me chama a atención é que eu veño aquí a propoñerlle unha nova liña de transporte e vostedes se poñen a pelexar, se polo centro histórico, polo prezo do transporte, as súas pelexas os vigueses xa as coñecen, polo tanto fáleme desta liña de transporte.

Sr. Alonso, eu comprendo que a vostede non lle guste o acordo orzamentario do Partido Popular e do Partido Socialista neste Concello para estes exercicios, pero non é o meu problema, eu sinto moito que non lle guste, a vostedes lle gustaban outro tipo de acordos, seguramente que si, para manter os “chiringuitos”, e non o digo eu, o dixo a Sra. Silva no anterior Pleno, a Sra. Silva gobernou con vostedes, polo tanto terá que saber moi o que facían vostedes no goberno, terán vostedes que explicarlle á sociedade viguesa, aos afiliados ao seu partido e o máis importantes aos afiliados máis novos do seu partido, aqueles que militan en Galiza Nova, porque o Bloque Nacionalista Galego si apoia uns orzamentos para manter os “chiringuitos” segundo di a propia Tenente Alcalde desta cidade e non apoian os Orzamentos que por exemplo entre outras moitas cousas, lles falo só dos mozos por primeira vez na historia da cidade hai medio millóns de euros para un plan de prácticas laborais, que xa adiantaron outras administracións como a Deputación de Pontevedra da cal o vicepresidente é o noso voceiro grupo municipal cunha ampla éxito de participación. Terán vostedes que explicarlle á mocidade do seu partido porque vostedes pactan orzamentos para “chiringuitos”, repito, non son palabras miñas, e non o fan neste caso para poder beneficiar aos mozos de Vigo.

E dicía o Sr. Regades que nós non traballamos, traballamos a reo dende o Grupo Municipal do Partido Popular, e non só os trece concelleiros que estamos aquí,

senón porque quero agradecer e por suposto é de ben nacido ser agradecido, a participación dun gran número de mozos/as desta cidade non só para esta moción do transporte urbano senón para moitas máis mocións que temos presentadas e máis que presentaremos, eles son os mozos/as da Comisión de Xuventude do Partido Popular e de novas xeracións de Vigo, a eles quero agradecerlles porque desinteresadamente fan un traballo enorme, o maior valor que ten esta cidade, un dos maiores valores que ten esta cidade e que os futuros gobernantes desta cidade xa están traballando sen estar aquí sentados. Así que imaxínense vostedes o que traballamos dende o Partido Popular, aplíquense vostedes o conto, non se dediquen a viaxes e non viaxen en primeira clase, por exemplo.

PRESIDENCIA: Por alusións, mentiras graves, que vostede verteu aquí, presido este Pleno e teño o dereito a falar cando o considere, señor concelleiro, falo porque é o meu dereito a falar por presidir este Pleno aínda que a vostede non lle gusta que falemos, vostede prefería ternos calados, a vostedes non lles gusta a xente que fala, non lles gusta a liberdade de expresión e por iso están a piques de aprobar unha lei que impide que a xente poida falar en liberdade en contra da Constitución Española.

Coches oficiais, o Alcalde de Vigo viaxa nun coche eléctrico que gasta 1 euro ao día, é o único Alcalde de Galicia que viaxa nun coche eléctrico, que gasta 1 euro ao día, o resto dos Alcaldes, tódolos seus do Partido Popular viaxan pola cidade en grandes coches pero que aquí neste Pleno hai representantes da Deputación Provincial o Sr. Figueroa e a Sra. Iglesias que teñen un coche oficial, grande, que se vexa ben. Polo tanto, non falemos de coches oficiais porque vostede lle fai moito dano á política cando di estas cousas, porque eu non cuestiono que a Sra. Iglesias teña un coche nin que o Sr. Figueroa como Vicepresidente da Deputación de Pontevedra teña un coche oficial, eu non o cuestiono, paréceme que é un instrumento para poder facer o traballo que ten que facer un representante público pero non veña vostede aquí a facer comparacións, é incomparable. O Alcalde de Vigo viaxa nun coche eléctrico que gasta un euro ao día, o Alcalde de Vigo viaxa sempre a Madrid en turista, o mesmo que o fai esta que lles está falando que aínda que no Congreso e no Senado, os deputados e senadores viaxen en business, porque hai un acordo que fai que sexa máis baratos o custe dos billetes, viaxa

tamén en turista aínda que dende o Congreso e o Senado se paga o billete en business. Esta que lles fala en turista, os deputados e senadores do Partido Popular de Vigo viaxan todos en primeira, todos, esta que lles fala en turista, a Sra. Garrido, e a senadora do Partido Popular de Vigo viaxan en business sempre, ida e volta, esta que lles fala en turista.

O Alcalde de Vigo só viaxa en primeira clase cando por mor das axudas indecentes que van en contra da competencia que poñen en marcha a Xunta de Galicia e os concellos do Partido Popular que fai que Vigo teña menos voos e con menos prazas, só viaxa en primeira cando non hai prazas en turistas, que está acontecer moi a miúdo e neste verán non se pode viaxar en Air Europa dun día para outro porque non hai prazas, porque se reduciron, porque Air Europa levou os avións grandes que tiña en Vigo para A Coruña e Santiago de Compostela porque teñen axudas ilegais, que quede claro, non se pode vir a mentir a este Pleno, non se pode vir a mentir.

Os mozos de Vigo, sabe o que ten que facer se tanto defende aos mozos de Vigo, reúnanse con eses mozos de novas xeracións para que lle reclaman á Xunta de Galicia que se abra a biblioteca do Casco Vello que é competencia súa en horarios nocturnos en épocas de exames, iso é o que ten que facer. Que aproben un Plan xuvenil de emprego para os mozos como temos aquí neste Concello, vostede non pode dar leccións de apoio aos mozos de ningunha forma, porque vostedes non fan nada polos mozos. A maioría apísóante de persoas que están no paro en España e en Galicia son mozos, froito das súas políticas, e os que teñen traballo é precario e en terribles condicións.

Faga vostede o favor de ser respectuoso cos cidadáns e coas cidadás que saben que vostedes de apoio a mocidade cero “patatero”.

*(Neste punto da orde do día preside o Pleno a Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal

do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego (Presidencia), adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.07.2014 (Rex. Nº 925/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2/121).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ESTABLECER UNHA DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE MOBILIDADE EN BICICLETA PARA A CIDADE. EXPTE. 926/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de xullo de 2014, número 926/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

Unha gran parte de estudos técnicos amosan que a bicicleta é unha opción de mobilidade que da resposta ao desafío de crear cidades con maior calidade de vida.

Facilitar aos vigueses e aos cidadáns que visitan Vigo a posibilidade de usar a bicicleta para ir ao traballo, a escola, a universidade ou para ir a mercar é unha posibilidade altamente viable.

O retorno da inversión neste caso é moi superior a do resto das infraestruturas. Toda a inversión en mobilidade en bicicleta está directamente relacionada con unha mellora na saúde, a seguridade vial, o medio ambiente, o desenvolvemento económico e a calidade de vida.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1. Instar ao goberno municipal a establecer unha dotación orzamentaria para a elaboración e implantación de un plan de mobilidade en bicicleta para a cidade de Vigo.
2. O plan debería integrarse no plan de transporte urbano sostible e contar co aval dos axentes sociais e dos técnicos municipais.
3. O plan debe establecer as melloras en infraestrutura ciclista (vías adaptados, carril bici, zonas de estacionamento, aluguer, etc.), a promoción do uso da bicicleta como transporte urbano, e o apoio a empresas con iniciativas para o fomento da mobilidade en bicicleta.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de xullo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SR. ARAÚJO PEREIRA: Un dos obxectivos do compromiso cidadá para a sostibilidade é fomentar a mobilidade sostible e converter as nosas rúas en entornos acolledores. Isto require un cambio de mentalidade e sensibilidade que non demostrou o equipo de Goberno actual na cidade nos últimos sete anos, xa que non xerou ningunha política de mobilidade sostible e limpa no que vai de mandato. Gran cantidade de estudos técnicos efectuados por enxeñeiros, médicos, sociólogos, etc. fálannos de que a bicicleta é un opción de mobilidade democrática, equitativa ecolóxica e saudable, responde en gran medida ao desafío de crear cidades con calidade de vida. Impulsar o uso da bicicleta en Vigo outorga a posibilidade de transformar a nosa cidade nun sitio de alta competitividade e boa calidade de vida. Facilitar aos vigueses e aos cidadáns que nos visitan a opción de cambiar os vehículos particulares pola bicicleta para chegar ao traballo, á escola, á Universidade ou para ir de compras é unha posibilidade altamente viable, aínda que algúns non o crean. A transformación pode darse a través do fomento da

cultura ciclista, a intervención na infraestrutura vial, sobre todo cando se fan intervencións na infraestrutura vial tala en conta, e baseándose nunha estratexia que implementa a bicicleta como complemento para o sistema de transporte urbano actual.

É necesario entender que utilizar a bicicleta como modo de transporte é unha alternativa para mellorar as cidades. Realizáronse estudos que mostran que o gasto en infraestrutura para transporte non motorizado, xera un retorno de inversión alto, ao avaliar o aforro que isto provoca na saúde pública en produtividade e en tempos de trasladados, o retorno do investimento neste caso é moito maior que noutros tipos de infraestruturas como poden ser estradas, ferrocarril, etc.. Así que é posible considerar que a inversión, infraestrutura e promoción ciclista na cidade de Vigo xeraría ganancias ao solucionar problemas urbanos máis graves.

O actual modelo de mobilidade fixo que boa parte das rúas da nosa cidade se converteran nos últimos anos, en espazos de circulación por onde practicamente circulan sen interrupción vehículos a motor que a miúdo dificultan a comunicación humana na rúa.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo facémonos eco ao igual que pasa con gran parte da Unión Europea deste cambio necesario de mentalidade, e queremos potenciar a mobilidade sostible e polo tanto, en bicicleta, como unha política pública. É por isto que non entendemos e polo cal denunciemos accións políticas que está executando o Goberno actual e que vai en contra deste principios básicos. Sra. Presidenta, xa que tanto se presume da legalidade nas accións do goberno pediríalle que lle preguntase ao seu concelleiro responsable de área como a unha das poucas empresas da cidade que se adica a temas de mobilidade en bicicleta e que fixera un gran investimento para situar a súa unidade de negocio central na rúa Montero Ríos se lle nega o permiso de instalación de aparca bicis na súa fachada principal dando servizos a cidadás desta cidade, facendo alusión a que esta zona ten uso consolidado para a ocupación da vía pública con terraza segundo a Ordenanza reguladora de Instalacións de Terrazas. Despois de revisar minuciosamente a ordenanza, quero repetir isto, minuciosamente, podo asegurar que non existe este uso consolidado e polo tanto non ten sentido esta negación, se quere facer cumprila legalidade e velar pola mobilidade en bicicleta e polas empresas que se adican a iso, debería retomar a autorización na zona requirida.

A Unión Europea, a través da Resolución A183 do 86, publicada no 87 no Diario das Comunidades Europeas, constata no seu apartado primeiro que a bicicleta é un medio de transporte barato, economizador de enerxía, ecolóxico, san en comparacións cos demais medios, o automóbil privado, os medios de transporte público como o autobús, o tranvía, o ferrocarril, etc. por iso tamén pode contribuír en particular, en combinación con outros transporte públicos a desconxestionar o tráfico urbano e a reducir o nivel de contaminación acústica e atmosférica.

Por outra banda, durante a Conferencia Mundial sobre a Bicicleta celebrada en Amsterdam, aprobouse unha declaración na cal os participantes proclaman o dereito de tódalas persoas a desprazarse en bicicleta cando queiran, á vez facíase un chamamento aos gobernos, aos sectores económicos e as organizacións sociais para que adoptaran medidas neste sentido.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Pérez, dicía vostede na anterior moción as discusións que tiñamos nós co Partido Socialista dunha moción que ía dun tema e saíron outros, a verdade é que foi unha moción moi interesante a moción anterior, empezan falando do transporte público urbano da cidade de Vigo e a discusión se leva a coches oficiais e avións, iso é potenciar o transporte público, si señor, é algo que ten moito que ver coa moción que vostedes propuxeron.

Xa que aquí é a ver quen da máis, eu voules a propoñer aos dous grupos unha idea moi boa que ven ademais para que a Presidenta non diga que me escapo da moción, ven moi claramente nesta moción sobre o uso da bicicleta. O Sr. Abel Caballero, Alcalde de Vigo, e o Sr. Figueroa, Vicepresidente da Deputación de Pontevedra, por que non van aos actos oficiais en bicicleta? Seguro Sra. Silva que gastaría menos dun euros ao día, seguro que darían un exemplo ademais de natureza, de apoio ao ecoloxismo, non lles vou cantar outra vez aquilo de “xuntos café para dous”, pero unha viaxe así do Sr. Caballero e o Sr. Figueroa ao estilo daquela serie de Verano Azul, onde Chanquete e Piraña andaban en bicicleta, sería un bo exemplo para os vigueses/as e deixarían vostedes de discutir, se en primeira, se en business, sen en coche oficial eléctrico ou non coche oficial eléctrico. Proben a facer un paseo pola cidade nestas bicicletas e seguro que van incluso gañar en forma física.

Efectivamente, en primeiro lugar eu volvo a repetir o mesmo practicamente ao que



dicía o meu compañeiro o Sr. Alonso Pérez, Sr. Regades e Sr. Fidalgo que negociaron vostedes? Porque resulta que a un mes da aprobación dos Orzamentos, os señores do Partido Popular lle piden agora que poñan unha nova partida Orzamentaria para acometer un Plan de Mobilidade en bicicleta para a cidade de Vigo, pois a verdade non sei que negociaron vostedes, case sería mellor que tamén tomaran exemplo do Alcalde e do Sr. Figueroa e que un día o Sr. Regades e o Sr. Fidalgo se foran a pasear en bicicleta pola cidade de Vigo, porque eu non sei que negociaron, como se pode vir a un mes de aprobar os Orzamentos, a pedir que se inclúa unha nova dotación orzamentaria, ou é que se esqueceron? Pois se esqueceron vostedes de moitas cousas.

Cando de bicicletas se fala nesta cidade, hai que lembrar que foi o Bloque Nacionalista Galego, aínda que evidentemente sería o Alcalde de Vigo, porque ao final o Alcalde de Vigo é quen fixo todo, non só nos últimos sete anos, senón creo que dende a etapa de democracia, pero habería que lembrar que o Bloque Nacionalista Galego puxo en marcha un servizo de bicicletas eléctricas que empezamos no Casco Vello e logo amplíamos a outras zonas da cidade, e que só en mes e medio tiveron máis de mil usos, non se soubo máis que pasou con estas bicicletas porque non se volveron a poñer en funcionamento, non se sabe nin sequera onde están. Cando hai iniciativas concordo co concelleiro do Partido Popular, porque xa o trouxemos a este Pleno varias veces, cando hai iniciativas nesta cidade para poñer en marcha estes servizos se lles boicotean ou se lles impide formar parte dun negocio e dunha iniciativa como esta.

O do Partido Popular tamén ten tela, agora reclaman para esta cidade un carril bici cando se hai algún responsable, algunha formación responsable nesta cidade que permitira que un proxecto como era o carril bici Vigo-Ramalloza, que era un proxecto ideal para ter un carril bici, hai que ter vergoña para reivindicar agora isto neste cidade cando eles foron os culpables de que hoxe exista un carril bici absolutamente impracticable, por electoralismo, porque se pasaron as últimas elección autonómicas indo casa por casa a dicirlle aos veciños que non se preocuparan que non lles ían tocar absolutamente nada máis se lle votaban e se o Partido Popular gañaba, o Partido Popular gañou as eleccións e un carril bici que estaba na etapa do bipartito proposto para dar resposta ao que agora piden vostede na cidade, converteuse nun carril bici absolutamente impracticable, cheo

de perigo e que nada ten que ver con esa mobilidade e con esa potenciación do uso da bicicleta que vostede agora proclaman. En todo caso, nós imos apoiar a moción porque a coherencia a nós nos leva en apoialo antes, agora e despois.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O 27 de xuño do ano 2014, foi aprobado en Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, o Plan de Mobilidade Urbana Sostible da cidade de Vigo. Nós cando propuxemos a mobilidade desta cidade, Sr. Araújo, cremos que debemos propoñela dunha forma global, e nese Plan de Mobilidade na páxina 58, podíamos ver como integrábamnos o uso ciclista dentro do espacio público, despois podíamos ver como na páxina 59 e sucesivas, falamos de corredores verdes e plataformas reservadas para bicicleta e viamos tamén na páxina 90 e sucesivas, falábamnos dunha implantación dun servizo de bicicleta e o fomento do uso da bicicleta na cidade de Vigo, como dicía vostede non só como unha forma de ocio senón como unha forma de transporte.

Pero a verdade señores do Partido Popular, sempre que traian unha proposta a este Pleno, construtiva, sempre que fagan unha proposta de facer cidade, van ter ó Goberno do Sr. Caballero ao carón seu, van ter ao goberno da cidade ao carón seu porque a nós o que nos importa é a cidade, non nos importa propostas estéreos e alleos a este Pleno.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, eu creo que este Pleno para nós, para o Goberno da cidade é un Pleno serio, cando recibimos un ataque político contestamos dende a política, vostede hoxe dedicou máis da metade do seu tempo a unha proposta demagóxica e non sería para este Pleno porque eu creo que temos que actuar con accións. Xa lle digo tamén, que comparto parte de seu discurso cando se puxo a traballar pola cidade e falaba do carril bici da PO- 325, da estrada Vigo-Baiona-A Garda e aí tendes o noso apoio e o noso traballo, iniciativa, por certo, que dentro daquel Goberno do Sr. Pérez Touriño tiña a responsabilidade unha conselleira do Partido Socialista que traballou a reo para que ese carril bici fora de verdade, unha realidade e viñeron os señores do Partido Popular a acabar con ese soño e a destruír esa idea e ese modelo de facer cidade, contando tamén como as bicicletas. Tanto concelleiros do meu grupo pero concelleiros do Partido Popular e concelleiros do Bloque Nacionalista Galego non é a primeira vez que me cruzo con eles andando en bici, é dicir, que eu si que son usuario da bicicleta porque creo

nela, porque este goberno cre nela. Por iso estes días podíamos ver como a concelleira de Cascos históricos poñía nas entradas e saídas do Casco Vello, sitio propicio para andar en bici e para facilitar a integración da bicicleta, aparcadoiros de bicicletas pactados cos colectivos, dicíannos que aquel modelo antigo de que só se podía atar a bicicleta a unha roda e que ampliásemos e que a forquita chegase de roda a roda para poder atar a bicicleta por completo, e fixemos un modelo exclusivo para a cidade de Vigo que podeis ver hoxe como están situadas no Casco Vello.

Políticas de mobilidade sostible, como dicíamos estaba preparado ese documento que estivo a exposición pública e que lle damos achegas que recibimos, das asociacións como “A Golpe de Pedal”, como asociacións de “Amigos da bicicleta”, como “Outro Vigo é posible”, e Sr. Araújo invitámoslos, aínda que estamos fora prazo, a que fagan alegacións a ese Plan de Mobilidade porque nós cremos que para construír, todos sumamos, non sobra ninguén por iso xa lle dicía que imos votar a favor desta iniciativa.

Comparto tamén co Sr. Araújo, que nos dicía que a cidade é cada vez máis acolledora, que a cidade é cada vez máis humana, que cada vez ten que compartir máis espazos coa bicicleta, claro que os ten que compartir coa bicicleta e agora é posible porque reducimos a velocidade na cidade, na maioría da súas zonas, a menos de 30 quilómetros hora, iso facilita a convivencia da bicicleta, como xa anunciabamos antes nese Plan de Mobilidade imos a propor antes de finais de ano e imos executar antes de final de ano un plan de aparcadoiros de bicicletas para toda a cidade e imos seguir traballando en facilitar a cultura ciclista na cidade. Eu mesmo participei nesta marcha que facemos unha vez ao ano por toda a cidade apoiando á bicicleta, o Alcalde deu a saída desa marcha, nós cremos que hai que construír dende o diálogo por iso dialogamos con todos estes colectivos da bicicleta e estamos dispostos tamén a dialogar para mellorar este futuro co Partido Popular e co Bloque Nacionalista Galego.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que me parece ben a proposta que fai o Sr. Domínguez para que o Sr. Caballero e o Sr. Figueroa dean un paseo en bicicleta de vez en cando pola cidade, pero eu tamén invito ao Sr. Domínguez a que probe, porque así se decata que nesta cidade hai moitas cousas que facer, o tema das

bicicletas é un deles e que os orzamentos hai que empezar a traballalos polo menos con catro meses de antelación para que sexan aprobados antes de que empece o ano 2015. Eu o único que pretendo e o Grupo Popular deste Concello pretende, é que as iniciativas se empecen a traballar antes e cheguen aos Orzamentos para que se fagan realidade porque sen cartos é difícil facelo realidade, o que nos queda é papel como leva pasando nos últimos anos neste Concello.

Pódese observar que as políticas económicas europeas céntranse cada vez máis na potenciación de proxectos de sostibilidade ambiental e mobilidade sostible, e menos en inversións en infraestruturas que non estean ligadas a transporte público sostible. E por iso que temos que cambiar a nosa visión se queremos aproveitar as axudas da Unión Europea e é ao que eu vou porque non só teñen que ser que nós gastemos do noso Orzamentos senón que busquemos outras solucións a través da axudas europeas. Temos que cambiar a tendencia en mobilidade que temos na actualidade na nosa cidade, este gráfico presenta a mobilidade na área de Vigo hoxe en día, o 52% dos nosos veciños móvense en coche ou en moto, o 39% van andando, co cal iso nos da pe a que moita xente non ten posibilidade de utilizar o vehículo pola situación económica, en bicicleta só o 2% e o 7%, aínda que nos pese, en transporte público, bus, tren ou barco. Esta tendencia que cambia en tódalas cidades europeas, nas grandes cidades chegando a un 70% en transporte público e en mobilidade en vehículos que non estean motorizados, é a que temos que buscar e é a que se está apoiando dende as políticas europeas, por iso digo que busquemos fondos na Unión Europea para apoiar este tipo de melloras infraestruturais e potenciación dun elemento básico como pode ser o da bicicleta.

Por iso, instamos ao Pleno deste Concello, aproveitando estudos anteriores como o do Valedor do Pobo, Valedor do Cidadán que nos falaba no seu libro de rutas de carrís para bicicletas no Concello de Vigo, instar ao Goberno Municipal e que isto nos sirva de arranque para establecer unha dotación Orzamentaria para avaliación e implantación dun plan de mobilidade en bicicleta para a cidade de Vigo, este Plan debería enmarcarse dentro do Plan de Transporte Urbano Sostible sendo necesaria o aval de axente sociais técnicos municipais, este plan debe establecer melloras en infraestruturas para bicis, viais adaptados, carril bici, zonas de estacionamento, zonas de aluguer, a promoción da bicicleta como transporte urbano.

PRESIDENCIA: Dinme que na miña ausencia fun obxecto dunha calumnia por parte dun concelleiro, e téñolle que dicir que o Alcalde de Vigo viaxa sempre cando vai a Madrid en clase turista e só cando o viaxe é inaprazable, e non hai prazas vese obrigado a utilizar outra posición, cando non hai prazas en turista. Nunca xamais viaxei en clase preferente habendo unha soa praza vacante en clase turista, máis aínda lle teño que dicir, con frecuencia propóñenme cando hai un overbooking en clase turista que pase á clase preferente. As compañías, Iberia Express, ten a xentileza de intentar pasarme á clase preferente, non acepto nunca, nunca acepto, e polo tanto se alguén di o contrario, calumnia.

Segundo, si utilizo coche oficial do Alcalde de Vigo, si claro, porque son o Alcalde de Vigo. O coche oficial do Alcalde de Vigo o 92% das veces e na cidade é un pequeno coche eléctrico que utilizo porque decidín que o coche oficial do Alcalde de Vigo tiña que ser un pequeno coche utilitario eléctrico, e só utilizo un dos C5, por certo posto a disposición deste Concello por Citroën, cando o coche eléctrico ten a súa batería gastada o cal sucede algunha vez, porque sucede que hai días que recorro máis de 100 quilómetros na cidade de Vigo e non hai tempo a recargalo, pero no 95% das miñas viaxes nesta cidade fanse nese coche.

Voulle dicir máis cousas, non utilizo o aire acondicionado para non gastar batería e poder seguir nese coche todo o día, non utilizo a calefacción co visto bo dos condutores que se sacrifican comigo nesa cuestión para poder utilizar ese coche eléctrico, e quérolle lembrar que anterior alcaldesa utilizaba un Peugeot grande de Citroën, sempre, de forma continuada, nunca usou un coche pequeno, había pequenos coches C2, C3, C4, e téñolle que dicir ademais que a outra semana utilicei un C4 Picasso porque mo pediu de coche oficial a factoría Citroën e me parecía que era conveniente facer promoción dese coche e polo tanto utiliceino, e o que diga o contrario calumnia.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.07.2014 (Rex. Nº 926/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.3(122).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL HABILITAR UN SOLAR COS SERVIZOS BÁSICOS QUE GARANTA A SALUBRIDADE E DIGNA HABITABILIDADE DOS TRABALLADORES AMBULANTES DAS FEIRAS EN VIGO. EXPTE. 935/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xullo de 2014, número 935/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte,

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cada verán, dende fai xa algúns anos, o inicio das festas patronais nas parroquias da nosa cidade, trae a Vigo os traballadores das atraccións das feiras que eiquí se organizan. Traballadores que acoden acompañados polas súas familias, en fogares ambulantes que precisan ser instalados nun lugar axeitados, e que este concello non pon a disposición.

A deplorable imaxe de caravanas instaladas en lugares pouco adecuados, incómodos tanto para eles como para o resto dos cidadáns, sen as condicións básicas de salubridade, repítese ano tras ano, sen que o equipo de goberno traballe para darlle unha solución definitiva a un problema que ten provocado numerosas protestas veciñais.

Dende o Partido Popular pedimos repetidamente atención a este problema a fin de darlle solución con carácter definitivo a penosa situación en que mantemos a estas familias pola inacción do goberno municipal .

Por todo elo, o grupo popular propón o seguinte acordo:

Habilitar un solar que conte cos servizos básicos de auga, enerxía eléctrica, saneamento, etc, que garantice as condición de salubridade e digna habitabilidade

dos traballadores ambulantes das feiras, na cidade de Vigo.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 21 de xullo de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SRA. CENDÓN ALONSO: Como cada verán dende hai algúns anos o inicio das festas patronais nas parroquias da nosa cidade, traen a Vigo os traballadores das feiras que aquí se organizan. Traballadores que acoden acompañados polas súas familias en fogares ambulantes que precisan ser instalados nun lugar axeitado e que este Concello non pon a súa disposición. A deplorable imaxe de caravanas instaladas en lugares pouco adecuadas, incómodos tanto para eles como para o resto dos cidadáns, sen as condicións básicas de salubridade repítese ano tras ano sen que o equipo de goberno traballe para darlle unha solución definitiva a un problema que ten provocado numerosas protestas veciñais. Navia, o ano pasado onde foron instalados, posteriormente sancionados, multados e expulsados. A Ponte da VG-20 na intersección con Ricardo Mella e o Paseo do río Lagares.

Dende o Partido Popular pedimos repetidamente a atención a este problema a fin de darlle solución con carácter definitivo a penosa situación en que mantemos a estas familias por inacción do Goberno Municipal, pola falla de planificación do Goberno Municipal que repite este problema ano tras ano. Non parece moi complicado de arranxar porque realmente só se precisa un solar, sombra, auga, saneamento e pouco máis. Por todo isto, o Grupo Popular propón o seguinte acordo: habilitar un solar que conte cos servizos básicos de auga, enerxía eléctrica, saneamento, etc. que garanta a condición de salubridade e digna habitabilidade dos traballadores ambulantes das feiras na cidade de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: Aquí a cuestión é que si estes vendedores ambulantes ou traballadores ambulantes das feiras, si solicitan os permisos e os pagan o lóxico é que se resolva esta situación, que se lle dea un solar que reúna as condicións de salubridade, que teñan auga, luz e o normal, se o solicitan e pagan hai que resolver

este problema, polo tanto nós imos votar a favor, non temos nada máis que dicir.

SR. LÓPEZ FONT: A verdade que cando lin esta moción Sra. Cendón, pensei que debería repasala porque eu con vostede teño certa prevención, no sentido da intencionalidade das súas mocións, e pensei que a tiña que repasar, entón todo o que vostede di, recoñezo publicamente que me produce rexeitamento político, non no persoal, algunha das cousas que vostede propón. O que pasa é que cando relín varias veces a moción dixen, que fácil parece! Tal e como o propón a Sra. Cendón isto debe ser fácil, e digo isto porque se fora tan fácil seguro que anteriores Alcaldes, pero sobre todo a Sra. Porro houbera tido solucionado este problema. Se isto fora todo tan sinxelo como vostede o propuxo hai un momento, no que parece que é poñer un solar, parece que falamos dun chale e que isto era moi fácil, pois se forma tan fácil seguro que se houbese feito Sra. Cendón con anteriores gobernos.

Modestamente non teño en perspectiva estar na oposición pero se o estivera me coidaría moito de poñer en valor o que fan gobernos e procuraría buscar o que realmente se pode facer, porque isto é o que pasa nesta cidade dende xullo de 2007, que moitos dos temas, ou unha inmensa maioría dos temas que non estaban resoltos que estaban pendentos, vanse solucionando, Sra. Cendón. Isto é así porque nunca se aprobaron anteriormente sete Orzamentos, porque anteriormente humanizábanse oito cidades e agora cincocentas, e isto é o que lles pasa a vostedes que buscan a solución de problemas poñéndoo nun ámbito de facilidade cando vostedes foron absolutamente incapaces de resolver isto.

Nesa exclamación de que fácil sería, saíume outra exclamación, se isto fora tan fácil a Sra. Cendón xa houbera proposto un solar, estou seguro. O afán de protagonismo que ten vostede en ocasións, lembro o do Picudo Vermello e outras situacións, estou seguro de que se houbera unha solución moi fácil vostede xa a houbera proposto.

Sabe comigo, ou debería saber comigo que non é fácil a solución, pero garántolle que cando vostedes propoñen e falan sobre un problema nós levamos tempo, moito tempo buscando unha solución con respecto a este problema. Pero insisto que non é tan fácil porque vostede debería ter en consideración e non falar tan alegremente, como se isto fora moi fácil, que hai problemas de proximidade, que propoñen as propias persoas das que fala vostede, que hai problemas de tamaño



en canto a lugar, que hai problemas de colaboración coas comisión de festas e os interesados, e garántolle que nós ano tras ano buscamos unha solución a este problema, o que pasa é que como estou convencido de que vostede aínda na quenda de replica que lle queda vaime ser incapaz de darme unha solución, a non ser que se teña gardado ese coello na chistera, pois debería explorar outras situacións Sra. Cendón. Debería propoñer aquí que ao mellor o Porto de Vigo nos axude a buscar un solar, que Zona Franca nos axude a buscar un solar, esa magnífica Deputación de Pontevedra que se preocupa tanto por Vigo segundo vostedes e segundo os concelleiros, pois ao mellor tamén teñen un solar.

Polo tanto Sra. Cendón insisto, se coñece a solución eu voulla agradecer infinito, se se aproba esta moción, que non fai falla porque o Goberno Municipal esta permanentemente buscando solucións para estas persoas e desta situación eu o compartirei con vostede e serei absolutamente feliz de que isto se poida solucionar, porque de verdade cos problemas que vostedes deixaron, coas situacións a que non lles buscaron solución, parece mentira que veña con lixeireza a dicir, que isto pode parecer moi fácil. Eu invítolle na quenda de réplica que seguro que vostede isto pensouno moito e seguro que ata ten dúas ou tres opcións a que me dea algunha, porque dende este goberno non paramos o anterior concelleiro e eu á busca dunha solución a este problema, pero tamén lle digo a colaboración con estas persoas é máxima e as queixas das que vostede fala, dende logo hai que minimizalas pero moito.

SRA. CENDÓN ALONSO: Francamente Sr. Font, defráudame vostede totalmente, é que non somos nós os que temos que propoñer a solución, a solución a teñen que poñer vostedes e sete anos para atopar unha solución dun problema estacional, vostedes é que non buscan a solución vostedes o único que aguantan é o tirón do tempo que están instalados que é o tempo das festas patronais, e unha vez que se van, solucionado o problema, así é como solucionan vostedes os problemas. Pero eles mesmos son os que din que a cidade de Vigo os tratan como a cans, que non teñen este problema en ningunha outra cidade de España, e efectivamente é así, porque eu preocupeime de ver cal era a traxectoria e o recorrido era moi sinxelo, veñen de León onde teñen un espacio que eu lle invito a vostede que vaia a visitalo, onde teñen contadores individuais e cóbraselles por consumo, porque

estas persoas non son intrusos, pagan os seus impostos e están dispostos a pagar o que sexa necesario. O Concello de Redondela, vostedes sabe como os recibiu este ano, verdade? Eles están moi satisfeitos e déronlle as grazas ao Concello de Redondela. Pero é que dende aquí vanse a Marín, a Pontevedra onde teñen solucionado o problema, vanse a Santiago de Compostela as festas do Apосто onde teñen solucionado o seu problema, o único sitio onde non o teñen solucionado é na cidade de Vigo, e o Goberno Municipal é o que ten que buscar a solución, non temos que buscala nós.

Evidentemente, claro que eu teño unha alternativa, pero dende logo a alternativa que vostedes propoñen de instalalos no medio dun paseo con mangueiras de catrocentos metros, sometidos a infeccións e sen que o saneamento sexa adecuado, non me parece a solución. Se nin sequera lle instalaron colectores, que tiñan que percorrer catro quilómetros, pódese vostede imaxinar o que acontecía con moitos dos residuos, non percorrían as catro quilómetros, ían a onde ían e tiveron que colocalos despois.

Sr. Font, a min o que me gustaría é que o próximo ano vostede tivesen unha solución porque esta cidade ten que acoller ós que veñen con outra sensibilidade, vostedes a sensibilidade que teñen cos que veñen, non teñen dereito a nada. Pero estes traballadores veñen a prestar un servizo a esta cidade, e insisto a solución é moi fácil só hai que poñerse. Quere solar? Eu podo suxerir moitos, xa votaba eu de menos que vostede hoxe non culpara ao Porto de Vigo, á Deputación, á Zona Franca porque hoxe só tocou o Concello do Estado e o da Xunta de Galicia, pero xa rematou vostede.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 21.07.2014 (Rex. Nº 935/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

##### **4.A.1(123).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL INFORME TÉCNICO DE AVALIACIÓN DOS COSTES DA ACTUACIÓN NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 940/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de xullo de 2014, número 940/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

"O estadio municipal de Balaídos necesita, de forma urxente, unha reforma, que garanta a seguridade dos espectadores que acuden ao recinto.

Fai casi dúas décadas, o PP plantexou unha reforma integral das bancadas e das instalacións do estadio, que non saíu adiante pola falta de apoios. Outro intento posterior foi esgotado pola cerrazón pública.

Agora, anunciase outro proxecto, ao parecer pactado entre o goberno municipal e o Real Clube Celta, deseñado a longo prazo e que abrangaría a reforma de soamente dúas bancadas. Ademais non conta, polo que coñecemos polos medios de comunicación, co financiamento asegurado.

A Deputación de Pontevedra, considerando que é chegada a hora de reformar e modernizar o estadio emblemático do celtismo, amosa a súa disposición a colaborar no proxecto e aportar o financiamento necesario para actuar no resto das bancadas.

Por todo iso propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1.- "Que os técnicos municipais redacten un informe coa avaliación dos costes da actuación na totalidade do estadio municipal de Balaídos, a fin de que a Deputación de Pontevedra poida aportar financiamento para contribuír á reforma das bancadas".

2.- "Que o pleno da Corporación inste o Consorcio da Zona Franca a que faga tamén unha achega orzamentaria e que se sume a iniciativa"

## DEBATE:

SR. FIGUEROA VILA: Despois de xa unha mañá longa de debate, nós o que propoñemos con esta moción por urxencia é que un tema da actualidade que saíu estes días nos medios de comunicación, o grupo Municipal do Partido Popular teña un posicionamento é que a Corporación coñeza este posicionamento e se pode evidentemente que teña o respaldo da Corporación que iso xa é unha cuestión política, ala cada un coa súa responsabilidade.

Vólvese abrir o debate do estadio de Balaídos, todos somos conscientes que é unha instalación que se inaugurou o 30 de decembro do 1928, e que tivo unha transformación na grada de Rio no ano 1982, co mundial de fútbol en Balaídos, e a partires de aí foi sufrindo continuos arranxos, remendos, eu diría que continuas desfeitas no sentido de que única e exclusivamente se arranxaba aquilo que nun momento determinado era necesario.

Falouse do debate do Estadio de Balaídos en diferentes situacións, que se fora de Vigo, que si dentro de Vigo, que en Valladares, que se había que trasladalo de Balaídos, eu creo que proxectos, ideas hai por parte de tódolos grupos e de tódolos equipos de Goberno. Eu pódolle dar aquí máis de cen folios de proxectos, de infografías, de estadio aberto, pechado, con pista de atletismo, sen pista de atletismo, xa non sei nin a información que se ten.

Nós, cando estes días a través dos medios de comunicación, soubemos da posibilidade de que podía volver a reabrir o debate do Estadio de Balaídos, eu vou a dicilo con absoluta claridade e ademais teño a autorización do Presidente para dicilo, que este tema vou levalo eu como Vicepresidente primeiro da Deputación, directamente e persoalmente, e por iso propúxenlle ao Presidente da Deputación que era o momento de colaborar co Real Club Celta, co Estadio de Balaídos, coa cidade de Vigo, nun proxecto, nunha infraestrutura que é fundamental e importante para a cidade. Sabemos todos que o debate sobre o Celta é moi dispar, hai xente que di que non hai que investir nin un euro, hai outros que dicimos todo o contrario, que é un fonte de riqueza, de recursos, de ingresos económicos cada 15 días, e cada semana, o Sr. Camilo José Cela dicía que a importancia das cidades se medía por analizar e mirar a clasificación de primeira división tódolos luns, é dicir,

Madrid, Barcelona, Atlético de Madrid e Sevilla e Celta despois. Polo tanto, esa era a importancia que tiña e nós propoñemos unha posición clara que estamos dispostos dende a Deputación de Pontevedra a traballar con lealdade, con honradez, honestidade, e sobre todo cun principio claro de que queremos que o estadio se leve a cabo.

Por iso, trasladamos unha idea de proposta de que estamos dispostos a aportar exactamente o mesmo que aporte o Concello de Vigo. Isto é unha postura, unha posición, unha proposta que se pode modificar se entre todos queremos traballar pola cidade, se entre todos queremos sumar esforzos e queremos levar un proxecto adiante. Este é o motivo da urxencia da moción, de non estar trasladando mensaxes a través dos medios de comunicación senón que, se é posible facer unha reunión na medida das posibilidades que poida o Goberno, e o da Deputación e tamén escoitar ao Real Club Celta. Nós estamos dispostos a colaborar economicamente, hai consignación suficiente na Deputación de Pontevedra para levar a cabo este proxecto e polo tanto iso é o que ofrecemos á cidade de Vigo, ao Goberno da cidade, a toda Corporación e con absoluta lealdade.

Creo que a proba do que estamos a facer dende este grupo de intentar apoiar aqueles proxectos que son importantes para a cidade, xa ninguén ten ningunha dúbida de que é así, e polo tanto este que consideramos que é un proxecto importante. Eu podía falar se quere un pouco en que consistiría, a nos válenos a proposta que está enriba da mesa, parécenos que o arquitecto don Pedro de la Puente é un bo arquitecto e máis unha persoa cualificada, nós se propoñemos un asesoramento doutra persoa é porque esa persoa leva dez ou doce anos traballando non só para a Deputación senón para o propio Concello de Vigo.

SR. ALONSO PÉREZ: A primeira cousa que quero deixar claro é que o noso voto en contra da urxencia é que aquí se está incumprindo o Regulamento de maneira sistemática, o Bloque Nacionalista Galego que só temos unha moción ao mes, nos coidamos moito de presentar mocións urxentes cando son urxentes realmente, non pode vir derivada a urxencia en función de que sexa actual porque saía nos medios de comunicación, terá que ser urxente se efectivamente necesita ou obriga unha actuación inmediata, aquí estase saltando o Regulamento. Ademais, o que non é normal é que o Partido Popular e o Partido Socialista que teñen tres mocións por

Pleno, sexan quen fan uso indebido do que é as moción urxentes.

Esta moción non é unha moción urxente, e iso é a primeira cousa que quero clarexar.

A segunda cuestión, a min sorpréndeme que a Deputación de Pontevedra que como norma non sae cada vez que se lle manda algo, agora resulta que ven correndo, e ven correndo porque é unha cuestión electoralista, nada máis que por iso. Gustaríame que a Deputación de Pontevedra cando dende o Concello de Vigo se lle pediu que atendera aos problemas de teleasistencia, resulta que tivera tanta velocidade como agora, ou eu mesmo que fun deputado provincial e presentei unha moción porque nun Plan de Emprego da Deputación de 74 millóns, lembro as cifras perfectamente, o presidente da Deputación quedábase con libre asignación para dicir en que concellos se investía 20 millóns de euros de maneira discrecional, e resulta que o problema do emprego non era urxente, o problema da teleasistencia non era urxente, e agora isto parece que é urxente. Esta urxencia é porque vemos as cuestións simplemente como unha cuestión electoralista. Despois, o que xa é o colmo dos colmos, eu sendo deputado provincial presentei unha moción porque Vigo optaba a ser sede do Campionato do Mundo que España tamén optaba para o ano 2018 e que ao final foi a Qatar, pois unha das demandas que nos facía a Federación Española de Fútbol, era que procuráramos o apoio das distintas institucións galegas para se vira que era un proxecto que tiña detrás a todo o mundo, levamos esta cuestión á Xunta de Galicia, á Deputación, e eu defendín na Deputación que fixeran un compromiso, que simplemente era un compromiso de asumir entre tódalas administracións, aquela decisión de remodelar Balaídos para ser sede de campionato do mundo porque ademais era unha oportunidade extraordinaria porque o diñeiro non ía saír exclusivamente do Concello de Vigo senón de tódalas administracións e a Federación, e a Deputación votou en contra. Aquí estamos xogando a un electoralismo que a min non me gusta, efectivamente Balaídos necesita unha remodelación, hai un problema de seguridade que hai que abordar, pero téñense que abordar as cuestións como se teñen facer, non para ver quen quita a foto máis grande no xornal senón buscar unha saída consensuada e que a Deputación non volva a aparecer nun tema de Vigo por unha cuestión exclusivamente de que tamén quere a fotografía na cidade, e a ver se se preocupa do emprego, da teleasistencia, de cuestións que deixou

colgadas de maneira continua cada vez que se lle demandaba algo dende esta cidade.

Nós imos votar a favor pero estamos en contra de que isto sexa unha cuestión urxente por iso o noso voto contrario á urxencia da moción.

SR. LÓPEZ FONT: Este é o Goberno da colaboración, receptivo a todos aqueles que queren o mellor para a cidade e polo tanto, nós sempre estamos receptivos a todo o que poidan propoñer en colaboración outras administracións e neste caso tamén estamos receptivos á proposta que poida facer a Deputación de Pontevedra, Balaídos é un tema importante, hai un proxecto global, consensuado co Real Club Celta de Vigo e que teñan a seguridade de que se vai facer.

Pero dito que somos o Goberno da colaboración e dito que estamos receptivos a calquera achega, se é certo que temos que lembrar cal é e cal foi a nosa relación coa Deputación de Pontevedra. Xa hai sete anos pedíuselle ao Presidente da Deputación un acordo para humanizar rúas nesta cidade, pedíuselle que se levaran a cabo actuacións nesta cidade e logo a Deputación respondeu cunha negativa a esas peticións, abandonaron o museo Marco, o tema tan importante da teleasistencia, tamén a Fundación PROVIGO, afectando, no caso da teleasistencia a 800 persoas, todo isto tívoo que asumir o Concello de Vigo, e continuaron nunha política de non apoiar ao Aeroporto, de non atender as infraestruturas e dunha débeda histórica que seguimos reclamando aquí, porque o Orzamento da Deputación son 150 millóns de euros, esta cidade colabora, ten un terzo da provincia e polo tanto seguimos reivindicando eses 50 millóns anuais que se deberían investir na cidade. A nosa relación coa Deputación e teno que entender o Partido Popular, limítase a actuacións como esta, este caderno en tódolos medios de comunicación supón un investimento dun plan de investimentos de 33 millóns de euros na provincia e aquí ninguén atopará a cidade de Vigo, é dicir, aquí hai cero euros. Polo tanto, é lóxico pensar que os antecedentes cando se fai unha proposta Sr. Figueroa, deste tipo, os antecedentes son moi negativos. Por iso nós aceptamos colaboración, estamos encantados, pero o que si pedimos é que se concrete, “Brindis ao sol”, promesas que logo non se levan adiante non queremos ningunha. Se dende a lealdade da que vostede fala a nós, fronte aos dez millóns que se puxeron para o estadio de Pasarón hai unha cantidade equivalente para o

estadio de Balaídos, vostedes a concretan dende a Deputación de Pontevedra, vostedes a fixan no capítulo VII porque nos seus Orzamentos actuais non está esa cantidade, nós estaremos receptivos a esa cuestión.

Pero o que é evidente e que isto ata agora non foi así, que este proxecto nós o consensuamos co Real Club Celta e polo tanto, nós presentamos unha emenda á moción que lles fixemos chegar na que basicamente falamos de tres aspectos e é: “que se contribuía a Balaídos fixando a cantidade co equivalente ao que corresponde a esta cidade co referente do estadio de Pasarón, que se corrixa de inmediato este caderno de 33 millóns coa achega que lle corresponde a esta cidade, e que nos digan como van proceder a asumir a débeda que a Deputación de Pontevedra ten con esta cidade dos sete últimos anos”. Cando vostedes concreten iso, cando nós saibamos que esa é unha realidade e que figure nos Orzamentos é o momento Sr. Figueroa de falar.

Nós, o normal e o previsible é que vostedes non acepten esta emenda á totalidade que nós facemos a súa moción, practicamente xa contamos cor iso, polo tanto, en liña coa parte inicial do discurso que lles dicía anteriormente, non imos dicir non nunca a nada e polo tanto, a pesares de que o lóxico sería aceptar a nosa proposta, en todo caso votaríamos a favor.

SR. FIGUEROA VILA: Dende logo eu e o meu grupo sentímonos moi orgullosos do traballo que estamos a facer. Orgullosos porque estamos a dar colaboración a un goberno que está en minoría, porque gracias a achega e as decisión que toma o Partido Popular única e exclusivamente por interese xeral da cidade, púidose facer unha modificación de crédito de seis millóns de euros, púidose facer unha amortización de débeda de dezaseis máis outra de seis ou sete, gracias a nosa colaboración vostedes teñen Orzamento e nós chantaxeamos absolutamente a ninguén, fixéronse negociacións como corresponde pensando no interese xeral da cidade. Parece que algúns agora se molestan porque non aprobaron o Orzamento ou porque deron as costas a esta cidade, nós non, agora hai un proxecto importante, non imos entrar en polémica, xa lle digo este tema vouno levar eu directamente co apoio do presidente porque así mo delegou. Non imos entrar nas discusións, na trampa do enfrontamento, imos sumar, se vostedes queren sumar saben que teñen a colaboración da Deputación de Pontevedra, se vostedes non



queren sumar e prefiren un enfrontamento, estaremos como sempre nesta cidade. Eu dende logo non vou permitir nin ao meu grupo, nin a min mesmo entrar nesa dinámica.

Polo tanto, vostedes teñen unha oportunidade de poder sentarnos, de poder falar, creo que se aprobaron os Orzamentos con absoluta lealdade, transparencia, co único pensamento nos intereses xerais da cidade, pois isto pode suceder igual, acabamos de aprobarlle a vostedes unha moción para que a sede da Fundación de Abanca estea nesta cidade, acabamos de apoiar tamén que a obra quede nesta cidade, creo que son moitos exemplos de lealdade, de pensar na cidade, de non facer trampas, de dala cara e de facelo con transparencia e pensando nos intereses xerais desta cidade e polo tanto nós imos continuar así, xa lles advirto de que non vou caer na trampa, nin vou permitir que os meus compañeiros caian nesa trampa. Hai algo máis importante nun momento como o que estamos a vivir que é a situación económica de moitas familias, e o estadio de Balaídos seguramente non sexa ao mellor unha prioridade absoluta pero si é necesario porque calquera día vai haber unha desgracia e entón se que seremos responsables os 27 membros da Corporación.

PRESIDENCIA: Tense que pronunciar sobre a emenda.

SR. FIGUEROA VILA: Nós queremos colaborar, este é un papel trampa, se vostede sabe como fixemos a negociación dos Orzamentos eu lle presto a miña colaboración na mesma liña.

PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, aquí hai un Regulamento, vostede ten o dereito a dicir se acepta ou non acepta esta emenda, ten que dicilo.

SR. FIGUEROA VILA: Non se pode aceptar, nós o queremos e sentarnos a falar deste tema.

PRESIDENCIA: Non aceptada a emenda do Grupo Socialista eu lle quero dicir, que nós imos votar a favor da moción, a imos votar porque non queremos que a Deputación esgrima ningunha argumento, desculpa para non poñer os recursos

financeiros que está obrigado a poñer nesta cidade e no Estadio de Balaídos. Polo tanto, imos votar a favor, non imos dar ningún argumento para que a Deputación poida dicir que non fai abasto de recursos no capítulo VII aos efectos desta reforma do estadio de Balaídos.

En suma señores concelleiros/as, non imos deixar que a Deputación deixe de “apoquinar” os recursos que ten que “apoquinar” nesta cidade ao estadio de Balaídos, e polo tanto, imos votar a favor.

Na nosa emenda dicíamos dunha cantidade consecuenta coa achega de dez millóns no estadio de Pontevedra, que é a terceira parte de poboación do estadio de Vigo, calquera pode facer un cálculo, unha aproximación e polo tanto ter cantidades que consideraríamos razoables de achega da Deputación.

En consecuencia no mesmo momento que apareza unha cantidade nos Orzamentos da Deputación, que a Deputación considera que é a quere achegar, nese momento iniciaremos o diálogo.

**VOTACIÓN DA URXENCIA:** Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, acordase incorporar a moción á orde do día.

Explicación de voto do concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez:

Quero deixar claro o noso voto en contra da urxencia, é que aquí estase incumprindo o regulamento de maneira sistemática, o Bloque Nacionalista Galego que só temos unha moción ao mes, coidámonos moito de presentar mocións urxentes cando son urxentes realmente, a urxencia non pode vir derivada en

función de que sexa actual porque saía nos medios de comunicación, terá que ser urxente se efectivamente necesita a obriga dunha actuación inmediata, aquí estase saltando o regulamento. Ademais, o que non é normal é que o Partido Popular e o Partido Socialista que teñen tres mocións por Pleno, sexan quen fan uso indebido do que é as moción urxentes.

Esta moción non é unha moción urxente, e iso é a primeira cousa que quero clarexar.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 28.07.2014 (Rex. Nº 940/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

### **5.1(124).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVO Á RETIRADA DA PÁXINA WEB INFORMACIÓN DA ESCULTURA DOS AROS OLÍMPICOS.**

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: É que retiren, por favor, da páxina web a fotografía e as indicacións e así como a lenda da escultura dos aros olímpicos situada no entorno de Balaídos porque estamos facendo o ridículo como concello.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

## **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**6.1(125).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO Á CELEBRACIÓN DUN PLENO EXTRAORDINARIO.**

SRA. VELOSO RÍOS: Temos unha pregunta, que nesta ocasión xa non presentamos por escrito previamente porque facíámolo para que se contestase segundo o Regulamento, pero non nos contestan nin así, entón xa nos aforramos o traballo.

A pregunta é sobre a proposta que fixo o Bloque Nacionalista Galego en Xunta de Voceiros de realización dun Pleno extraordinario para a contratación con carácter de urxencia de dez traballadores e dez educadores sociais, si o Goberno e o Alcalde neste caso ten pensado atender esta demanda que presentou o colectivo IMÁN e trasladou tamén o Bloque Nacionalista Galego, ou non, e se ten pensado contratar ou non traballadores sociais e educadores sociais para reforzar os Servizos Sociais deste Concello.

PRESIDENCIA: Son catro preguntas e contestaremos por escrito.

**6.2(126).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVO Á NOVA SITUACIÓN DA ESCULTURA DOS AROS OLÍMPICOS.**

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: A pregunta que podíaa facer perfectamente o meu compañeiro o Sr. Relova Quinteiro, tal e como manifestamos o outro día en rolda de prensa é preguntarlle ao Goberno da cidade que teñen previsto para recuperar a escultura dos aros olímpicos do escultor o Sr. Xurxo Vázquez, como dicía antes, situada anteriormente no entorno do Estadio de Balaídos, e na actualidade abandonada a súa sorte no parque central de servizos xerais de Santa Cristina.

PRESIDENCIA: Colocarase nun lugar prominente, significativo aos efectos da súa visión da cidade de Vigo.

PRESIDENCIA: Non habendo máis preguntas, levántase a sesión. Felices vacacións aos que teñan a fortuna de telas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e tres minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.